


ESTATUTO DE AUTONOMÍA  
DE CATALUÑA 2006



**Generalitat de Catalunya**

O estatuto de 2006 é unha obra colectiva.  
Demostramos, unha vez máis, que Cataluña é forte  
cando os cataláns expresamos libremente a nosa vontade.  
Escribimos unha gran páxina da nosa propia historia.

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Pasqual Maragall', with a stylized, cursive script.

PASQUAL MARAGALL  
Presidente da Generalitat de Catalunya

## ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE CATALUÑA

### PREÁMBULO

Cataluña foi construíndose ao longo do tempo coas achegas de enerxías de moitas xeracións, de moitas tradicións e culturas, que atoparon nela unha terra de acollida.

O pobo de Cataluña mantivo ao longo dos séculos unha vocación constante de autogoberno, encarnada en institucións propias como a Generalitat —que foi creada en 1359 nas Cortes de Cervera— e nun ordenamento xurídico específico recollido, entre outras recompilacións de normas, nas *Constitucions i altres drets de Catalunya*. Despois de 1714, foron varios os intentos de recuperación das institucións de autogoberno. Neste itinerario histórico constitúen fitos destacados, entre outros, a mancomunidade de 1914, a recuperación da Generalitat co estatuto de 1932, o seu restablecemento en 1977 e o estatuto de 1979, nacido coa democracia, a Constitución de 1978 e o Estado das autonomías.

A liberdade colectiva de Cataluña atopa nas institucións da Generalitat o nexa cunha historia de afirmación e respecto dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas da persoa e dos pobos, historia que os homes e as mulleres de Cataluña queren proseguir, co fin de facer posible a construción dunha sociedade democrática e avanzada, de benestar e progreso, solidaria co conxunto de España e incardinada en Europa.

O pobo catalán segue proclamando hoxe como valores superiores da súa vida colectiva a liberdade, a xustiza e a igualdade e manifesta a súa vontade de avanzar por unha vía de progreso que asegure unha calidade de vida digna para todos os que viven e traballan en Cataluña.

Os poderes públicos están ao servizo do interese xeral e dos dereitos da cidadanía, con respecto ao principio de subsidiariedade.

É por todo iso que, seguindo o espírito do preámbulo do estatuto de 1979, este estatuto asume que:

- Cataluña é un país rico en territorios e xentes, unha diversidade que a define e a enriquece dende hai séculos e que a fortalece para os tempos vindeiros.
- Cataluña é unha comunidade de persoas libres para persoas libres, onde cada un pode vivir e expresar identidades diversas, cun decidido compromiso comunitario baseado no respecto á dignidade de todas e cada unha das persoas.
- A achega de todos os cidadáns e cidadás configurou unha sociedade integradora, co esforzo como valor e con capacidade innovadora e emprendedora, valores que seguen impulsando o seu progreso.
- O autogoberno de Cataluña fundaméntase na Constitución, así como nos dereitos históricos do pobo catalán que, no marco daquela, dan orixe neste estatuto ao recoñecemento dunha posición singular da Generalitat. Cataluña quere desenvolver a súa personalidade política no marco dun Estado que recoñece e respecta a diversidade de identidades dos pobos de España.
- A tradición cívica e asociativa de Cataluña subliñou sempre a importancia da lingua e da cultura catalás, dos dereitos e dos deberes, do saber, da formación, da cohesión social, do desenvolvemento sostible e da igualdade de dereitos, hoxe, en especial da igualdade entre mulleres e homes.
- Cataluña, a través do Estado, participa na construción do proxecto político da Unión Europea, cuxos valores e obxectivos comparte.
- Cataluña, dende a súa tradición humanista, afirma o seu compromiso con todos os pobos para construír unha orde mundial pacífica e xusta.

O Parlamento de Cataluña, recollendo o sentimento e a vontade da cidadanía de Cataluña, definiu de forma amplamente maioritaria Cataluña como nación. A Constitución española, no seu artigo segundo, recoñece a realidade nacional de Cataluña como nacionalidade.

En exercicio do dereito inalienable de Cataluña ao autogoberno, os parlamentarios cataláns propoñen, a Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados acorda, as Cortes Xerais aproban e o pobo de Cataluña ratifica este estatuto.

# TÍTULO PRELIMINAR

## ARTIGO 1. **Cataluña**

Cataluña, como nacionalidade, exerce o seu autogoberno constituída en comunidade autónoma, de acordo coa Constitución e con este estatuto, que é a súa norma institucional básica.

## ARTIGO 2. **A Generalitat**

1. A Generalitat é o sistema institucional no que se organiza politicamente o autogoberno de Cataluña.
2. A Generalitat está integrada polo Parlamento, a Presidencia da Generalitat, o Goberno e as demais institucións que establece o capítulo V, do título II.
3. Os municipios, as veguerías, as comarcas e os demais entes locais que as leis determinen tamén integran o sistema institucional da Generalitat, como entes nos que esta se organiza territorialmente, sen prexuízo da súa autonomía.
4. Os poderes da Generalitat emanan do pobo de Cataluña e exércense de acordo co establecido neste estatuto e na Constitución.

**ARTIGO 3. Marco político**

1. As relacións da Generalitat co Estado fundaméntanse no principio da lealdade institucional mutua e réxense polo principio xeral, segundo o cal a Generalitat é Estado, polo principio de autonomía, polo de bilateralidade e tamén polo de multilateralidade.
2. Cataluña ten no Estado español e na Unión Europea o seu espazo político e xeográfico de referencia e incorpora os valores, os principios e as obrigas que derivan do feito de formar parte destes.

**ARTIGO 4. Dereitos e principios reitores**

1. Os poderes públicos de Cataluña deben promover o pleno exercicio das liberdades e dos dereitos que recoñecen este estatuto, a Constitución, a Unión Europea, a Declaración Universal de Dereitos Humanos, o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e os demais tratados e convenios internacionais subscritos por España que recoñecen e garanten os dereitos e as liberdades fundamentais.
2. Os poderes públicos de Cataluña deben promover as condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos sexan reais e efectivas; deben facilitar a participación de todas as persoas na vida política, económica, cultural e social e deben recoñecer o dereito dos pobos a conservar e desenvolver a súa identidade.
3. Os poderes públicos de Cataluña deben promover os valores da liberdade, a democracia, a igualdade, o pluralismo, a paz, a xustiza, a solidariedade, a cohesión social, a equidade de xénero e o desenvolvemento sostible.

**ARTIGO 5. Os dereitos históricos**

O autogoberno de Cataluña fundaméntase tamén nos dereitos históricos do pobo catalán, nas súas institucións seculares e na tradición xurídica catalá que este estatuto incorpora e actualiza, ao abeiro do artigo 2, a disposición transitoria segunda e outros preceptos da Constitución, dos que deriva o recoñecemento dunha posición singular da Generalitat en relación co dereito civil, a lingua, a cultura, a proxección destas no ámbito educativo e o sistema institucional no que se organiza a Generalitat.

**ARTIGO 6. A lingua propia e as linguas oficiais**

1. A lingua propia de Cataluña é a catalá. Como tal, o catalán é a lingua de uso normal e preferente das administracións públicas e dos medios de comunicación públicos de Cataluña e é tamén a lingua normalmente utilizada como vehicular e de aprendizaxe no ensino.
2. O catalán é a lingua oficial de Cataluña. Tamén o é o castelán, que é a lingua oficial do Estado español. Todas as persoas teñen dereito a utilizar as dúas linguas oficiais e os cidadáns de Cataluña o dereito e o deber de coñecelas. Os poderes públicos de Cataluña deben establecer as medidas necesarias para facilitar o exercicio destes dereitos e o cumprimento deste deber. De acordo co disposto no artigo 32, non pode haber discriminación polo uso dunha ou outra lingua.
3. A Generalitat e o Estado deben emprender as accións necesarias para o recoñecemento da oficialidade do catalán na Unión Europea e a presenza e a utilización do catalán nos organismos internacionais e nos tratados internacionais de contido cultural ou lingüístico.
4. A Generalitat debe promover a comunicación e a cooperación coas demais comunidades e os demais territorios que comparten patrimonio lingüístico con Cataluña. Para tales efectos, a Generalitat e o Estado, segundo proceda, poden subscribir convenios, tratados e outros mecanismos de colaboración para a promoción e a difusión exterior do catalán.
5. A lingua occitana, denominada *aranés* en Arán, é a lingua propia deste territorio e é oficial en Cataluña, de acordo co establecido neste estatuto e nas leis de normalización lingüística.

**ARTIGO 7. A condición política de cataláns**

1. Gozan da condición política de cataláns ou cidadáns de Cataluña os cidadáns españois que teñen veciñanza administrativa en Cataluña. Os seus dereitos políticos exércense de acordo con este estatuto e coas leis.
2. Gozan, como cataláns, dos dereitos políticos definidos por este estatuto os españois residentes no estranxeiro que tiveron en Cataluña a última veciñanza administrativa, así como os seus descendentes que manteñen esta cidadanía, se así o solicitan na forma que determine a lei.

**ARTIGO 8. Símbolos de Cataluña**

1. Cataluña, definida como nacionalidade no artigo primeiro, ten como símbolos nacionais a bandeira, a festa e o himno.
2. A bandeira de Cataluña é a tradicional de catro barras vermellas en fondo amarelo e debe estar presente nos edificios públicos e nos actos oficiais que teñan lugar en Cataluña.
3. A festa de Cataluña é o día once de setembro.
4. O himno de Cataluña é *Els segadors*.
5. O Parlamento debe regular as distintas expresións do marco simbólico de Cataluña e debe fixar a súa orde protocolaria.
6. A protección xurídica dos símbolos de Cataluña é a que corresponde aos demais símbolos do Estado.

**ARTIGO 9. O territorio**

O territorio de Cataluña é o que corresponde aos límites xeográficos e administrativos da Generalitat, no momento da entrada en vigor deste estatuto.

**ARTIGO 10. A capital**

A capital de Cataluña é a cidade de Barcelona, que é a sede permanente do Parlamento, da Presidencia da Generalitat e do Goberno, sen prexuízo de que o Parlamento e o Goberno poidan reunirse noutros lugares de Cataluña, de acordo co que establecen, respectivamente, o Regulamento do Parlamento e a lei.

**ARTIGO 11. Arán**

1. O pobo aranés exerce o autogoberno mediante este estatuto, o Conselh Generau de Arán e as demais institucións propias.
2. Os cidadáns de Cataluña e as súas institucións políticas recoñecen Arán como unha realidade occitana, dotada de identidade cultural, histórica, xeográfica e lingüística, defendida polos araneses ao longo dos séculos. Este estatuto recoñece, ampara e respecta esta singulari-

dade e recoñece Arán como entidade territorial singular dentro de Cataluña, a cal é obxecto dunha particular protección por medio dun réxime xurídico especial.

**ARTIGO 12. Os territorios con vínculos históricos, lingüísticos e culturais con Cataluña**

A Generalitat debe promover a comunicación, o intercambio cultural e a cooperación coas comunidades e os territorios, pertencentes ou non ao Estado español, que teñen vínculos históricos, lingüísticos e culturais con Cataluña. Para tales efectos, a Generalitat e o Estado, segundo proceda, poden subscribir convenios, tratados e outros instrumentos de colaboración en todos os ámbitos, que poden incluír a creación de organismos comúns.

**ARTIGO 13. As comunidades catalás no exterior**

A Generalitat, nos termos establecidos pola lei, debe fomentar os vínculos sociais, económicos e culturais coas comunidades catalás no exterior e debe prestarlles a asistencia necesaria. Para tal fin, a Generalitat, segundo proceda, pode formalizar acordos de cooperación coas institucións públicas e privadas dos territorios e dos países onde se atopan as comunidades catalás no exterior e pode solicitarlle ao Estado a subscripción de tratados internacionais sobre esta materia.

**ARTIGO 14. Eficacia territorial das normas**

1. As normas e disposicións da Generalitat e o dereito civil de Cataluña teñen eficacia territorial, sen prexuízo das excepcións que poidan establecerse en cada materia e das situacións que deban rexerse polo estatuto persoal ou outras normas de extraterritorialidade.
2. Os estranxeiros que adquiren a nacionalidade española quedan sometidos ao dereito civil catalán mentres manteñan a veciñanza administrativa en Cataluña, agás que manifesten a súa vontade en contra.

TÍTULO I  
DEREITOS, DEBERES  
E PRINCIPIOS REITORES

CAPÍTULO I  
DEREITOS E DEBERES DO ÁMBITO CIVIL  
E SOCIAL

ARTIGO 15. **Dereitos das persoas**

1. Os cidadáns de Cataluña son titulares dos dereitos e deberes recoñecidos polas normas ás que se refire o artigo 4.1.
2. Todas as persoas teñen dereito a vivir con dignidade, seguridade e autonomía, libres de explotación, de malos tratos e de todo tipo de discriminación e teñen dereito ao libre desenvolvemento da súa personalidade e capacidade persoal.
3. Os dereitos que este estatuto lles recoñece aos cidadáns de Cataluña poden estenderse a outras persoas, nos termos que establecen as leis.

ARTIGO 16. **Dereitos no ámbito das familias**

Todas as persoas teñen dereito, de acordo cos requisitos establecidos pola lei, a recibir prestacións sociais e axudas públicas para atender as cargas familiares.



**ARTIGO 17. Dereitos dos menores**

Os menores teñen dereito a recibir a atención integral necesaria para o desenvolvemento da súa personalidade e o seu benestar no contexto familiar e social.

**ARTIGO 18. Dereitos das persoas maiores**

As persoas maiores teñen dereito a vivir con dignidade, libres de explotación e de malos tratos, sen que poidan ser discriminadas debido á súa idade.

**ARTIGO 19. Dereitos das mulleres**

1. Todas as mulleres teñen dereito ao libre desenvolvemento da súa personalidade e capacidade persoal e a vivir con dignidade, seguridade e autonomía, libres de explotación, malos tratos e de todo tipo de discriminación.

2. As mulleres teñen dereito a participar en condicións de igualdade de oportunidades cos homes en todos os ámbitos públicos e privados.

**ARTIGO 20. Dereito a vivir con dignidade o proceso da morte**

1. Todas as persoas teñen dereito a recibir un axeitado tratamento da dor e coidados paliativos integrais e a vivir con dignidade o proceso da súa morte.

2. Todas as persoas teñen dereito a expresar a súa vontade de forma anticipada para deixar constancia das instrucións sobre as intervencións e os tratamentos médicos que poidan recibir, que deben ser respectadas nos termos que establecen as leis, especialmente polo persoal sanitario cando non estean en condicións de expresar persoalmente a súa vontade.

**ARTIGO 21. Dereitos e deberes no ámbito da educación**

1. Todas as persoas teñen dereito a unha educación de calidade e a acceder a esta en condicións de igualdade. A Generalitat debe establecer un modelo educativo de interese público que garanta estes dereitos.

2. As nais e os pais teñen garantido, de acordo cos principios establecidos polo artigo 37.4, o dereito que os asiste para que os seus fillos e fillas reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións nas escolas de titularidade pública nas que o ensino é laico.

3. Os centros docentes privados poden ser sostidos con fondos públicos, de acordo co que determinen as leis, para garantir os dereitos de acceso en condicións de igualdade e á calidade do ensino.

4. O ensino é gratuíto en todas as etapas obrigatorias e nos demais niveis que se establezan por lei.

5. Todas as persoas teñen dereito á formación profesional e á formación permanente, nos termos establecidos polas leis.

6. Todas as persoas teñen dereito a dispoñer, nos termos e condicións que establezan as leis, de axudas públicas para satisfacer os requirimentos educativos e para acceder en igualdade de condicións aos niveis educativos superiores, en función dos seus recursos económicos, aptitudes e preferencias.

7. As persoas con necesidades educativas especiais teñen dereito a recibir o apoio necesario que lles permita acceder ao sistema educativo, de acordo co establecido polas leis.

8. Os membros da comunidade educativa teñen dereito a participar nos asuntos escolares e universitarios nos termos establecidos polas leis.

**ARTIGO 22. Dereitos e deberes no ámbito cultural**

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder en condicións de igualdade á cultura e ao desenvolvemento das súas capacidades creativas individuais e colectivas.

2. Todas as persoas teñen o deber de respectar e preservar o patrimonio cultural.

**ARTIGO 23. Dereitos no ámbito da saúde**

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder en condicións de igualdade

e gratuidade aos servizos sanitarios de responsabilidade pública, nos termos que se establecen por lei.

2. Os usuarios da sanidade pública teñen dereito ao respecto das súas preferencias no que concirne á elección de médico ou médica e de centro sanitario, nos termos e nas condicións que establecen as leis.

3. Todas as persoas, con relación aos servizos sanitarios públicos e privados, teñen dereito a ser informadas sobre os servizos aos que poden acceder e os requisitos necesarios para o seu uso; sobre os tratamentos médicos e os seus riscos, antes de que lles sexan aplicados; a dar o consentimento para calquera intervención; a acceder á historia clínica propia e á confidencialidade dos datos relativos á saúde propia, nos termos que se establecen por lei.

#### ARTIGO 24. Dereitos no ámbito dos servizos sociais

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder en condicións de igualdade ás prestacións da rede de servizos sociais de responsabilidade pública, a ser informadas sobre estas prestacións e a dar o consentimento para calquera actuación que lles afecte persoalmente, nos termos que establecen as leis.

2. As persoas con necesidades especiais, para manter a autonomía persoal nas actividades da vida cotiá, teñen dereito a recibir a atención axeitada á súa situación, de acordo coas condicións que legalmente se establecen.

3. As persoas ou as familias que se atopan en situación de pobreza teñen dereito a acceder a unha renda garantida de cidadanía que lles asegure os mínimos dunha vida digna, de acordo coas condicións que legalmente se establecen.

4. As organizacións do terceiro sector social teñen dereito a exercer as súas funcións nos ámbitos da participación e da colaboración sociais.

#### ARTIGO 25. Dereitos no ámbito laboral

1. Os traballadores teñen dereito a formarse e a promoverse profesionalmente e a acceder de forma gratuíta aos servizos públicos de ocupación.

2. As persoas excluídas do mercado de traballo porque non puideron acceder ou reinserirse a este e non dispoñen de medios de subsistencia propios teñen dereito a percibir prestacións e recursos non contributivos de carácter paliativo, nos termos establecidos por lei.

3. Todos os traballadores teñen dereito a exercer as tarefas laborais e profesionais en condicións de garantía para a saúde, a seguridade e a dignidade das persoas.

4. Os traballadores, ou os seus representantes, teñen dereito á información, a consulta e a participación nas empresas.

5. As organizacións sindicais e empresariais teñen dereito a exercer as súas funcións nos ámbitos da concertación social, a participación e a colaboración social.

#### ARTIGO 26. Dereitos no ámbito da vivenda

As persoas que non dispoñen dos recursos suficientes teñen dereito a acceder a unha vivenda digna, para o cal os poderes públicos deben establecer por lei un sistema de medidas que garanta este dereito, coas condicións que a lei determine.

#### ARTIGO 27. Dereitos e deberes con relación ao medio natural

1. Todas as persoas teñen dereito a vivir nun medio equilibrado, sostible e respectuoso cara á saúde, de acordo cos estándares e os niveis de protección que determinan as leis. Teñen tamén dereito a gozar dos recursos naturais e da paisaxe en condicións de igualdade e teñen deber de facer un uso responsable destes e evitar a súa dilapidación.

2. Todas as persoas teñen dereito á protección ante as distintas formas de contaminación, de acordo cos estándares e cos niveis que se determinen por lei. Teñen tamén o deber de colaborar na conservación do patrimonio natural e nas actuacións que tendan a eliminar as diferentes formas de contaminación, co obxectivo do seu mantemento e conservación para as xeracións futuras.

3. Todas as persoas teñen dereito a acceder á información ambiental da que dispoñen os poderes públicos. O dereito de información só pode ser limitado por motivos de orde pública xustificadas, nos termos que establecen as leis.

#### ARTIGO 28. Dereitos dos consumidores e usuarios

1. As persoas, na súa condición de consumidoras e usuarias de bens e de servizos, teñen dereito á protección da súa saúde e seguridade. Teñen tamén dereito a unha información veraz e comprensible sobre as características e os prezos dos produtos e dos servizos, a un réxime de garantías dos produtos adquiridos e das subministracións contratadas e á protección dos seus intereses económicos ante condutas abusivas negligentes ou fraudulentas.

2. Os consumidores e usuarios teñen dereito a ser informados e a participar, directamente ou mediante os seus representantes, no que se refire ás administracións públicas de Cataluña, nos termos que establecen as leis.

### CAPÍTULO II

## DOS DEREITOS NO ÁMBITO POLÍTICO E DA ADMINISTRACIÓN

#### ARTIGO 29. Dereito de participación

1. Os cidadáns de Cataluña teñen dereito a participar en condicións de igualdade nos asuntos públicos de Cataluña, de forma directa ou ben a través de representantes, nos supostos e nos termos que establecen este estatuto e as leis.

2. Os cidadáns de Cataluña teñen dereito a escoller os seus representantes nos órganos políticos representativos e a presentarse como candidatos, de acordo coas condicións e cos requisitos que establecen as leis.

3. Os cidadáns de Cataluña teñen dereito a promover e a lle presentar iniciativas lexislativas ao Parlamento, nos termos que establecen este estatuto e as leis.

4. Os cidadáns de Cataluña teñen dereito a participar, directamente ou a través de entidades asociativas, no proceso de elaboración das leis do Parlamento, mediante os procedementos que estableza o Regulamento do Parlamento.

5. Todas as persoas teñen dereito a dirixir peticións e a formular queixas, na forma e cos efectos que establecen as leis, ás institucións e á Administración da Generalitat, así como aos entes locais de Cataluña, en materias das respectivas competencias. A lei debe establecer as condicións de exercicio e os efectos deste dereito e as obrigas das institucións receptoras.

6. Os cidadáns de Cataluña teñen dereito a promover a convocatoria de consultas populares por parte da Generalitat e dos concellos, en materia das competencias respectivas, na forma e nas condicións que as leis establecen.

#### ARTIGO 30. Dereitos de acceso aos servizos públicos e a unha boa Administración

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder en condicións de igualdade aos servizos públicos e aos servizos económicos de interese xeral. As administracións públicas deben fixar as condicións de acceso e os estándares de calidade destes servizos, con independencia do réxime da súa prestación.

2. Todas as persoas teñen dereito a ser tratadas polos poderes públicos de Cataluña, nos asuntos que lles afectan, de forma imparcial e obxectiva, e a que a actuación dos poderes públicos sexa proporcionada ás finalidades que a xustifican.

3. As leis deben regular as condicións de exercicio e as garantías dos dereitos aos que se refiren os puntos 1 e 2 e determinar os casos nos que as administracións públicas de Cataluña e os servizos públicos que dela dependen deben adoptar unha carta de dereitos dos usuarios e de obrigas dos prestadores.

#### ARTIGO 31. Dereito á protección dos datos persoais

Todas as persoas teñen dereito á protección dos datos persoais contidos nos ficheiros que son competencia da Generalitat e o dereito a ac-

ceder a estes, ao seu exame e a obter a súa corrección. Unha autoridade independente, designada polo Parlamento, debe velar polo respecto destes dereitos nos termos que establecen as leis.

### CAPÍTULO III

## DEREITOS E DEBERES LINGÜÍSTICOS

### ARTIGO 32. Dereitos e deberes de coñecemento e uso das linguas

Todas as persoas teñen dereito a non ser discriminadas por razóns lingüísticas. Os actos xurídicos realizados en calquera das dúas linguas oficiais teñen, en canto á lingua, plena validez e eficacia.

### ARTIGO 33. Dereitos lingüísticos ante as administracións públicas e as institucións estatais

1. Os cidadáns teñen o dereito de opción lingüística. Nas relacións coas institucións, as organizacións e as administracións públicas en Cataluña, todas as persoas teñen dereito a utilizar a lingua oficial que escollan. Este dereito obriga as institucións, organizacións e administracións públicas, incluída a Administración electoral en Cataluña e, en xeral, as entidades privadas que dependen destas cando exercen funcións públicas.

2. Todas as persoas, nas relacións coa Administración de xustiza, o Ministerio Fiscal, o notariado e os rexistros públicos teñen dereito a utilizar a lingua oficial que escollan en todas as actuacións xudiciais, notariais e rexistrais e a recibir toda a documentación oficial emitida en Cataluña na lingua solicitada, sen que poidan sufrir indefensión, nin dilacións indebidas debido á lingua utilizada, nin se lles poida esixir ningún tipo de tradución.

3. Para garantir o dereito de opción lingüística, os xuíces e os maxistrados, os fiscais, os notarios, os rexistradores da propiedade e mercantís, os encargados do Rexistro Civil e o persoal ao servizo da Administración de xustiza, para prestar os seus servizos en Cataluña, deben acreditar, na forma establecida nas leis, que teñen un nivel de coñecemento axeitado e suficiente das linguas oficiais, que os fai ap-

tos para exercer as funcións propias do seu cargo ou o seu posto de traballo.

4. Para garantir o dereito de opción lingüística, a Administración do Estado situada en Cataluña debe acreditar que o persoal ao seu servizo ten un nivel de coñecemento axeitado e suficiente das dúas linguas oficiais, que o fai apto para exercer as funcións propias do seu posto de traballo.

5. Os cidadáns de Cataluña teñen o dereito a relacionarse por escrito en catalán cos órganos constitucionais e cos órganos xurisdicionais de ámbito estatal, de acordo co procedemento establecido pola lexislación correspondente. Estas institucións deben atender e tramitar os escritos presentados en catalán que terán, en todo caso, plena eficacia xurídica.

### ARTIGO 34. Dereitos lingüísticos dos consumidores e usuarios

Todas as persoas teñen dereito a ser atendidas oralmente e por escrito na lingua oficial que escollan na súa condición de usuarias ou consumidoras de bens, produtos e servizos. As entidades, as empresas e os establecementos abertos ao público en Cataluña quedan suxeitos ao deber de dispoñibilidade lingüística, nos termos establecidos por lei.

### ARTIGO 35. Dereitos lingüísticos no ámbito do ensino

1. Todas as persoas teñen dereito a recibir o ensino en catalán, de acordo co establecido por este estatuto. O catalán debe utilizarse normalmente como lingua vehicular e de aprendizaxe no ensino universitario e no non universitario.

2. Os alumnos teñen dereito a recibir o ensino en catalán no ensino non universitario. Teñen tamén o dereito e o deber de coñecer con suficiencia oral e escrita o catalán e o castelán ao finalizar o ensino obrigatorio, sexa cal sexa a súa lingua habitual ao incorporarse ao ensino. O ensino do catalán e do castelán debe ter unha presenza axeitada nos plans de estudos.

3. Os alumnos teñen dereito a non ser separados en centros nin en grupos de clase distintos por razón da súa lingua habitual.

4. Os alumnos que se incorporen máis tarde da idade correspondente ao sistema escolar de Cataluña gozan do dereito a recibir un apoio lingüístico especial, se a falta de comprensión lles dificulta seguir con normalidade o ensino.

5. O profesorado e o alumnado dos centros universitarios teñen dereito a expresarse, oralmente e por escrito, na lingua oficial que escollan.

#### ARTIGO 36. Dereitos con relación ao aranés

1. En Arán todas as persoas teñen o dereito a coñecer e a utilizar o aranés e a ser atendidas oralmente e por escrito en aranés nas súas relacións coas administracións públicas e coas entidades públicas e privadas que dependen destas.

2. Os cidadáns de Arán teñen o dereito a utilizar o aranés nas súas relacións coa Generalitat.

3. Deben determinarse por lei os demais dereitos e deberes lingüísticos con relación ao aranés.

#### CAPÍTULO IV

### GARANTÍAS DOS DEREITOS ESTATUTARIOS

#### ARTIGO 37. Disposicións xerais

1. Os dereitos recoñecidos polos capítulos I, II e III deste título vinculan todos os poderes públicos de Cataluña e, de acordo coa natureza de cada dereito, os particulares. As disposicións ditadas polos poderes públicos de Cataluña deben respectar estes dereitos e deben interpretarse e aplicarse no sentido máis favorable para a súa plena efectividade.

Os dereitos recoñecidos nos artigos 32 e 33 vinculan tamén a Administración xeral do Estado en Cataluña.

2. O Parlamento debe aprobar por lei a Carta dos Dereitos e Deberes dos Cidadáns de Cataluña. As disposicións deste artigo relativas aos dereitos recoñecidos polos capítulos I, II e III deste título aplícanse tamén aos dereitos recoñecidos pola devandita carta.

3. A regulación esencial e o desenvolvemento directo dos dereitos recoñecidos polos capítulos I, II e III deste título deben realizarse por lei do Parlamento.

4. Os dereitos e principios deste título non suporán unha alteración do réxime de distribución de competencias, nin a creación de títulos competenciais novos ou a modificación dos xa existentes. Ningunha das disposicións deste título pode ser desenvolvida, aplicada ou interpretada de forma que reduza ou limite os dereitos fundamentais recoñecidos pola Constitución e polos tratados e convenios internacionais ratificados por España.

#### ARTIGO 38. Tutela

1. Os dereitos recoñecidos polos capítulos I, II e III deste título e pola Carta dos Dereitos e Deberes dos Cidadáns de Cataluña son tutelados polo Consello de Garantías Estatutarias, de acordo co establecido polo artigo 76.2.b e c.

2. Os actos que vulneren os dereitos recoñecidos polos capítulos I, II e III deste título e pola Carta dos Dereitos e Deberes dos Cidadáns de Cataluña serán obxecto de recurso ante o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, de acordo cos procedementos establecidos nas leis.

#### CAPÍTULO V

### PRINCIPIOS REITORES

#### ARTIGO 39. Disposicións xerais

1. Os poderes públicos de Cataluña deben orientar as políticas públicas, de acordo cos principios reitores que establecen a Constitución e este estatuto. No exercicio das súas competencias, os poderes públicos de Cataluña deben promover e adoptar as medidas necesarias para garantir a súa plena eficacia.

2. O recoñecemento, o respecto e a protección dos principios reitores informan a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos.

3. Os principios reitores son esixibles ante a xurisdición, de acordo co que determinan as leis e as demais disposicións que os desenvolven.

#### ARTIGO 40. **Protección das persoas e das familias**

1. Os poderes públicos deben ter como obxectivo a mellora da calidade de vida de todas as persoas.
2. Os poderes públicos deben garantir a protección xurídica, económica e social das distintas modalidades de familia previstas nas leis, como estrutura básica e factor de cohesión social e como primeiro núcleo de convivencia das persoas. Así mesmo, deben promover as medidas económicas e normativas de apoio ás familias, dirixidas a garantir a conciliación da vida laboral e familiar e a ter descendencia, con especial atención ás familias numerosas.
3. Os poderes públicos deben garantir a protección dos nenos, especialmente contra toda forma de explotación, abandono, malos tratos ou crueldade e da pobreza e os seus efectos. En todas as actuacións levadas a cabo polos poderes públicos ou por institucións privadas, o interese superior do neno debe ser prioritario.
4. Os poderes públicos deben promover políticas públicas que favorezan a emancipación dos mozos, facilitándolles o acceso ao mundo laboral e á vivenda para que poidan desenvolver o seu propio proxecto de vida e participar en igualdade de dereitos e deberes na vida social e cultural.
5. Os poderes públicos deben garantir a protección xurídica das persoas con minusvalías e deben promover a súa integración social, económica e laboral. Tamén deben adoptar as medidas necesarias para suplir ou complementar o apoio do seu ámbito familiar directo.
6. Os poderes públicos deben garantir a protección das persoas maiores para que poidan levar unha vida digna e independente e participar na vida social e cultural. Tamén deben procurar a plena integración das persoas maiores na sociedade, mediante políticas públicas baseadas no principio de solidariedade interxeracional.
7. Os poderes públicos deben promover a igualdade das distintas unións estables de parella, tendo en conta as súas características, con

independencia da orientación sexual dos seus membros. A lei debe regular as devanditas unións e outras formas de convivencia e os seus efectos.

8. Os poderes públicos deben promover a igualdade de todas as persoas con independencia da súa orixe, nacionalidade, sexo, raza, relixión, condición social ou orientación sexual, así como promover a erradicación do racismo, do antisemitismo, da xenofobia, da homofobia e de calquera outra expresión que atente contra a igualdade e a dignidade das persoas.

#### ARTIGO 41. **Perspectiva de xénero**

1. Os poderes públicos deben garantir o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso á ocupación, a formación, a promoción profesional, as condicións de traballo, incluída a retribución, e en todas as demais situacións, así como garantir que as mulleres non sexan discriminadas por causa de embarazo ou maternidade.
2. Os poderes públicos deben garantir a transversalidade na incorporación da perspectiva de xénero e das mulleres en todas as políticas públicas para conseguir a igualdade real e efectiva e a paridade entre mulleres e homes.
3. As políticas públicas deben garantir que se lles faga fronte de modo integral a todas as formas de violencia contra as mulleres e aos actos de carácter sexista e discriminatorio; deben fomentar o recoñecemento do papel das mulleres nos ámbitos cultural, histórico, social e económico e deben promover a participación dos grupos e das asociacións de mulleres na elaboración e avaliación das devanditas políticas.
4. Os poderes públicos deben recoñecer e ter en conta o valor económico do traballo de coidado e atención no ámbito doméstico e familiar, na fixación das súas políticas económicas e sociais.
5. Os poderes públicos, no ámbito das súas competencias e nos supostos previstos na lei, deben velar para que a libre decisión da muller sexa determinante en todos os casos que poidan afectar a súa dignidade, integridade e benestar físico e mental, en particular no que concirne ao propio corpo e á súa saúde reprodutiva e sexual.



**ARTIGO 42. A cohesión e o benestar sociais**

1. Os poderes públicos deben promover políticas públicas que fomenten a cohesión social e que garantan un sistema de servizos sociais, de titularidade pública e concertada, axeitado aos indicadores económicos e sociais de Cataluña.
2. Os poderes públicos deben velar pola plena integración social, económica e laboral das persoas e dos colectivos máis necesitados de protección, especialmente dos que se atopan en situación de pobreza e risco de exclusión social.
3. Os poderes públicos deben velar pola dignidade, a seguridade e a protección integral das persoas, especialmente das máis vulnerables.
4. Os poderes públicos deben garantir a calidade do servizo e a gratuidade da asistencia sanitaria pública nos termos que establece a lei.
5. Os poderes públicos deben promover políticas preventivas e comunitarias e deben garantir a calidade do servizo e a gratuidade dos servizos sociais que as leis determinan como básicos.
6. Os poderes públicos deben emprender as accións necesarias para establecer un réxime de acollida das persoas inmigradas e deben promover as políticas que garantan o recoñecemento e a efectividade dos dereitos e deberes das persoas inmigradas, a igualdade de oportunidades, as prestacións e as axudas que permitan a súa plena acomodación social e económica e a participación nos asuntos públicos.
7. Os poderes públicos deben velar pola convivencia social, cultural e relixiosa entre todas as persoas en Cataluña e polo respecto á diversidade de crenzas e conviccións éticas e filosóficas das persoas e deben fomentar as relacións interculturais mediante o impulso e a creación de ámbitos de coñecemento recíproco, diálogo e mediación. Tamén deben garantir o recoñecemento da cultura do pobo xitano como salvagarda da realidade histórica deste pobo.

**ARTIGO 43. Fomento da participación**

1. Os poderes públicos deben promover a participación social na elaboración, prestación e avaliación das políticas públicas, así como a

participación individual e asociativa nos ámbitos cívico, social, cultural, económico e político, con pleno respecto aos principios de pluralismo, libre iniciativa e autonomía.

2. Os poderes públicos deben facilitar a participación e a representación cidadá e políticas, con especial atención ás zonas menos poboadas do territorio.

3. Os poderes públicos deben procurar que as campañas institucionais que se organicen en ocasión dos procesos electorais teñan como finalidade a de promover a participación cidadá e que os electores reciban dos medios de comunicación unha información veraz, obxectiva, neutral e respectuosa do pluralismo político sobre as candidaturas que concorren nos procesos electorais.

**ARTIGO 44. Educación, investigación e cultura**

1. Os poderes públicos deben garantir a calidade do sistema de ensino e deben impulsar unha formación humana, científica e técnica do alumnado, baseada nos valores sociais de igualdade, solidariedade, liberdade, pluralismo, responsabilidade cívica e os outros que fundamentan a convivencia democrática.

2. Os poderes públicos deben promover o coñecemento suficiente dunha terceira lingua ao finalizar o ensino obrigatorio.

3. Os poderes públicos deben promover e impulsar a implicación e a participación da familia na educación dos fillos e fillas, no marco da comunidade educativa, e deben facilitar e promover o acceso ás actividades de educación no tempo libre.

4. Os poderes públicos deben fomentar a investigación e a investigación científica de calidade, a creatividade artística e a conservación e difusión do patrimonio cultural de Cataluña.

5. Os poderes públicos deben emprender as accións necesarias para lles facilitar a todas as persoas o acceso á cultura, aos bens e aos servizos culturais e ao patrimonio cultural, arqueolóxico, histórico, industrial e artístico de Cataluña.

#### ARTIGO 45. **Ámbito socioeconómico**

1. Os poderes públicos deben adoptar as medidas necesarias para promover o progreso económico e o progreso social de Cataluña e dos seus cidadáns, baseados nos principios da solidariedade, a cohesión, o desenvolvemento sostible e a igualdade de oportunidades.
2. Os poderes públicos deben promover unha distribución da renda persoal e territorial máis equitativa, no marco dun sistema catalán de benestar.
3. Os poderes públicos deben adoptar as medidas necesarias para garantir os dereitos laborais e sindicais dos traballadores, deben impulsar e deben promover a súa participación nas empresas e as políticas de ocupación plena, de fomento da estabilidade laboral, de formación das persoas traballadoras, de prevención de riscos laborais, de seguridade e hixiene no traballo, de creación dunhas condicións dignas no posto de traballo, de non discriminación por razón de xénero e de garantía do descanso necesario e vacacións retribuídas.
4. A Generalitat debe promover a creación dun espazo catalán de relacións laborais establecido en función da realidade produtiva e empresarial específica de Cataluña e dos seus axentes sociais, no cal deben estar representadas as organizacións sindicais e empresariais e a Administración da Generalitat. Neste marco, os poderes públicos deben fomentar unha práctica propia de diálogo social, de concertación, de negociación colectiva, de resolución extraxudicial de conflitos laborais e de participación no desenvolvemento e a mellora da trama produtiva.
5. A Generalitat debe favorecer o desenvolvemento da actividade empresarial e o espírito emprendedor, tendo en conta a responsabilidade social da empresa, a libre iniciativa e as condicións de competencia e debe protexer especialmente a economía produtiva, a actividade dos emprendedores autónomos e a da pequena e media empresas. A Generalitat debe fomentar a acción das cooperativas e das sociedades laborais e debe estimular as iniciativas da economía social.
6. As organizacións sindicais e empresariais deben participar na definición das políticas públicas que lles afecten. A Generalitat debe promover a mediación e a arbitrase para a resolución de conflitos de intereses entre os diversos axentes sociais.

7. As organizacións profesionais e as corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais e as entidades asociativas do terceiro sector deben ser consultadas na definición das políticas públicas que lles afecten.

8. A Generalitat, en consideración ás funcións social, cultural e de promoción económica que exercen as caixas de aforros, debe protexer a autonomía institucional e debe promover a contribución social das devanditas entidades ás estratexias económicas e sociais dos distintos territorios de Cataluña.

#### ARTIGO 46. **Medio natural, desenvolvemento sostible e equilibrio territorial**

1. Os poderes públicos deben velar pola protección do medio, mediante a adopción de políticas públicas baseadas no desenvolvemento sostible e na solidariedade colectiva e interxeracional.
2. As políticas ambientais deben dirixirse especialmente á redución das distintas formas de contaminación, a fixación de estándares e de niveis mínimos de protección, a articulación de medidas correctivas do impacto ambiental, a utilización racional dos recursos naturais, a prevención e o control da erosión e das actividades que alteran o réxime atmosférico e climático e o respecto aos principios de preservación do medio, a conservación dos recursos naturais, a responsabilidade, a fiscalidade ecolóxica e a reciclaxe e a reutilización dos bens e dos produtos.
3. Os poderes públicos deben facer efectivas as condicións para a preservación da natureza e a biodiversidade, deben promover a integración de obxectivos ambientais nas políticas sectoriais e deben establecer as condicións que lles permitan a todas as persoas o gozo do patrimonio natural e paisaxístico.
4. Os poderes públicos deben velar pola cohesión económica e territorial aplicando políticas que aseguren un tratamento especial das zonas de montaña, a protección da paisaxe, a defensa do litoral, o fomento das actividades agrarias, gandeiras e silvícolas e unha distribución equilibrada ao territorio dos distintos sectores produtivos, os servizos de interese xeral e as redes de comunicación.



5. Os poderes públicos deben facilitarlles aos cidadáns a información ambiental e deben fomentar a educación nos valores da preservación e da mellora do medio como patrimonio común.

#### ARTIGO 47. **Vivenda**

Os poderes públicos deben facilitar o acceso á vivenda mediante a xeración de solo e a promoción de vivenda pública e de vivenda protexida, con especial atención aos mozos e aos colectivos máis necesitados.

#### ARTIGO 48. **Mobilidade e seguridade viaria**

1. Os poderes públicos deben promover políticas de transporte e de comunicación, baseadas en criterios de sostibilidade, que fomenten a utilización do transporte público e a mellora da mobilidade, garantindo a accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida.

2. Os poderes públicos deben impulsar, de forma prioritaria, as medidas destinadas ao incremento da seguridade viaria e á diminución dos accidentes de tráfico, con especial incidencia na prevención, a educación viaria e a atención ás vítimas.

#### ARTIGO 49. **Protección dos consumidores e usuarios**

1. Os poderes públicos deben garantir a protección da saúde, a seguridade e a defensa dos dereitos e os intereses lexítimos dos consumidores e usuarios.

2. Os poderes públicos deben garantir a existencia de instrumentos de mediación e arbitraje en materia de consumo, promovendo o seu coñecemento e utilización, e deben apoiar as organizacións de consumidores e usuarios.

#### ARTIGO 50. **Fomento e difusión do catalán**

1. Os poderes públicos deben protexer o catalán en todos os ámbitos e sectores e deben fomentar o seu uso, difusión e coñecemento. Estes principios tamén deben aplicarse con respecto ao aranés.

2. O Goberno, as universidades e as institucións de ensino superior, no ámbito das competencias respectivas, deben adoptar as medidas pertinentes para garantir o uso do catalán en todos os ámbitos das actividades docentes, non docentes e de investigación.

3. As políticas de fomento do catalán deben estenderse ao conxunto do Estado, á Unión Europea e ao resto do mundo.

4. Os poderes públicos deben promover que os datos que figuren na etiquetaxe, na embalaxe e nas instrucións de uso dos produtos distribuídos en Cataluña consten tamén en catalán.

5. A Generalitat, a Administración local e as demais corporacións públicas de Cataluña, as institucións e as empresas que dependen destas e os concesionarios dos seus servizos deben utilizar o catalán nas súas actuacións internas e na relación entre eles. Tamén deben utilizalo nas comunicacións e nas notificacións dirixidas a persoas físicas ou xurídicas residentes en Cataluña, sen prexuízo do dereito dos cidadáns a recibilas en castelán se o piden.

6. Os poderes públicos deben garantir o uso da lingua de signos catalá e as condicións que permitan alcanzar a igualdade das persoas con xordeira que opten por esta lingua, que debe ser obxecto de ensino, protección e respecto.

7. O Estado, de acordo co que dispón a Constitución, debe apoiar a aplicación dos principios establecidos polo presente artigo. Deben establecerse os instrumentos de coordinación e, se procede, de actuación conxunta para que sexan máis efectivos.

#### ARTIGO 51. **Cooperación ao fomento da paz e cooperación ao desenvolvemento**

1. A Generalitat debe promover a cultura da paz e accións de fomento da paz no mundo.

2. A Generalitat debe promover accións e políticas de cooperación ao desenvolvemento dos pobos e debe establecer programas de axuda humanitaria de emerxencia.

**ARTIGO 52. Medios de comunicación social**

1. Correspóndelles aos poderes públicos promover as condicións para garantir o dereito á información e a recibir dos medios de comunicación unha información veraz e uns contidos que respecten a dignidade das persoas e o pluralismo político, social, cultural e relixioso. No caso dos medios de comunicación de titularidade pública, a información tamén debe ser neutral.
2. Os poderes públicos deben promover as condicións para garantir o acceso sen discriminacións aos servizos audiovisuais no ámbito de Cataluña.

**ARTIGO 53. Acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación**

1. Os poderes públicos deben facilitar o coñecemento da sociedade da información e deben impulsar o acceso á comunicación e ás tecnoloxías da información, en condicións de igualdade, en todos os ámbitos da vida social, incluído o laboral; deben fomentar que estas tecnoloxías se poñan ao servizo das persoas e que non afecten negativamente os seus dereitos e deben garantir a prestación de servizos mediante as devanditas tecnoloxías, de acordo cos principios de universalidade, continuidade e actualización.
2. A Generalitat debe promover a formación, a investigación e a innovación tecnolóxicas para que as oportunidades de progreso que ofrece a sociedade do coñecemento e da información contribúan á mellora do benestar e da cohesión sociais.

**ARTIGO 54. Memoria histórica**

1. A Generalitat e os demais poderes públicos deben velar polo coñecemento e o mantemento da memoria histórica de Cataluña como patrimonio colectivo que testemuña a resistencia e a loita polos dereitos e as liberdades democráticas. Para tal fin, deben adoptar as iniciativas institucionais necesarias para o recoñecemento e a rehabilitación de todos os cidadáns que sufriron persecución como consecuencia da defensa da democracia e do autogoberno de Cataluña.

2. A Generalitat debe velar para que a memoria histórica se converta en símbolo permanente de tolerancia, de dignidade dos valores democráticos, de rexeitamento dos totalitarismos e de recoñecemento de todas aquelas persoas que sufriron persecución debido ás súas opcións persoais, ideolóxicas ou de conciencia.

## TÍTULO II DAS INSTITUCIÓNS

### CAPÍTULO I O PARLAMENTO

#### ARTIGO 55. Disposicións xerais

1. O Parlamento representa o pobo de Cataluña.
2. O Parlamento exerce a potestade lexislativa, aproba os orzamentos da Generalitat e controla e impulsa a acción política e de goberno. É a sede onde se expresa preferentemente o pluralismo e onde se fai público o debate político.
3. O Parlamento é inviolable.

#### ARTIGO 56. Composición e réxime electoral

1. O Parlamento componse dun mínimo de cen deputados e un máximo de cento cincuenta, escollidos para un prazo de catro anos, mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, de acordo con este estatuto e coa lexislación electoral.
2. O sistema electoral é de representación proporcional e debe asegurar a representación axeitada de todas as zonas do territorio de Cataluña. A Administración electoral é independente e garante a transparencia e a obxectividade do proceso electoral. O réxime electoral é

regulado por unha lei do Parlamento aprobada nunha votación final sobre o conxunto do texto por maioría de dúas terceiras partes dos deputados.

3. Son electores e elixibles os cidadáns de Cataluña que están en pleno uso dos seus dereitos civís e políticos, de acordo coa lexislación electoral. A lei electoral de Cataluña debe establecer criterios de paridade entre mulleres e homes para a elaboración das listas electorais.

4. O presidente ou presidenta da Generalitat, quince días antes da finalización da lexislatura, debe convocar as eleccións, que deben ter lugar entre corenta e sesenta días despois da convocatoria.

#### ARTIGO 57. Estatuto dos deputados

1. Os membros do Parlamento son inviolables polos votos e as opinións que emitan no exercicio do seu cargo. Durante o seu mandato terán inmunidade para os efectos concretos de non poder ser detidos, agás en caso de flagrante delito.

2. Nas causas contra os deputados, é competente o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña. Fóra do territorio de Cataluña, a responsabilidade penal é esixible nos mesmos termos ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

3. Os deputados non están sometidos a mandato imperativo.

#### ARTIGO 58. Autonomía parlamentaria

1. O Parlamento goza de autonomía organizativa, financeira, administrativa e disciplinaria.

2. O Parlamento elabora e aproba o seu regulamento, o seu orzamento e fixa o estatuto do persoal que del depende.

3. A aprobación e a reforma do Regulamento do Parlamento correspóndenlle ao Pleno do Parlamento e requiren o voto favorable da maioría absoluta dos deputados nunha votación final sobre o conxunto do texto.

#### ARTIGO 59. Organización e funcionamento

1. O Parlamento ten un presidente ou presidenta e unha Mesa escollidos polo Pleno. O Regulamento do Parlamento regula a súa elección e funcións.

2. O Regulamento do Parlamento regula os dereitos e os deberes dos deputados, os requisitos para a formación de grupos parlamentarios, a intervención destes no exercicio das funcións parlamentarias e as atribucións da Xunta de Portavoces.

3. O Parlamento funciona en Pleno e en comisións. Os grupos parlamentarios participan en todas as comisións, en proporción aos seus membros.

4. O Parlamento ten unha Deputación Permanente, presidida polo presidente ou presidenta do Parlamento e integrada polo número de deputados que o Regulamento do Parlamento determine, en proporción á representación de cada grupo parlamentario. A Deputación Permanente vela polos poderes do Parlamento cando este non está reunido nos períodos entre sesións, cando finalizou o mandato parlamentario e cando foi disolto. En caso de finalización da lexislatura ou disolución do Parlamento, o mandato dos deputados que integran a Deputación Permanente prorrógase ata a constitución do novo Parlamento.

5. Os cargos públicos e o persoal ao servizo das administracións públicas que actúan en Cataluña teñen a obriga de comparecer por requirimento do Parlamento.

6. O Parlamento pode crear comisións de investigación sobre calquera asunto de relevancia pública que sexa de interese da Generalitat. As persoas requiridas polas comisións de investigación deben comparecer obrigatoriamente ante estas, de acordo co procedemento e as garantías establecidos polo Regulamento do Parlamento. Deben regularse por lei as sancións polo incumprimento desta obriga.

7. O Regulamento do Parlamento debe regular a tramitación das peticións individuais e colectivas dirixidas ao Parlamento. Tamén debe establecer mecanismos de participación cidadá, no exercicio das funcións parlamentarias.

**ARTIGO 60. Réxime das reunións e das sesións**

1. O Parlamento reúnese anualmente en dous períodos ordinarios de sesións fixados polo regulamento. O Parlamento pode reunirse en sesións extraordinarias fóra dos períodos ordinarios de sesións. As sesións extraordinarias do Parlamento son convocadas polo seu presidente ou presidenta por acordo da Deputación Permanente, a proposta de tres grupos parlamentarios ou dunha cuarta parte dos deputados, ou a petición de grupos parlamentarios ou de deputados que representen a maioría absoluta. O Parlamento tamén se reúne en sesión extraordinaria, a petición do presidente ou presidenta da Generalitat. As sesións extraordinarias convócanse cunha orde do día determinada e levántanse despois de esgotala.

2. As sesións do Pleno son públicas, agás nos supostos establecidos polo Regulamento do Parlamento.

3. O Parlamento, para adoptar acordos validamente, debe estar reunido coa presenza da maioría absoluta dos deputados. Os acordos son válidos se foron aprobados pola maioría simple dos deputados presentes, sen prexuízo das maiorías especiais establecidas por este estatuto, polas leis ou polo Regulamento do Parlamento.

**ARTIGO 61. Funcións**

Correspóndenlle ao Parlamento, ademais das funcións establecidas polo artigo 55, as seguintes:

- a) Designar os senadores que representan a Generalitat no Senado. A designación debe realizarse nunha convocatoria específica e de forma proporcional ao número de deputados de cada grupo parlamentario.
- b) Elaborar proposicións de lei para a súa presentación á Mesa do Congreso dos Deputados e nomear os deputados do Parlamento encargados da súa defensa.
- c) Solicitalle ao Goberno do Estado a adopción de proxectos de lei.
- d) Solicitalle ao Estado a transferencia ou delegación de competencias e a atribución de facultades, no marco do artigo 150 da Constitución.
- e) Interpoñer o recurso de inconstitucionalidade e comparecer ante o

Tribunal Constitucional noutros procesos constitucionais, de acordo co que estableza a Lei orgánica do Tribunal Constitucional.  
f) As demais funcións que lle atribúen este estatuto e as leis.

**ARTIGO 62. Iniciativa legislativa e exercicio da función legislativa**

1. A iniciativa legislativa correspóndelles aos deputados, aos grupos parlamentarios e ao Goberno. Tamén lles corresponde, nos termos establecidos polas leis de Cataluña, aos cidadáns, mediante a iniciativa legislativa popular, e aos órganos representativos dos entes supramunicipais de carácter territorial que establece este estatuto.

2. Son leis de desenvolvemento básico do estatuto as que regulan directamente as materias mencionadas polos artigos 2.3, 6, 37.2, 56.2, 67.5, 68.3, 77.3, 79.3, 81.2 e 94.1. A aprobación, a modificación e a derogación das devanditas leis requiren o voto favorable da maioría absoluta do Pleno do Parlamento nunha votación final sobre o conxunto do texto, agás que o estatuto estableza outra.

3. O Pleno do Parlamento pode delegar a tramitación e a aprobación de iniciativas legislativas ás comisións legislativas permanentes. En calquera momento pode revogar esta delegación. Non poden ser obxecto de delegación ás comisións a reforma do estatuto, as leis de desenvolvemento básico, o orzamento da Generalitat e as leis de delegación legislativa ao Goberno.

**ARTIGO 63. Delegación no Goberno da potestade legislativa**

1. O Parlamento pode delegar no Goberno a potestade de ditar normas con rango de lei. As disposicións do Goberno que conteñen lexislación delegada teñen o nome de *decretos legislativos*. Non poden ser obxecto de delegación legislativa a reforma do estatuto, as leis de desenvolvemento básico, agás que se delegue o establecemento dun texto refundido, a regulación esencial e o desenvolvemento directo dos dereitos recoñecidos polo estatuto e pola Carta dos Dereitos e Deberes dos Cidadáns de Cataluña e o orzamento da Generalitat.

2. A delegación legislativa só se lle pode outorgar ao Goberno. A delegación debe ser expresa, mediante lei, para unha materia concreta e

coa determinación dun prazo para facer uso desta. A delegación esgótase cando o Goberno publica o decreto legislativo correspondente ou cando o Goberno se atopa en funcións.

3. Cando se trate de autorizar o Goberno para formular un novo texto articulado, as leis de delegación deben fixar as bases ás que debe axustarse o Goberno no exercicio da delegación legislativa. Cando se trate de autorizar o Goberno para refundir textos legais, as leis deben determinar o alcance e os criterios da refundición.

4. O control da lexislación delegada é regulado polo Regulamento do Parlamento. As leis de delegación tamén poden establecer un réxime de control especial para os decretos legislativos.

#### ARTIGO 64. **Decretos leis**

1. En caso dunha necesidade extraordinaria e urxente, o Goberno pode ditar disposicións legislativas provisionais, baixo a forma de decreto lei. Non poden ser obxecto de decreto lei a reforma do estatuto, as materias obxecto de leis de desenvolvemento básico, a regulación esencial e o desenvolvemento directo dos dereitos recoñecidos polo estatuto e pola Carta dos Dereitos e Deberes dos Cidadáns de Cataluña e o orzamento da Generalitat.

2. Os decretos leis quedan derogados se no prazo improrrogable de trinta días subseguintes á promulgación non son validados expresamente polo Parlamento, despois dun debate e dunha votación de totalidade.

3. O Parlamento pode tramitar os decretos leis como proxectos de lei polo procedemento de urxencia, dentro do prazo establecido polo punto 2.

#### ARTIGO 65. **Promulgación e publicación das leis**

As leis de Cataluña son promulgadas, en nome do rei, polo presidente ou presidenta da Generalitat, quen ordena a súa publicación no *Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya*, dentro do prazo de quince días dende a súa aprobación, e no *Boletín Oficial del Estado*. Para o efecto da súa entrada en vigor, rexe a data de publicación no *Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya*. A versión oficial en castelán é a tradución elaborada pola Generalitat.

#### ARTIGO 66. **Causas de finalización da lexislatura**

A lexislatura finaliza por expiración do mandato legal, ao cumprirse os catro anos da data das eleccións. Tamén pode finalizar anticipadamente se non ten lugar a investidura do presidente ou presidenta da Generalitat, ou por disolución anticipada, acordada polo presidente ou presidenta da Generalitat.

#### CAPÍTULO II

### O PRESIDENTE OU PRESIDENTA DA GENERALITAT

#### ARTIGO 67. **Elección, nomeamento, estatuto persoal, cesamento e competencias**

1. O presidente ou presidenta exerce a máis alta representación da Generalitat e dirixe a acción do Goberno. Tamén exerce a representación ordinaria do Estado en Cataluña.

2. O presidente ou presidenta da Generalitat é escollido polo Parlamento de entre os seus membros. Pode regularse por lei a limitación de mandatos.

3. Se unha vez transcorridos dous meses dende a primeira votación de investidura non se escolle ningún candidato ou candidata, o Parlamento queda disolto automaticamente e o presidente ou presidenta da Generalitat en funcións convoca eleccións de forma inmediata, que deben ter lugar entre corenta e sesenta días despois da convocatoria.

4. O presidente ou presidenta da Generalitat é nomeado polo rei.

5. Unha lei do Parlamento regula o estatuto persoal do presidente ou presidenta da Generalitat. Para os efectos de precedencias e protocolo en Cataluña, o presidente ou presidenta da Generalitat ten a posición preeminente que lle corresponde como representante da Generalitat e do Estado en Cataluña.

6. Como representante ordinario do Estado en Cataluña, correspóndelle ao presidente ou presidenta:

- a) Promulgar, en nome do rei, as leis, os decretos leis e os decretos lexislativos de Cataluña e ordenar a súa publicación.
- b) Ordenar a publicación dos nomeamentos dos cargos institucionais do Estado en Cataluña.
- c) Solicitarlles a colaboración ás autoridades do Estado que exercen funcións públicas en Cataluña.
- d) As demais que determinen as leis.

7. O presidente ou presidenta da Generalitat cesa por renovación do Parlamento a consecuencia dunhas eleccións, por aprobación dunha moción de censura ou denegación dunha cuestión de confianza, por defunción, por dimisión por incapacidade permanente física ou mental recoñecida polo Parlamento que o inhabilite para o exercicio do cargo e por condena penal firme que comporte a inhabilitación para o exercicio de cargos públicos.

8. O conselleiro primeiro ou conselleira primeira, se o houbese, ou o conselleiro ou conselleira que determine a lei suple e substitúe o presidente ou presidenta da Generalitat nos casos de ausencia, enfermidade, cesamento por causa de incapacidade e defunción. A suplencia e a substitución non permiten exercer as atribucións do presidente ou presidenta relativas á formulación dunha cuestión de confianza, a designación e o cesamento dos conselleiros e a disolución anticipada do Parlamento.

9. O presidente ou presidenta da Generalitat, se non nomeou un conselleiro primeiro ou conselleira primeira, pode delegar temporalmente funcións executivas nun dos conselleiros.

### CAPÍTULO III

## O GOBERNO E A ADMINISTRACIÓN DA GENERALITAT

### SECCIÓN PRIMEIRA

#### O GOBERNO

#### ARTIGO 68. **Funcións, composición, organización e cesamento**

1. O Goberno é o órgano superior colexiado que dirixe a acción política e a Administración da Generalitat. Exerce a función executiva e a potestade regulamentaria, de acordo con este estatuto e coas leis.
2. O Goberno componse do presidente ou presidenta da Generalitat, o conselleiro primeiro ou conselleira primeira, se procede, e os conselleiros.
3. Unha lei debe regular a organización, o funcionamento e as atribucións do Goberno.
4. O Goberno cesa cando o fai o presidente ou presidenta da Generalitat.
5. Os actos, as disposicións xerais e as normas que emanan do Goberno ou da Administración da Generalitat deben ser publicados no *Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya*. Esta publicación é suficiente para todos os efectos para a eficacia dos actos e para a entrada en vigor das disposicións xerais e das normas.

#### ARTIGO 69. **O conselleiro primeiro ou conselleira primeira**

O presidente ou presidenta da Generalitat por decreto pode nomear e separar un conselleiro primeiro ou conselleira primeira, de todo o cal debe darlle conta ao Parlamento. O conselleiro primeiro ou conselleira primeira é membro do Goberno. O conselleiro primeiro ou conselleira primeira, de acordo co establecido pola lei, ten funcións propias, ademais das delegadas polo presidente ou presidenta.

#### ARTIGO 70. **Estatuto persoal dos membros do Goberno**

1. O presidente ou presidenta da Generalitat e os conselleiros, durante os seus mandatos e polos actos presuntamente delituosos cometidos



no territorio de Cataluña, non poden ser detidos nin retidos, agás no caso de delito flagrante.

2. Correspóndelle ao Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña decidir sobre a inculpación, o procesamento e o axuízamento do presidente ou presidenta da Generalitat e dos conselleiros. Fóra do territorio de Cataluña, a responsabilidade penal é esixible nos mesmos termos ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

#### SECCIÓN SEGUNDA

### A ADMINISTRACIÓN DA GENERALITAT

#### ARTIGO 71. Disposicións xerais e principios de organización e funcionamento

1. A Administración da Generalitat é a organización que exerce as funcións executivas atribuídas por este estatuto á Generalitat. Ten a condición de Administración ordinaria, de acordo co que establecen este estatuto e as leis, sen prexuízo das competencias que lle corresponden á Administración local.
2. A Administración da Generalitat serve con obxectividade os intereses xerais e actúa con submisión plena ás leis e ao dereito.
3. A Administración da Generalitat actúa de acordo cos principios de coordinación e transversalidade, co fin de garantir a integración das políticas públicas.
4. A Administración da Generalitat, de acordo co principio de transparencia, debe facer pública a información necesaria para que os cidadáns poidan avaliar a súa xestión.
5. A Administración da Generalitat exerce as súas funcións no territorio, de acordo cos principios de desconcentración e descentralización.
6. As leis deben regular a organización da Administración da Generalitat e deben determinar, en todo caso:
  - a) As modalidades de descentralización funcional e as distintas formas de personificación pública e privada que pode adoptar a Administración da Generalitat.

- b) As formas de organización e de xestión dos servizos públicos.
- c) A actuación da Administración da Generalitat baixo o réxime de dereito privado, así como a participación do sector privado na execución das políticas públicas e a prestación dos servizos públicos.

7. Debe regularse por lei o estatuto xurídico do persoal ao servizo da Administración da Generalitat e incluír, en todo caso, o réxime de incompatibilidades, a garantía de formación e actualización dos coñecementos e a praxe necesaria para o exercicio das funcións públicas.

#### ARTIGO 72. Órganos consultivos do Goberno

1. A Comisión Xurídica Asesora é o alto órgano consultivo do Goberno. Unha lei do Parlamento regula a súa composición e funcións.
2. O Consello de Traballo, Económico e Social de Cataluña é o órgano consultivo e de asesoramento do Goberno en materias socioeconómicas, laborais e ocupacionais. Unha lei do Parlamento regula a súa composición e funcións.

#### CAPÍTULO IV

### AS RELACIÓNS ENTRE O PARLAMENTO E O GOBERNO

#### ARTIGO 73. Dereitos e obrigas dos membros do Goberno respecto do Parlamento

1. O presidente ou presidenta da Generalitat e os conselleiros teñen o dereito de asistir ás reunións do Pleno e das comisións parlamentarias e tomar a palabra.
2. O Parlamento pode requirir do Goberno e dos seus membros a información que considere necesaria para o exercicio das súas funcións. Tamén pode requirir a súa presenza no Pleno e nas comisións, nos termos que establece o Regulamento do Parlamento.



#### ARTIGO 74. **Responsabilidade política do Goberno e dos seus membros**

1. O presidente ou presidenta da Generalitat e os conselleiros responden politicamente ante o Parlamento de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un deles.
2. A delegación de funcións do presidente ou presidenta da Generalitat non o exime da súa responsabilidade política ante o Parlamento.

#### ARTIGO 75. **Disolución anticipada do Parlamento**

O presidente ou presidenta da Generalitat, logo de deliberación de Goberno e baixo a súa exclusiva responsabilidade, pode disolver o Parlamento. Esta facultade non pode ser exercida cando estea en trámite unha moción de censura e tampouco se non transcorreu un ano como mínimo dende a última disolución por este procedemento. O decreto de disolución debe establecer a convocatoria de novas eleccións, que deben ter lugar entre os corenta e os sesenta días seguintes á data de publicación do decreto no *Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya*.

### CAPÍTULO V

## OUTRAS INSTITUCIÓNS DA GENERALITAT

#### SECCIÓN PRIMEIRA

### O CONSELLO DE GARANTÍAS ESTATUTARIAS

#### ARTIGO 76. **Funcións**

1. O Consello de Garantías Estatutarias é a institución da Generalitat que vela pola adecuación a este estatuto e á Constitución das disposicións da Generalitat, nos termos que establece o punto 2.
2. O Consello de Garantías Estatutarias pode ditaminar, nos termos que estableza a lei, nos casos seguintes:
  - a) A adecuación á Constitución dos proxectos e proposicións de reforma do estatuto de autonomía de Cataluña, antes da súa aprobación polo Parlamento.

- b) A adecuación a este estatuto e á Constitución dos proxectos e das proposicións de lei sometidos a debate e aprobación do Parlamento e dos decretos leis sometidos a validación do Parlamento.
  - c) A adecuación a este estatuto e á Constitución dos proxectos de decreto lexislativo aprobados polo Goberno.
  - d) A adecuación dos proxectos e das proposicións de lei e dos proxectos de decreto lexislativo aprobados polo Goberno á autonomía local, nos termos que garante este estatuto.
3. O Consello de Garantías Estatutarias debe ditaminar antes da interposición do recurso de inconstitucionalidade por parte do Parlamento ou do Goberno, antes da interposición de conflito de competencia polo Goberno e antes da interposición de conflito en defensa da autonomía local ante o Tribunal Constitucional.
  4. Os ditames do Consello de Garantías Estatutarias teñen carácter vinculante con relación aos proxectos de lei e ás proposicións de lei do Parlamento que desenvolvan ou afecten dereitos recoñecidos por este estatuto.

#### ARTIGO 77. **Composición e funcionamento**

1. O Consello de Garantías Estatutarias está formado por membros nomeados polo presidente ou presidenta da Generalitat entre xuristas de recoñecida competencia, dúas terceiras partes por proposta do Parlamento por maioría de tres quintas partes dos Deputados e unha terceira parte por proposta do Goberno.
2. Os membros do Consello de Garantías Estatutarias deben escoller entre eles o presidente ou presidenta.
3. Unha lei do Parlamento regula a composición e o funcionamento do Consello de Garantías Estatutarias, o estatuto dos membros e os procedementos relativos ao exercicio das súas funcións. Poden ampliarse por lei as funcións ditaminadoras do Consello de Garantías Estatutarias que establece este estatuto, sen atribuírlles carácter vinculante.
4. O Consello de Garantías Estatutarias ten autonomía orgánica, funcional e orzamentaria de acordo coa lei.

## SECCIÓN SEGUNDA

## O SÍNDIC DE GREUGES

ARTIGO 78. **Funcións e relacións con outras institucións análogas**

1. O Síndic de Greuges ten a función de protexer e defender os dereitos e as liberdades recoñecidos pola Constitución e por este estatuto. Para tal fin supervisa, con carácter exclusivo, a actividade da Administración da Generalitat, a dos organismos públicos ou privados vinculados ou que dependen desta, a das empresas privadas que xestionan servizos públicos ou que realizan actividades de interese xeral ou universal ou actividades equivalentes de forma concertada ou indirecta e a das demais persoas con vínculo contractual coa Administración da Generalitat e coas entidades públicas dependentes dela. Tamén supervisa a actividade da Administración local de Cataluña e a dos organismos públicos ou privados vinculados ou que dependen desta.
2. O Síndic de Greuges e o Defensor del Pueblo colaboran no exercicio das súas funcións.
3. O Síndic de Greuges pode solicitarlle ditame ao Consello de Garantías Estatutarias sobre os proxectos e as proposicións de lei sometidos a debate e aprobación do Parlamento e dos decretos leis sometidos a validación do Parlamento, cando regulan dereitos recoñecidos por este estatuto.
4. O Síndic de Greuges pode establecer relacións de colaboración cos defensores locais da cidadanía e outras figuras análogas, creadas no ámbito público e o privado.
5. As administracións públicas de Cataluña e as demais entidades e persoas ás que se refire o punto 1 teñen a obriga de cooperar co Síndic de Greuges. Deben regularse por lei as sancións e os mecanismos destinados a garantir o cumprimento da devandita obriga.

ARTIGO 79. **Designación e estatuto do Síndic de Greuges**

1. O Síndic ou Síndica de Greuges é escollido polo Parlamento por maioría de tres quintas partes dos seus membros.

2. O Síndic ou Síndica de Greuges exerce as súas funcións con imparcialidade e independencia, é inviolable polas opinións expresadas no exercicio das súas funcións, é inamovible e só pode ser destituído e suspendido polas causas que establece a lei.

3. Deben regularse por lei o estatuto persoal do Síndic de Greuges, as incompatibilidades, as causas de cesamento, a organización e as atribucións da institución. O Síndic de Greuges goza de autonomía regulamentaria, organizativa, funcional e orzamentaria de acordo coas leis.

## SECCIÓN TERCEIRA

## A SINDICATURA DE CONTAS

ARTIGO 80. **Funcións e relacións co Tribunal de Contas**

1. A Sindicatura de Contas é o órgano fiscalizador externo das contas, xestión económica e control de eficiencia da Generalitat, dos entes locais e do resto do sector público de Cataluña.
2. A Sindicatura de Contas depende organicamente do Parlamento, exerce as súas funcións por delegación deste e con plena autonomía organizativa, funcional e orzamentaria, de acordo coas leis.
3. A Sindicatura de Contas e o Tribunal de Contas deben establecer as súas relacións de cooperación mediante convenio. Neste convenio deben establecerse os mecanismos de participación nos procedementos xurisdiccionais sobre responsabilidade contable.

ARTIGO 81. **Composición, funcionamento e estatuto persoal**

1. A Sindicatura de Contas está formada por síndicos designados polo Parlamento por maioría de tres quintas partes. Os síndicos escollen entre eles o síndico ou síndica maior.
2. Deben regularse por lei o estatuto persoal, as incompatibilidades, as causas de cesamento, a organización e o funcionamento da Sindicatura de Contas.

SECCIÓN CUARTA  
REGULACIÓN DO CONSELLO AUDIOVISUAL  
DE CATALUÑA

ARTIGO 82. **O Consello Audiovisual de Cataluña**

O Consello Audiovisual de Cataluña é a autoridade reguladora independente no ámbito da comunicación audiovisual pública e privada. O consello actúa con plena independencia do Goberno da Generalitat no exercicio das súas funcións. Unha lei do Parlamento debe establecer os criterios de elección dos seus membros e os seus ámbitos específicos de actuación.

CAPÍTULO VI  
**O GOBERNO LOCAL**

SECCIÓN PRIMEIRA  
ORGANIZACIÓN TERRITORIAL LOCAL

ARTIGO 83. **Organización do Goberno local de Cataluña**

1. Cataluña estrutura a súa organización territorial básica en municipios e veguerías.
2. O ámbito supramunicipal está constituído, en todo caso, polas comarcas, que debe regular unha lei do Parlamento.
3. Os demais entes supramunicipais que cree a Generalitat fundaméntanse na vontade de colaboración e asociación dos municipios.

ARTIGO 84. **Competencias locais**

1. Este estatuto garántelles aos municipios un núcleo de competencias propias que deben ser exercidas polas devanditas entidades con plena autonomía, suxeita só ao control de constitucionalidade e de legalidade.
2. Os gobernos locais de Cataluña teñen, en todo caso, competencias propias sobre as seguintes materias nos termos que determinen as leis:

- a) A ordenación e a xestión do territorio, o urbanismo e a disciplina urbanística e a conservación e o mantemento dos bens de dominio público local.
  - b) A planificación, a programación e a xestión de vivenda pública e a participación na planificación en solo municipal da vivenda de protección oficial.
  - c) A ordenación e a prestación de servizos básicos á comunidade.
  - d) A regulación e a xestión dos equipamentos municipais.
  - e) A regulación das condicións de seguridade nas actividades organizadas en espazos públicos e nos locais de concorrencia pública. A coordinación mediante a Xunta de Seguridade dos distintos corpos e forzas presentes no municipio.
  - f) A protección civil e a prevención de incendios.
  - g) A planificación, a ordenación e a xestión da educación infantil e a participación no proceso de matriculación nos centros públicos e concertados do termo municipal; o mantemento e o aproveitamento, fóra do horario escolar, dos centros públicos e o calendario escolar.
  - h) A circulación e os servizos de mobilidade e a xestión do transporte de viaxeiros municipal.
  - i) A regulación do establecemento de autorizacións e promocións de todo tipo de actividades económicas, especialmente as de carácter comercial, artesanal e turístico e fomento da ocupación.
  - j) A formulación e a xestión de políticas para a protección do medio e o desenvolvemento sostible.
  - k) A regulación e a xestión dos equipamentos deportivos e de ocio e promoción de actividades.
    - l) A regulación do establecemento de infraestruturas de telecomunicacións e prestación de servizos de telecomunicacións.
  - m) A regulación e a prestación dos servizos de atención ás persoas, dos servizos sociais públicos de asistencia primaria e o fomento das políticas de acollida dos inmigrantes.
  - n) A regulación, a xestión e a vixilancia das actividades e os usos que se levan a cabo nas praias, ríos, lagos e montañas.
3. A distribución das responsabilidades administrativas nas materias ás que se refire o punto 2 entre as distintas administracións locais debe ter en conta a súa capacidade de xestión e réxese polas leis aprobadas polo Parlamento, polo principio de subsidiariedade, de acordo co

establecido pola Carta Europea da Autonomía Local, polo principio de diferenciación, de acordo coas características que presenta a realidade municipal, e polo principio de suficiencia financeira.

4. A Generalitat debe determinar e fixar os mecanismos para o financiamento dos novos servizos derivados da ampliación do espazo competencial dos gobernos locais.

#### ARTIGO 85. O Consello de Gobernos Locais

O Consello de Gobernos Locais é o órgano de representación de municipios e veguerías nas institucións da Generalitat. O consello debe ser oído na tramitación parlamentaria das iniciativas lexislativas que afectan de forma específica as administracións locais e a tramitación de plans e normas regulamentarias de carácter idéntico. Unha lei do Parlamento regula a composición, a organización e as funcións do Consello de Gobernos Locais.

#### SECCIÓN SEGUNDA O MUNICIPIO

#### ARTIGO 86. O municipio e a autonomía municipal

1. O municipio é o ente local básico da organización territorial de Cataluña e o medio esencial de participación da comunidade local nos asuntos públicos.

2. O goberno e a administración municipais correspóndenlle ao Concello, formado polo alcalde ou alcaldesa e os concelleiros. Deben establecerse por lei os requisitos que teñen que cumprirse para a aplicación do réxime de concello aberto.

3. Este estatuto garántelle ao municipio a autonomía para o exercicio das competencias que ten encomendadas e a defensa dos intereses propios da colectividade que representa.

4. Os actos e acordos adoptados polos municipios non poden ser obxecto de control de oportunidade por ningunha outra administración.

5. Correspóndelle á Generalitat o control da adecuación ao ordenamento xurídico dos actos e acordos adoptados polos municipios e, se

procede, a impugnación correspondente ante a xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo das accións que o Estado poida emprender en defensa das súas competencias.

6. Os concelleiros son escollidos polos veciños dos municipios, mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.

7. As concentracións de poboación que dentro dun municipio constituían núcleos separados poden constituírse en entidades municipais descentralizadas. A lei debe garantirlles a descentralización e a capacidade suficientes para levar a cabo as actividades e prestar os servizos da súa competencia.

#### ARTIGO 87. Principios de organización e funcionamento e potestade normativa

1. Os municipios dispoñen de plena capacidade de autoorganización, dentro do marco das disposicións xerais establecidas por lei en materia de organización e funcionamento municipal.

2. Os municipios teñen dereito a asociarse con outros e a cooperar entre eles e con outros entes públicos para exercer as súas competencias, así como para exercer tarefas de interese común. Para tales efectos, teñen capacidade para establecer convenios e crear e participar en mancomunidades, consorcios e asociacións, así como adoptar outras formas de actuación conxunta. As leis non poden limitar este dereito, se non é para garantir a autonomía dos outros entes que a teñen recoñecida.

3. Os municipios teñen potestade normativa, como expresión do principio democrático no que se fundamentan, no ámbito das súas competencias e nos outros sobre os que se proxecta a súa autonomía.

#### ARTIGO 88. Principio de diferenciación

As leis que afectan o réxime xurídico, orgánico, funcional, competencial e financeiro dos municipios deben ter en conta necesariamente as diferentes características demográficas, xeográficas, funcionais, organizativas, de dimensión e de capacidade de xestión que teñen.

**ARTIGO 89. Réxime especial do municipio de Barcelona**

O municipio de Barcelona dispón dun réxime especial establecido por lei do Parlamento. O Concello de Barcelona ten iniciativa para propoñer a modificación deste réxime especial e, de acordo coas leis e o Regulamento do Parlamento, debe participar na elaboración dos proxectos de lei que inciden neste réxime especial e debe ser consultado na tramitación parlamentaria doutras iniciativas legislativas sobre o seu réxime especial.

SECCIÓN TERCEIRA  
A VEGUERÍA**ARTIGO 90. A veguería**

1. A veguería é o ámbito territorial específico para o exercicio do goberno intermunicipal de cooperación local e ten personalidade xurídica propia. A veguería tamén é a división territorial adoptada pola Generalitat para a organización territorial dos seus servizos.
2. A veguería, como Goberno local, ten natureza territorial e goza de autonomía para a xestión dos seus intereses.

**ARTIGO 91. O Consello de Veguería**

1. O goberno e a administración autónoma da veguería correspóndelle ao Consello de Veguería, formado polo presidente ou presidenta e polos conselleiros de veguería.
2. O presidente ou presidenta de veguería é escollido polos conselleiros de veguería de entre os seus membros.
3. Os consellos de veguería substitúen as deputacións.
4. A creación, modificación e supresión, así como o desenvolvemento do réxime xurídico das veguerías, regúlanse por lei do Parlamento. A alteración, se é o caso, dos límites provinciais levarase a cabo conforme ao previsto no artigo 141.1 da Constitución.

SECCIÓN CUARTA  
A COMARCA E OS DEMAIS ENTES LOCAIS  
SUPRAMUNICIPAIS**ARTIGO 92. A comarca**

1. A comarca configúrase como ente local con personalidade xurídica propia e está formada por municipios para a xestión de competencias e servizos locais.
2. A creación, modificación e supresión das comarcas, así como o establecemento do réxime xurídico destes entes, regúlanse por unha lei do Parlamento.

**ARTIGO 93. Os demais entes locais supramunicipais**

Os demais entes locais supramunicipais fundaméntanse na vontade de colaboración e asociación dos municipios e no recoñecemento das áreas metropolitanas. A creación, modificación e supresión, así como o establecemento do réxime xurídico destes entes, regúlanse por unha lei do Parlamento.

CAPÍTULO VII  
**ORGANIZACIÓN INSTITUCIONAL PROPIA  
DE ARÁN****ARTIGO 94. Réxime xurídico**

1. Arán dispón dun réxime xurídico especial establecido por lei do Parlamento. Mediante este réxime recoñécese a especificidade da organización institucional e administrativa de Arán e garántese a autonomía para ordenar e xestionar os asuntos públicos do seu territorio.
2. A institución de goberno de Arán é o Conselh Generau, que está formado polo Síndic, o Plen des Conselhèrs e Conselhères Generaus e a Comission d'Auditors de Compdes. O síndico ou síndica é a máis alta representación e a ordinaria da Generalitat en Arán.

3. A institución de goberno de Arán é escollida mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto na forma establecida por lei.

4. O Conselh Generau ten competencia nas materias que determine a lei reguladora do réxime especial de Arán e as demais leis aprobadas polo Parlamento e as facultades que a lei lle atribúe, en especial, nas actuacións de montaña. Arán, a través da súa institución representativa, debe participar na elaboración das iniciativas lexislativas que afectan o seu réxime especial.

5. Unha lei do Parlamento establece os recursos financeiros suficientes para que o Conselh Generau poida prestar os servizos da súa competencia.

## TÍTULO III DO PODER XUDICIAL EN CATALUÑA

### CAPÍTULO I O TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA E O FISCAL OU A FISCAL SUPERIOR DE CATALUÑA

#### ARTIGO 95. O Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña

1. O Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña é o órgano xurisdiccional no que culmina a organización xudicial en Cataluña e é competente, nos termos establecidos pola lei orgánica correspondente, para coñecer dos recursos e dos procedementos nas distintas ordes xurisdicionais e para tutelar os dereitos recoñecidos por este estatuto. En todo caso, o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña é competente nas ordes xurisdicionais civil, penal, contencioso-administrativa, social e nas outras que poidan crearse no futuro.

2. O Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña é a última instancia xurisdiccional de todos os procesos iniciados en Cataluña, así como de todos os recursos que se tramiten no seu ámbito territorial, sexa cal sexa o dereito invocado como aplicable, de acordo coa Lei orgánica do poder xudicial e sen prexuízo da competencia reservada ao Tribunal Supremo para a unificación de doutrina. A Lei orgánica do poder xudicial determinará o alcance e o contido dos indicados recursos.



3. Correspóndelle en exclusiva ao Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña a unificación da interpretación do dereito de Cataluña.

4. Correspóndelle ao Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña a resolución dos recursos extraordinarios de revisión que autorice a lei contra as resolucións firmes ditadas polos órganos xudiciais de Cataluña.

5. O presidente ou presidenta do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña é o representante do poder xudicial en Cataluña. É nomeado polo rei, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e coa participación do Consello de Xustiza de Cataluña, nos termos que determine a Lei orgánica do poder xudicial. O presidente ou presidenta da Generalitat ordena que se publique o seu nomeamento no *Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya*.

6. Os presidentes de sala do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña son nomeados por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e coa participación do Consello de Xustiza de Cataluña, nos termos que determine a Lei orgánica do poder xudicial.

#### ARTIGO 96. O fiscal ou a fiscal superior de Cataluña

1. O fiscal ou a fiscal superior de Cataluña é o fiscal xefe ou a fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, representa o Ministerio Fiscal en Cataluña e será designado nos termos que estableza o seu estatuto orgánico.

2. O presidente ou presidenta da Generalitat ordena a publicación do nomeamento do fiscal ou da fiscal superior de Cataluña no *Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya*.

3. O fiscal ou a fiscal superior de Cataluña debe enviar unha copia da memoria anual da Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña ao Goberno, ao Consello de Xustiza de Cataluña e ao Parlamento, e debe presentala ante este dentro dos seis meses seguintes ao día no que se fai pública.

4. As funcións do fiscal ou da fiscal superior de Cataluña son as que establece o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal. A Generalitat poderá celebrar convenios co Ministerio Fiscal.

## CAPÍTULO II

### O CONSELLO DE XUSTIZA DE CATALUÑA

#### ARTIGO 97. O Consello de Xustiza de Cataluña

O Consello de Xustiza de Cataluña é o órgano de goberno do poder xudicial en Cataluña. Actúa como órgano desconcentrado do Consello Xeral do Poder Xudicial, sen prexuízo das competencias deste último, de acordo co previsto na Lei orgánica do poder xudicial.

#### ARTIGO 98. Atribucións

1. As atribucións do Consello de Xustiza de Cataluña son as que establecen este estatuto, a Lei orgánica do poder xudicial, as leis que aprobe o Parlamento e as que, se procede, lle delegue o Consello Xeral do Poder Xudicial.

2. As atribucións do Consello de Xustiza de Cataluña respecto dos órganos xurisdicionais situados no territorio de Cataluña son, conforme ao previsto na Lei orgánica do poder xudicial, as seguintes:

- a) Participar na designación do presidente ou presidenta do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, así como na dos presidentes de sala do devandito tribunal superior e dos presidentes das audiencias provinciais.
- b) Propoñerlle ao Consello Xeral do Poder Xudicial e expedir os nomeamentos e os cesamentos dos xuíces e maxistrados incorporados á carreira xudicial temporalmente con funcións de asistencia, apoio ou substitución, así como determinar a adscrición destes xuíces e maxistrados aos órganos xudiciais que requiran medidas de reforzo.
- c) Instruír expedientes e, en xeral, exercer as funcións disciplinarias sobre xuíces e maxistrados nos termos previstos polas leis.
- d) Participar na planificación da inspección de xulgados e tribunais; ordenar, se é o caso, a súa inspección e vixilancia e realizar propostas neste ámbito; atender as ordes de inspección dos xulgados e tribunais que inste o Goberno e dar conta da resolución e das medidas adoptadas.

- e) Informar sobre os recursos de alzada interpostos contra os acordos dos órganos de goberno dos tribunais e xulgados de Cataluña.
  - f) Precisar e aplicar, cando proceda, no ámbito de Cataluña, os regulamentos do Consello Xeral do Poder Xudicial.
  - g) Informar sobre as propostas de revisión, delimitación e modificación das demarcacións territoriais dos órganos xurisdiccionais e sobre as propostas de creación de seccións e xulgados.
  - h) Presentar unha memoria anual ao Parlamento sobre o estado e o funcionamento da Administración de xustiza en Cataluña.
  - i) Todas as funcións que lle atribúan a Lei orgánica do poder xudicial e as leis do Parlamento e as que lle delegue o Consello Xeral do Poder Xudicial.
3. As resolucións do Consello de Xustiza de Cataluña en materia de nomeamentos, autorizacións, licenzas e permisos deben adoptarse de acordo cos criterios aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.
4. O Consello de Xustiza de Cataluña, a través do seu presidente ou presidenta, debe comunicarlle ao Consello Xeral do Poder Xudicial as resolucións que dite e as iniciativas que emprenda e debe facilitar a información que lle sexa pedida.

#### ARTIGO 99. **Composición, organización e funcionamento**

1. O Consello de Xustiza de Cataluña está integrado polo presidente ou presidenta do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, que o preside, e polos membros que se nomeen, de acordo co previsto pola Lei orgánica do poder xudicial, entre xuíces, maxistrados, fiscais ou xuristas de recoñecido prestixio. O Parlamento de Cataluña designa os membros do consello que determine a Lei orgánica do poder xudicial.
2. O Consello de Xustiza de Cataluña aproba o seu regulamento interno de organización e funcionamento, de acordo coa normativa aplicable.

#### ARTIGO 100. **Control dos actos do Consello de Xustiza de Cataluña**

1. Os actos do Consello de Xustiza de Cataluña serán recorribles en alzada ante o Consello Xeral do Poder Xudicial, agás que fosen ditados no exercicio de competencias da comunidade autónoma.
2. Os actos do Consello de Xustiza de Cataluña que non sexan impugnables en alzada ante o Consello Xeral do Poder Xudicial poden impugnarse xurisdicionalmente nos termos establecidos nas leis.

#### CAPÍTULO III

### COMPETENCIAS DA GENERALITAT SOBRE A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

#### ARTIGO 101. **Oposicións e concursos**

1. A Generalitat proponlle ao Goberno do Estado, ao Consello Xeral do Poder Xudicial ou ao Consello de Xustiza de Cataluña, segundo corresponda, a convocatoria de oposicións e concursos para cubrir as prazas vacantes de maxistrados, xuíces e fiscais en Cataluña.
2. O Consello de Xustiza de Cataluña convoca os concursos para cubrir prazas vacantes de xuíces e maxistrados en Cataluña, nos termos establecidos na Lei orgánica do poder xudicial.
3. As probas dos concursos e das oposicións regulados por este artigo, cando se celebren en Cataluña, poderán realizarse en calquera das dúas linguas oficiais, a elección do candidato.

#### ARTIGO 102. **Do persoal xudicial e do resto do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Cataluña**

1. Os maxistrados, xuíces e fiscais que ocupen unha praza en Cataluña deberán acreditar un coñecemento axeitado e suficiente do catalán, para facer efectivos os dereitos lingüísticos dos cidadáns na forma e co alcance que determine a lei.
2. Os maxistrados, xuíces e fiscais que ocupen unha praza en Cataluña



deben acreditar un coñecemento suficiente do dereito propio de Cataluña, na forma e co alcance que determine a lei.

3. En todo caso, o coñecemento suficiente da lingua e do dereito propios valorarase específica e singularmente para obter unha praza nos correspondentes concursos de traslados.

4. O persoal ao servizo da Administración de xustiza e da Fiscalía en Cataluña debe acreditar un coñecemento axeitado e suficiente das dúas linguas oficiais que o faga apto para exercer as funcións propias do seu cargo ou posto de traballo.

#### ARTIGO 103. Medios persoais

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia normativa sobre o persoal non xudicial ao servizo da Administración de xustiza, dentro do respecto ao estatuto xurídico dese persoal establecido pola Lei orgánica do poder xudicial. Nos devanditos termos, esta competencia da Generalitat inclúe a regulación de:

- a) A organización deste persoal en corpos e escalas.
- b) O proceso de selección.
- c) A promoción interna, a formación inicial e a formación continuada.
- d) A provisión de destinos e ascensos.
- e) As situacións administrativas.
- f) O réxime de retribucións.
- g) A xornada laboral e o horario de traballo.
- h) A ordenación da actividade profesional e as funcións.
- i) As licenzas, os permisos, as vacacións e as incompatibilidades.
- j) O rexistro de persoal.
- k) O réxime disciplinario.

2. Nos mesmos termos do punto 1, correspóndelle á Generalitat a competencia executiva e de xestión en materia de persoal non xudicial ao servizo da Administración de xustiza. Esta competencia inclúe:

- a) Aprobar a oferta de ocupación pública.
- b) Convocar e resolver todos os procesos de selección e a adscrición aos postos de traballo.
- c) Nomear os funcionarios que superen os procesos selectivos.
- d) Impartir a formación, previa e continuada.

- e) Elaborar as relacións de postos de traballo.
- f) Convocar e resolver todos os procesos de provisión de postos de traballo.
- g) Convocar e resolver todos os procesos de promoción interna.
- h) Xestionar o Rexistro de Persoal, coordinado co estatal.
- i) Efectuar toda a xestión deste persoal, en aplicación do seu réxime estatutario e retributivo.
- j) Exercer a potestade disciplinaria e impoñer as sancións que procedan, incluída a separación do servizo.
- k) Exercer todas as demais funcións que sexan necesarias para garantir unha xestión eficaz e eficiente dos recursos humanos ao servizo da Administración de xustiza.

3. Dentro do marco disposto pola Lei orgánica do poder xudicial, por lei do Parlamento poden crearse corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, que dependen da función pública da Generalitat.

4. A Generalitat dispón de competencia exclusiva sobre o persoal laboral ao servizo da Administración de xustiza.

#### ARTIGO 104. Medios materiais

Correspóndenlle á Generalitat os medios materiais da Administración de xustiza en Cataluña. Esta competencia inclúe, en todo caso:

- a) A construción e a reforma dos edificios xudiciais e da Fiscalía.
- b) A provisión de bens mobles e materiais para as dependencias xudiciais e da Fiscalía.
- c) A configuración, a implantación e o mantemento de sistemas informáticos e de comunicación, sen prexuízo das competencias de coordinación e homologación que lle corresponden ao Estado para garantir a compatibilidade do sistema.
- d) A xestión e a custodia dos arquivos, das pezas de convicción e dos efectos intervidos, en todo aquilo que non teña natureza xurisdiccional.
- e) A participación na xestión das contas de depósitos e consignacións xudiciais e nos seus rendementos, tendo en conta o volume da actividade xudicial desenvolvida na comunidade autónoma e o custo efectivo dos servizos.

- f) A xestión, a liquidación e a recadación das taxas xudiciais que establece a Generalitat no ámbito das súas competencias sobre Administración de xustiza.

#### ARTIGO 105. **Oficina xudicial e institucións e servizos de apoio**

Correspóndelle á Generalitat, de acordo coa Lei orgánica do poder xudicial, determinar a creación, o deseño, a organización, a dotación e a xestión das oficinas xudiciais e dos órganos e servizos de apoio aos órganos xurisdiccionais, incluíndo a regulación das institucións, os institutos e os servizos de medicina forense e de toxicoloxía.

#### ARTIGO 106. **Xustiza gratuíta. Procedementos de mediación e conciliación**

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia para ordenar os servizos de xustiza gratuíta e de orientación xurídica gratuíta.
2. A Generalitat pode establecer os instrumentos e procedementos de mediación e conciliación na resolución de conflitos nas materias da súa competencia.

#### ARTIGO 107. **Demarcación, planta e capitalidade xudiciais**

1. O Goberno da Generalitat, polo menos cada cinco anos, logo de informe do Consello de Xustiza de Cataluña, debe propoñerlle ao Goberno do Estado a determinación e a revisión da demarcación e da planta xudiciais en Cataluña. Esta proposta, que é preceptiva, deberá acompañar o proxecto de lei que o Goberno envíe ás Cortes Xerais.
2. As modificacións da planta xudicial que non comporten reforma lexislativa poderán corresponderlle ao Goberno da Generalitat. Así mesmo, a Generalitat poderá crear seccións e xulgados, por delegación do Goberno do Estado, nos termos previstos pola Lei orgánica do poder xudicial.
3. A capitalidade das demarcacións xudiciais é fixada por unha lei do Parlamento.

#### ARTIGO 108. **Xustiza de paz e de proximidade**

1. A Generalitat ten competencia sobre a xustiza de paz, nos termos que establece a Lei orgánica do poder xudicial. Nestes mesmos termos, correspóndelle ao Consello de Xustiza de Cataluña o nomeamento dos xuíces. A Generalitat tamén se fai cargo das súas indemnizacións e é a competente para a provisión dos medios necesarios para o exercicio das súas funcións. Correspóndelle tamén a creación das secretarías e a súa provisión.
2. A Generalitat, nas poboacións que se determine e de acordo co establecido pola Lei orgánica do poder xudicial, poderá instar o establecemento dun sistema de xustiza de proximidade que teña por obxectivo resolver conflitos menores con celeridade e eficacia.

#### ARTIGO 109. **Cláusula subrogatoria**

A Generalitat exerce, ademais das competencias expresamente atribuídas por este estatuto, todas as funcións e facultades que a Lei orgánica do poder xudicial lle reconece ao Goberno do Estado con relación á Administración de xustiza en Cataluña.

## TÍTULO IV DAS COMPETENCIAS

### CAPÍTULO I TIPOLOXÍA DAS COMPETENCIAS

#### ARTIGO IIO. **Competencias exclusivas**

1. Correspóndenlle á Generalitat, no ámbito das súas competencias exclusivas, de forma íntegra, a potestade lexislativa, a potestade regulamentaria e a función executiva. Correspóndelle unicamente á Generalitat o exercicio destas potestades e funcións, mediante as cales pode establecer políticas propias.
2. O dereito catalán, en materia das competencias exclusivas da Generalitat, é o dereito aplicable no seu territorio con preferencia sobre calquera outro.

#### ARTIGO III. **Competencias compartidas**

Nas materias que o estatuto lle atribúe á Generalitat de forma compartida co Estado, correspóndenlle á Generalitat a potestade lexislativa, a potestade regulamentaria e a función executiva, no marco das bases que fixe o Estado como principios ou mínimo común normativo en normas con rango de lei, agás nos supostos que se determinen de acordo coa Constitución e con este estatuto. No exercicio destas competencias, a Generalitat pode establecer políticas propias. O Parla-

mento debe desenvolver e concretar a través dunha lei aquelas previsións básicas.

#### ARTIGO 112. **Competencias executivas**

Correspóndelle á Generalitat, no ámbito das súas competencias executivas, a potestade regulamentaria, que comprende a aprobación de disposicións para a execución da normativa do Estado, así como a función executiva que, en todo caso, inclúe a potestade de organización da súa propia Administración e, en xeral, todas aquelas funcións e actividades que o ordenamento lle atribúe á Administración pública.

#### ARTIGO 113. **Competencias da Generalitat e normativa da Unión Europea**

Correspóndelle á Generalitat o desenvolvemento, a aplicación e a execución da normativa da Unión Europea cando afecte o ámbito das súas competencias, nos termos que establece o título V.

#### ARTIGO 114. **Actividade de fomento**

1. Correspóndelle á Generalitat, nas materias da súa competencia, o exercicio da actividade de fomento. Para tal fin, a Generalitat pode outorgar subvencións con cargo a fondos propios.
2. Correspóndelle á Generalitat, nas materias de competencia exclusiva, a especificación dos obxectivos aos que se destinan as subvencións estatais e comunitarias europeas territorializables, así como a regulación das condicións de outorgamento e a xestión, incluíndo a tramitación e a concesión.
3. Correspóndelle á Generalitat, nas materias de competencia compartida, precisar normativamente os obxectivos aos que se destinan as subvencións estatais e comunitarias europeas territorializables, así como completar a regulación das condicións de outorgamento e toda a xestión, incluíndo a tramitación e a concesión.
4. Correspóndelle á Generalitat, nas materias de competencia executiva, a xestión das subvencións estatais e comunitarias europeas territorializables, incluíndo a tramitación e a concesión.

5. A Generalitat participa na determinación do carácter non territorializable das subvencións estatais e comunitarias europeas. Así mesmo, participa, nos termos que fixe o Estado, na súa xestión e tramitación.

#### ARTIGO 115. **Alcance territorial e efectos das competencias**

1. O ámbito material das competencias da Generalitat está referido ao territorio de Cataluña, agás os supostos aos que fan referencia expresamente este estatuto e outras disposicións legais que establecen a eficacia xurídica extraterritorial das disposicións e dos actos da Generalitat.
2. A Generalitat, nos casos nos que o obxecto das súas competencias ten un alcance territorial superior ao do territorio de Cataluña, exerce as súas competencias sobre a parte deste obxecto situada no seu territorio, sen prexuízo dos instrumentos de colaboración que se establezan con outros entes territoriais ou, subsidiariamente, da coordinación polo Estado das comunidades autónomas afectadas.

### CAPÍTULO II

## AS MATERIAS DAS COMPETENCIAS

#### ARTIGO 116. **Agricultura, gandería e aproveitamentos forestais**

1. Correspóndelle á Generalitat, respectando o establecido polo Estado no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 149.1.13 e 16 da Constitución, a competencia exclusiva en materia de agricultura e gandería. Esta competencia inclúe, en todo caso:
  - a) A regulación e o desenvolvemento da agricultura, a gandería e o sector agroalimentario.
  - b) A regulación e a execución sobre a calidade, a trazabilidade e as condicións dos produtos agrícolas e gandeiros, así como a loita contra as fraudes no ámbito da produción e da comercialización agroalimentarias.
  - c) A regulación da participación das organizacións agrarias e gandeiras e das cámaras agrarias en organismos públicos.

- d) A sanidade vexetal e animal cando non teña efectos sobre a saúde humana e a protección dos animais.
  - e) As sementes e os criadeiros, especialmente todo aquilo relacionado cos organismos xeneticamente modificados.
  - f) A regulación dos procesos de produción, explotacións, estruturas agrarias e o seu réxime xurídico.
  - g) O desenvolvemento integral e a protección do mundo rural.
  - h) A investigación, o desenvolvemento, a transferencia tecnolóxica, a innovación das explotacións e as empresas agrarias e alimentarias e a formación nestas materias.
  - i) As feiras e os certames agrícolas, forestais e gandeiros.
2. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida sobre:
- a) A planificación da agricultura e a gandaría e o sector agroalimentario.
  - b) A regulación e o réxime de intervención administrativa e de usos dos montes, dos aproveitamentos e os servizos forestais e das vías pecuarias de Cataluña.

#### ARTIGO 117. Auga e obras hidráulicas

1. Correspóndelle á Generalitat, en materia de augas que pertencen a cuncas hidrográficas intracomunitarias, a competencia exclusiva, que inclúe en todo caso:
- a) A ordenación administrativa, a planificación e a xestión da auga superficial e subterránea, dos usos e dos aproveitamentos hidráulicos, así como das obras hidráulicas que non estean cualificadas de interese xeral.
  - b) A planificación e a adopción de medidas e instrumentos específicos de xestión e protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres vinculados á auga.
  - c) As medidas extraordinarias en caso de necesidade para garantir a subministración de auga.
  - d) A organización da administración hidráulica de Cataluña, incluída a participación dos usuarios.
  - e) A regulación e a execución das actuacións relacionadas coa concentración parcelaria e as obras de rego.
2. A Generalitat, nos termos establecidos na lexislación estatal, asume

competencias executivas sobre o dominio público hidráulico e as obras de interese xeral. Nestes mesmos termos, correspóndelle a participación na planificación e na programación das obras de interese xeral.

3. A Generalitat participa na planificación hidrolóxica e nos órganos de xestión estatais dos recursos hídricos e dos aproveitamentos hidráulicos que pertencen a cuncas hidrográficas intercomunitarias. Correspóndelle á Generalitat, dentro do seu ámbito territorial, a competencia executiva sobre:

- a) A adopción de medidas adicionais de protección e saneamento dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos.
- b) A execución e a explotación das obras de titularidade estatal, se se establece mediante convenio.
- c) As facultades de policía do dominio público hidráulico atribuídas pola lexislación estatal.

4. A Generalitat debe emitir un informe preceptivo para calquera proposta de transvasamento de cuncas que implique a modificación dos recursos hídricos do seu ámbito territorial.

5. A Generalitat participa na planificación hidrolóxica dos recursos hídricos e dos aproveitamentos hidráulicos que pasen ou finalicen en Cataluña provenientes de territorios de fóra do ámbito estatal español, de acordo cos mecanismos que establece o título V, e participará na súa execución nos termos previstos pola lexislación estatal.

#### ARTIGO 118. Asociacións e fundacións

1. Correspóndelle á Generalitat, respectando as condicións básicas establecidas polo Estado para garantir a igualdade no exercicio do dereito e a reserva de lei orgánica, a competencia exclusiva sobre o réxime xurídico das asociacións que desenvolvan maioritariamente as súas funcións en Cataluña. Esta competencia inclúe, en todo caso:

- a) A regulación das modalidades de asociación, da súa denominación, as finalidades, os requisitos de constitución, modificación, extinción e liquidación, o contido dos estatutos, os órganos de goberno, os dereitos e deberes dos asociados, as obrigas das asociacións e as asociacións de carácter especial.

- b) A determinación e o réxime de aplicación dos beneficios fiscais das asociacións establecidos na normativa tributaria, así como a declaración de utilidade pública, o contido e os requisitos para a súa obtención.
  - c) O rexistro de asociacións.
2. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva sobre o réxime xurídico das fundacións que desenvolvan maioritariamente as súas funcións en Cataluña. Esta competencia inclúe, en todo caso:
- a) A regulación das modalidades de fundación, da súa denominación, as finalidades e os beneficiarios da finalidade fundacional; a capacidade para fundar; os requisitos de constitución, modificación, extinción e liquidación; os estatutos; a dotación e o réxime da fundación en proceso de formación; o padroado e o protectorado e o patrimonio e o réxime económico e financeiro.
  - b) A determinación e o réxime de aplicación dos beneficios fiscais das fundacións establecidos na normativa tributaria.
  - c) O rexistro de fundacións.
3. Correspóndelle á Generalitat a fixación dos criterios, a regulación das condicións, a execución e o control das axudas públicas ás asociacións e ás fundacións.

#### ARTIGO 119. **Caza, pesca, actividades marítimas e ordenación do sector pesqueiro**

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de caza e pesca fluvial, que inclúe en todo caso:
- a) A planificación e a regulación.
  - b) A regulación do réxime de intervención administrativa da caza e da pesca, da vixilancia e dos aproveitamentos cinexéticos e piscícolas.
2. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de pesca marítima e recreativa en augas interiores, así como a regulación e a xestión dos recursos pesqueiros e a delimitación de espazos protexidos.
3. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de actividades marítimas, que inclúe en todo caso:

- a) A regulación e a xestión do marisqueo e da acuicultura e o establecemento das condicións para a súa práctica, así como a regulación e a xestión dos recursos.
  - b) A regulación e a xestión das instalacións destinadas a estas actividades.
  - c) O mergullo profesional.
  - d) A formación e as titulacións en materia de actividades de recreo.
4. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida en materia de ordenación do sector pesqueiro. Esta competencia inclúe, en todo caso, a ordenación e as medidas administrativas de execución relativas ás condicións profesionais para o exercicio da pesca, a construción, a seguridade e o rexistro oficial de barcos, confrarías de pescadores e lonxas de contratación.

#### ARTIGO 120. **Caixas de aforros**

1. Correspóndelle á Generalitat, en materia de caixas de aforros con domicilio en Cataluña, a competencia exclusiva sobre a regulación da súa organización, respectando o establecido polo Estado no exercicio das competencias que lle atribúen os artigos 149.1.11 e 149.1.13 da Constitución. Esta competencia inclúe en todo caso:
- a) A determinación dos seus órganos reitores e da forma na que os distintos intereses sociais deben estar representados.
  - b) O estatuto xurídico dos membros dos órganos reitores e dos demais cargos das caixas de aforros.
  - c) O réxime xurídico da creación, a fusión, a liquidación e o rexistro.
  - d) O exercicio das potestades administrativas con relación ás fundacións que creen.
  - e) A regulación das agrupacións de caixas de aforros con sede social en Cataluña.
2. Correspóndelle á Generalitat, en materia de caixas de aforro con domicilio en Cataluña, a competencia compartida sobre a actividade financeira, de acordo cos principios, regras e estándares mínimos que establezan as bases estatais, que inclúe, en todo caso, a regulación da distribución dos excedentes e da obra social das caixas.

Así mesmo, a Generalitat efectuará o seguimento do proceso de emisión e distribución de cotas participativas, agás os aspectos relativos

ao réxime de ofertas públicas de venda ou subscrición de valores e admisión a negociación, á estabilidade financeira e á solvencia.

3. Correspóndelle á Generalitat, en materia de caixas de aforro con domicilio en Cataluña, a competencia compartida sobre disciplina, inspección e sanción das caixas. Esta competencia inclúe, en todo caso, o establecemento de infraccións e sancións adicionais en materias da súa competencia.

4. A Generalitat, de acordo co establecido na lexislación estatal, colabora nas actividades de inspección e sanción que o Ministerio de Economía e Facenda e o Banco de España exercen sobre as caixas de aforro con domicilio en Cataluña.

#### ARTIGO 121. Comercio e feiras

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de comercio e feiras, que inclúe a regulación da actividade feiral non internacional e a ordenación administrativa da actividade comercial que, pola súa vez, inclúe en todo caso:

- a) A determinación das condicións administrativas para exercela, a dos lugares e os establecementos onde se leve a cabo e a ordenación administrativa do comercio electrónico ou do comercio por calquera outro medio.
- b) A regulación administrativa de todas as modalidades de venda e formas de prestación da actividade comercial, así como das vendas promocionais e da venda a perda.
- c) A regulación dos horarios comerciais, respectando no seu exercicio o principio constitucional de unidade de mercado.
- d) A clasificación e a planificación territorial dos equipamentos comerciais e a regulación dos requisitos e do réxime de instalación, ampliación e cambio de actividade dos establecementos.
- e) O establecemento e a execución das normas e dos estándares de calidade relacionados coa actividade comercial.
- f) A adopción de medidas de policía administrativa con relación á disciplina de mercado.

2. Correspóndelle á Generalitat a competencia executiva en materia de feiras internacionais celebradas en Cataluña, que inclúe en todo caso:

- a) A actividade de autorización e declaración da feira internacional.
- b) A promoción, a xestión e a coordinación.
- c) A actividade inspectora, a avaliación e a rendición de contas.
- d) O establecemento da regulamentación interna.
- e) O nomeamento dun delegado ou delegada nos órganos de dirección de cada feira.

3. A Generalitat colabora co Estado no establecemento do calendario de feiras internacionais.

#### ARTIGO 122. Consultas populares

Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva para o establecemento do réxime xurídico, as modalidades, o procedemento, a realización e a convocatoria pola propia Generalitat ou polos entes locais, no ámbito das súas competencias, de enquisas, audiencias públicas, foros de participación e calquera outro instrumento de consulta popular, con excepción do previsto no artigo 149.1.32 da Constitución.

#### ARTIGO 123. Consumo

Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de consumo, que inclúe en todo caso:

- a) A defensa dos dereitos dos consumidores e dos usuarios, proclamados polo artigo 28, e o establecemento e a aplicación dos procedementos administrativos de queixa e reclamación.
- b) A regulación e o fomento das asociacións dos consumidores e usuarios e a súa participación nos procedementos e asuntos que lles afecten.
- c) A regulación dos órganos e os procedementos de mediación en materia de consumo.
- d) A formación e a educación no consumo.
- e) A regulación da información en materia de consumidores e usuarios.

#### ARTIGO 124. Cooperativas e economía social

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de cooperativas.



2. A competencia á que se refire o punto 1 inclúe a organización e o funcionamento das cooperativas que, pola súa vez, inclúen en todo caso:

- a) A definición, a denominación e a clasificación.
- b) Os criterios sobre fixación do domicilio.
- c) Os criterios reitores de actuación.
- d) Os requisitos de constitución, modificación dos estatutos sociais, fusión, escisión, transformación, disolución e liquidación.
- e) A cualificación, a inscrición e a certificación no rexistro correspondente.
- f) Os dereitos e deberes dos socios.
- g) O réxime económico e a documentación social.
- h) A conciliación e a mediación.
- i) Os grupos cooperativos e as formas de colaboración económica das cooperativas.

3. A competencia á que se refire o punto 1 inclúe, en todo caso, a regulación e o fomento do movemento cooperativo, en especial para promover as formas de participación na empresa, o acceso dos traballadores aos medios de produción e a cohesión social e territorial. A regulación e o fomento do movemento cooperativo inclúen:

- a) A regulación do asociacionismo cooperativo.
- b) O ensino e a formación cooperativos.
- c) A fixación dos criterios, a regulación das condicións, a execución e o control das axudas públicas ao mundo cooperativo.

4. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva sobre o fomento e a ordenación do sector da economía social.

#### ARTIGO 125. Corporacións de dereito público e profesións tituladas

1. Correspóndelle á Generalitat, en materia de colexios profesionais, academias, cámaras agrarias, cámaras de comercio, de industria e de navegación e outras corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, a competencia exclusiva, agás no previsto nos puntos 2 e 3. Esta competencia, respectando o disposto nos artigos 36 e 139 da Constitución, inclúe en todo caso:

- a) A regulación da organización interna, do funcionamento e do réxime económico, orzamentario e contable, así como o réxime de colexiación e adscrición, dos dereitos e deberes dos seus membros e do réxime disciplinario.
- b) A creación e a atribución de funcións.
- c) A tutela administrativa.
- d) O sistema e procedemento electorais aplicables á elección dos membros das corporacións.
- e) A determinación do ámbito territorial e a posible agrupación dentro de Cataluña.

2. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida sobre a definición das corporacións á que se refire o punto 1 e sobre os requisitos para a súa creación e para ser membro destas.

3. As cámaras de comercio, industria e navegación, logo de acordo da Generalitat co Estado, poden desenvolver funcións de comercio exterior e destinar recursos cameraias a estas funcións.

4. Correspóndelle á Generalitat, respectando as normas xerais sobre titulacións académicas e profesionais e o disposto nos artigos 36 e 139 da Constitución, a competencia exclusiva sobre o exercicio das profesións tituladas, que inclúe en todo caso:

- a) A determinación dos requisitos e as condicións de exercicio das profesións tituladas, así como dos dereitos e das obrigas dos profesionais titulados e do réxime de incompatibilidades.
- b) A regulación das garantías administrativas ante o intrusismo e as actuacións irregulares, así como a regulación das prestacións profesionais de carácter obrigatorio.
- c) O réxime disciplinario do exercicio das profesións tituladas.

#### ARTIGO 126. Crédito, banca, seguros e mutualidades non integradas no sistema de Seguridade Social

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva sobre a estrutura, a organización e o funcionamento das mutualidades de previsión social non integradas no sistema de Seguridade Social.

2. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida sobre a estrutura, a organización e o funcionamento das entidades de crédito



que non sexan caixas de aforros, das cooperativas de crédito e das entidades xestoras de plans e fondos de pensións e das entidades físicas e xurídicas que actúan no mercado asegurador ás que non fai referencia o punto 1, de acordo cos principios, regras e estándares mínimos fixados nas bases estatais.

3. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida sobre a actividade das entidades á que fan referencia os puntos 1 e 2. Esta competencia inclúe os actos de execución regulados que lle atribúa a lexislación estatal.

4. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida sobre disciplina, inspección e sanción das entidades ás que se refire o punto 2.

#### ARTIGO 127. **Cultura**

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de cultura. Esta competencia exclusiva comprende en todo caso:

a) As actividades artísticas e culturais que se levan a cabo en Cataluña, que inclúen:

*Primeiro.* As medidas relativas á produción, distribución de libros e publicacións periódicas en calquera soporte, así como a xestión do depósito legal e o outorgamento dos códigos de identificación.

*Segundo.* A regulación e a inspección das salas de exhibición cinematográfica, as medidas de protección da industria cinematográfica e o control e a concesión de licenzas de dobraxe ás empresas distribuidoras domiciliadas en Cataluña.

*Terceiro.* A cualificación das películas e os materiais audiovisuais, en función da idade e dos valores culturais.

*Cuarto.* A promoción, a planificación, a construción e a xestión de equipamentos culturais situados en Cataluña.

*Quinto.* O establecemento de medidas fiscais de incentivación das actividades culturais nos tributos sobre os que a Generalitat teña competencias normativas.

b) O patrimonio cultural, que inclúe en todo caso:

*Primeiro.* A regulación e a execución de medidas destinadas a garantir o enriquecemento e a difusión do patrimonio cultural de Cataluña e a facilitar o seu acceso.

*Segundo.* A inspección, inventario e restauración do patrimonio arquitectónico, arqueolóxico, científico, técnico, histórico, artístico, etnolóxico e cultural en xeral.

*Terceiro.* O establecemento do réxime xurídico das actuacións sobre bens mobles e inmobles integrantes do patrimonio cultural de Cataluña e a determinación do réxime xurídico dos bens inmobles, así como a declaración e a xestión destes bens, coa excepción daqueles que sexan da titularidade do Estado.

*Cuarto.* A protección do patrimonio cultural de Cataluña, que inclúe a conservación, a reparación, o réxime de vixilancia e o control dos bens, sen prexuízo da competencia estatal para a defensa dos bens integrantes deste patrimonio contra a exportación e a espoliación.

c) Os arquivos, as bibliotecas, os museos e os outros centros de depósito cultural que non son de titularidade estatal, que inclúe en todo caso:

*Primeiro.* A creación, a xestión, a protección e o establecemento do réxime xurídico dos centros que integran o sistema de arquivos e o sistema bibliotecario, dos museos e dos outros centros de depósito cultural.

*Segundo.* O establecemento do réxime xurídico dos bens documentais, bibliográficos e culturais que están depositados nestes.

*Terceiro.* A conservación e a recuperación dos bens que integran o patrimonio documental e bibliográfico catalán.

d) O fomento da cultura, con relación ao cal inclúe:

*Primeiro.* O fomento e a difusión da creación e da produción teatrais, musicais, audiovisuais, literarias, de danza, de circo e de artes combinadas levadas a cabo en Cataluña.

*Segundo.* A promoción e a difusión do patrimonio cultural, artístico e monumental e dos centros de depósito cultural de Cataluña.

*Terceiro.* A proxección internacional da cultura catalá.

2. Correspóndelle á Generalitat a competencia executiva sobre os arquivos, as bibliotecas, os museos e os centros de depósito cultural de titularidade estatal situados en Cataluña, cuxa xestión non se reserve expresamente ao Estado, que inclúe, en todo caso, a regulación do funcionamento, a organización e o réxime de persoal.

3. Nas actuacións que o Estado realice en Cataluña en materia de investimento en bens e equipamentos culturais requírese o acordo

previo coa Generalitat. No caso das actividades que o Estado leve a cabo con relación á proxección internacional da cultura, os gobernos do Estado e a Generalitat articularán fórmulas de colaboración e cooperación mutuas, conforme ao previsto no título V deste estatuto.

#### ARTIGO 128. **Denominacións e indicacións xeográficas e de calidade**

1. Correspóndelle á Generalitat, respectando o disposto no artigo 149.1.13 da Constitución, a competencia exclusiva sobre denominacións de orixe e outras mencións de calidade, que inclúe o réxime xurídico de creación e funcionamento, o cal pola súa vez inclúe:

- a) A determinación dos posibles niveis de protección dos produtos e o seu réxime e condicións, así como os dereitos e as obrigas que se derivan.
- b) O réxime de titularidade das denominacións, respectando a lexislación de propiedade industrial.
- c) A regulación das formas e das condicións de produción e comercialización dos correspondentes produtos e o réxime sancionador aplicable.
- d) O réxime da organización administrativa da denominación de orixe, ou mención de calidade, referida tanto á xestión como ao control da produción e a comercialización.

2. A competencia á que se refire o punto 1 inclúe o recoñecemento das denominacións ou as indicacións, a aprobación das súas normas reguladoras e todas as facultades administrativas de xestión e control sobre a actuación das denominacións ou as indicacións, especialmente as que derivan da eventual tutela administrativa sobre os órganos da denominación e do exercicio da potestade sancionadora por infraccións do réxime da denominación.

3. A Generalitat, no suposto de que o territorio dunha denominación supere os límites de Cataluña, exerce as facultades de xestión e control sobre as actuacións dos órganos da denominación relativas a terreos e instalacións situados en Cataluña, nos termos que determinen as leis. A Generalitat participa nos órganos da denominación e no exercicio das súas facultades de xestión.

4. A Generalitat exerce sobre o seu territorio as obrigas de protección derivadas do recoñecemento pola propia Generalitat dunha denominación de orixe ou dunha indicación xeográfica protexida. As autoridades correspondentes colaboran na protección das denominacións xeográficas e de calidade catalás fóra do territorio de Cataluña e ante as correspondentes institucións de protección europeas e internacionais.

#### ARTIGO 129. **Dereito civil**

Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de dereito civil, coa excepción das materias que o artigo 149.1.8 da Constitución lle atribúe, en todo caso, ao Estado. Esta competencia inclúe a determinación do sistema de fontes do dereito civil de Cataluña.

#### ARTIGO 130. **Dereito procesual**

Correspóndelle á Generalitat ditar as normas procesuais específicas que deriven das particularidades do dereito substantivo de Cataluña.

#### ARTIGO 131. **Educación**

1. Correspóndelle á Generalitat, en materia de ensino non universitario, a competencia exclusiva sobre as ensinanzas postobrigatorias que non conduzan á obtención de título ou certificación académica ou profesional con validez en todo o Estado e sobre os centros docentes nos que se impartan estas ensinanzas.

2. Correspóndelle á Generalitat, en materia de ensino non universitario, con relación ás ensinanzas obrigatorias e non obrigatorias que conducen á obtención dun título académico ou profesional con validez en todo o Estado e ás ensinanzas de educación infantil, a competencia exclusiva, que inclúe:

- a) A regulación dos órganos de participación e consulta dos sectores afectados na programación do ensino no seu territorio.
- b) A determinación dos contidos educativos do primeiro ciclo da educación infantil e a regulación dos centros nos que se imparta o de-

- vandito ciclo, así como a definición dos equipos do profesorado e as titulacións e especializacións do persoal restante.
- c) A creación, o desenvolvemento organizativo e o réxime dos centros públicos.
  - d) A inspección, a avaliación interna do sistema educativo, a innovación, a investigación e a experimentación educativas, así como a garantía da calidade do sistema educativo.
  - e) O réxime de fomento do estudo, de bolsas e de axudas con fondos propios.
  - f) A formación permanente e o perfeccionamento do persoal docente e dos demais profesionais da educación e a aprobación de directrices de actuación en materia de recursos humanos.
  - g) Os servizos educativos e as actividades extraescolares complementarias con relación aos centros docentes públicos e aos privados sostidos con fondos públicos.
  - h) Os aspectos organizativos das ensinanzas en réxime non presencial dirixidas ao alumnado de idade superior á de escolarización obrigatoria.
3. No non regulado no punto 2 e en relación coas ensinanzas que nel se contemplan, correspóndelle á Generalitat, respectando os aspectos esenciais do dereito á educación e á liberdade de ensino en materia de ensino non universitario e de acordo co disposto no artigo 149.1.30 da Constitución, a competencia compartida que inclúe en todo caso:
- a) A programación do ensino, a súa definición e a avaliación xeral do sistema educativo.
  - b) A ordenación do sector do ensino e da actividade docente e educativa.
  - c) O establecemento dos correspondentes plans de estudos, incluída a ordenación curricular.
  - d) O réxime de fomento do estudo, de bolsas e de axudas estatais.
  - e) O acceso á educación e o establecemento e a regulación dos criterios de admisión e escolarización do alumnado nos centros docentes.
  - f) O réxime de sostemento con fondos públicos das ensinanzas do sistema educativo e dos centros que as imparten.
  - g) Os requisitos e condicións dos centros docentes e educativos.
  - h) A organización dos centros públicos e privados sostidos con fondos públicos.

- i) A participación da comunidade educativa no control e xestión dos centros docentes públicos e dos privados sostidos con fondos públicos.
  - j) A adquisición e perda da condición de funcionario ou funcionaria docente da Administración educativa, o desenvolvemento dos seus dereitos e deberes básicos, así como a política de persoal ao servizo da Administración educativa.
4. Correspóndelle á Generalitat, en materia de ensino non universitario, a competencia executiva sobre a expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais estatais.

#### ARTIGO 132. Emerxencias e protección civil

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de protección civil, que inclúe, en todo caso, a regulación, a planificación e execución de medidas relativas ás emerxencias e á seguridade civil, así como a dirección e coordinación dos servizos de protección civil, que inclúen os servizos de prevención e extinción de incendios, sen prexuízo das facultades nesta materia dos gobernos locais, respectando o establecido polo Estado no exercicio das súas competencias en materia de seguridade pública.
2. A Generalitat, nos casos relativos a emerxencias e protección civil de alcance superior en Cataluña, debe promover mecanismos de colaboración con outras comunidades autónomas e co Estado.
3. Correspóndelle á Generalitat a competencia executiva en materia de salvamento marítimo, nos termos que determine a lexislación do Estado.
4. A Generalitat participa na execución en materia de seguridade nuclear nos termos que se acorden nos convenios subscritos para o efecto e, se é o caso, nas leis.

#### ARTIGO 133. Enerxía e minas

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida en materia de enerxía. Esta competencia inclúe en todo caso:
  - a) A regulación das actividades de produción, almacenaxe e transporte

de enerxía, o outorgamento das autorizacións das instalacións que transcorran integramente polo territorio de Cataluña e o exercicio das actividades de inspección e control de todas as instalacións existentes en Cataluña.

- b) A regulación da actividade de distribución de enerxía que se leve a cabo en Cataluña, o outorgamento das autorizacións das instalacións correspondentes e o exercicio das actividades de inspección e control de todas as instalacións existentes en Cataluña.
- c) O desenvolvemento das normas complementarias de calidade dos servizos de subministración de enerxía.
- d) O fomento e a xestión das enerxías renovables e da eficiencia enerxética.

2. A Generalitat participa mediante a emisión dun informe previo no procedemento de outorgamento da autorización das instalacións de produción e transporte de enerxía que superen o territorio de Cataluña ou cando a enerxía sexa obxecto de aproveitamento fóra deste territorio.

3. A Generalitat participa na regulación e planificación de ámbito estatal do sector da enerxía que afecte o territorio de Cataluña.

4. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida sobre o réxime mineiro. Esta competencia inclúe, en todo caso, a regulación e o réxime de intervención administrativa e control das minas e os recursos mineiros que estean situados no territorio de Cataluña e das actividades extractivas que se leven a cabo.

#### ARTIGO 134. **Deporte e tempo libre**

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de deporte, que inclúe en todo caso:

- a) O fomento, a divulgación, a planificación e a coordinación, a execución, o asesoramento, a implantación e a proxección da práctica da actividade física e do deporte en calquera parte de Cataluña, en todos os niveis sociais.
- b) A ordenación dos órganos de mediación en materia de deporte.
- c) A regulación da formación deportiva e o fomento da tecnificación e do alto rendemento deportivo.
- d) O establecemento do réxime xurídico das federacións e dos clubs

deportivos e das entidades catalás que promoven e organizan a práctica do deporte e da actividade física no ámbito de Cataluña e a declaración de utilidade pública das entidades deportivas.

- e) A regulación en materia de disciplina deportiva, competitiva e electoral das entidades que promoven e organizan a práctica deportiva.
- f) O fomento e a promoción do asociacionismo deportivo.
- g) O rexistro das entidades que promoven e organizan a práctica da actividade física e deportiva con sede social en Cataluña.
- h) A planificación da rede de equipamentos deportivos de Cataluña e a promoción da súa execución.
- i) O control e o seguimento médico-deportivo e de saúde dos practicantes da actividade física e deportiva.
- j) A regulación en materia de prevención e control da violencia nos espectáculos públicos deportivos, respectando as facultades reservadas ao Estado en materia de seguridade pública.
- k) A garantía da saúde dos espectadores e das demais persoas implicadas na organización e no exercicio da actividade física e deportiva, así como da seguridade e do control sanitarios dos equipamentos deportivos.
- l) O desenvolvemento da investigación científica en materia deportiva.

2. A Generalitat participa en entidades e organismos de ámbito estatal, europeo e internacional que teñan por obxecto o desenvolvemento do deporte.

3. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de tempo libre, que inclúe en todo caso o fomento e a regulación das actividades que se leven a cabo no territorio de Cataluña e o réxime xurídico das entidades que teñan por finalidade o exercicio de actividades de tempo libre.

4. A Generalitat participa en entidades e organismos de ámbito estatal, europeo e internacional que teñan por obxecto o desenvolvemento do tempo libre.

#### ARTIGO 135. **Estatística**

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva sobre estatística de interese da Generalitat, que inclúe en todo caso:

- a) A planificación estatística.
  - b) A organización administrativa.
  - c) A creación dun sistema estatístico oficial propio da Generalitat.
2. A Generalitat participa e colabora na elaboración de estatísticas de alcance supraautonómico.

**ARTIGO 136. A función pública e o persoal ao servizo das administracións públicas catalás**

Correspóndelle á Generalitat, en materia de función pública, respectando o principio de autonomía local:

- a) A competencia exclusiva sobre o réxime estatutario do persoal ao servizo das administracións públicas catalás e sobre a ordenación e a organización da función pública, agás o disposto na letra *b*.
- b) A competencia compartida para o desenvolvemento dos principios ordenadores do emprego público sobre a adquisición e perda da condición de funcionario, as situacións administrativas e os dereitos, deberes e incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- c) A competencia exclusiva, en materia de persoal laboral, para a adaptación da relación de postos de traballo ás necesidades derivadas da organización administrativa e sobre a formación deste persoal.

**ARTIGO 137. Vivenda**

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de vivenda, que inclúe en todo caso:

- a) A planificación, a ordenación, a xestión, a inspección e o control da vivenda, de acordo coas necesidades sociais e de equilibrio territorial.
- b) O establecemento de prioridades e obxectivos da actividade de fomento das administracións públicas de Cataluña en materia de vivenda e a adopción das medidas necesarias para o seu alcance, tanto en relación co sector público coma co privado.
- c) A promoción pública de vivendas.
- d) A regulación administrativa do comercio referido a vivendas e o

establecemento de medidas de protección e disciplinarias neste ámbito.

- e) As normas técnicas, a inspección e o control sobre a calidade da construción.
- f) As normas sobre a habitabilidade das vivendas.
- g) A innovación tecnolóxica e a sostibilidade aplicable ás vivendas.
- h) A normativa sobre conservación e mantemento das vivendas e a súa aplicación.

2. Correspóndelle á Generalitat a competencia sobre as condicións dos edificios para a instalación de infraestruturas comúns de telecomunicacións, radiodifusión, telefonía básica e outros servizos por cable, respectando a lexislación do Estado en materia de telecomunicacións.

**ARTIGO 138. Inmigración**

1. Correspóndelle á Generalitat en materia de inmigración:

- a) A competencia exclusiva en materia de primeira acollida das persoas inmigradas, que incluírá as actuacións sociosanitarias e de orientación.
- b) O desenvolvemento da política de integración das persoas inmigradas no marco das súas competencias.
- c) O establecemento e a regulación das medidas necesarias para a integración social e económica das persoas inmigradas e para a súa participación social.
- d) O establecemento por lei dun marco de referencia para a acollida e integración das persoas inmigradas.
- e) A promoción e a integración das persoas regresadas e a axuda a estas, impulsando as políticas e as medidas pertinentes que faciliten o seu regreso a Cataluña.

2. Correspóndelle á Generalitat a competencia executiva en materia de autorización de traballo dos estranxeiros cuxa relación laboral se desenvolva en Cataluña. Esta competencia, que se exercerá en necesaria coordinación coa que lle corresponde ao Estado en materia de entrada e residencia de estranxeiros, inclúe:

- a) A tramitación e resolución das autorizacións iniciais de traballo por conta propia ou allea.

b) A tramitación e a resolución dos recursos presentados con relación aos expedientes aos que se refire a letra a e a aplicación do réxime de inspección e sanción.

3. Correspóndelle á Generalitat a participación nas decisións do Estado sobre inmigración con especial transcendencia para Cataluña e, en particular, a participación preceptiva previa na determinación do continxente de traballadores estranxeiros, a través dos mecanismos previstos no título V.

#### ARTIGO 139. **Industria, artesanía, control metrolóxico e contraste de metais**

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de industria, agás o establecido no punto 2. Esta competencia inclúe, en todo caso, a ordenación dos sectores e dos procesos industriais en Cataluña, a seguridade das actividades, das instalacións, dos equipos, dos procesos e dos produtos industriais e a regulación das actividades industriais que poidan producir impacto na seguridade ou saúde das persoas.

2. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida sobre a planificación da industria, no marco da planificación xeral da economía.

3. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de artesanía.

4. Correspóndelle á Generalitat a competencia executiva en materia de control metrolóxico.

5. Correspóndelle á Generalitat a competencia executiva en materia de contraste de metais.

#### ARTIGO 140. **Infraestruturas do transporte e as comunicacións**

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva sobre portos, aeroportos, heliportos e demais infraestruturas de transporte no territorio de Cataluña que non teñan a cualificación legal de interese xeral. Esta competencia inclúe, en todo caso:

a) O réxime xurídico, a planificación e a xestión de todos os portos e aeroportos, instalacións portuarias e aeroportuarias, instalacións marítimas menores, estacións terminais de carga en recintos portuarios e aeroportuarios e demais infraestruturas de transporte.

b) A xestión do dominio público necesario para prestar o servizo, especialmente o outorgamento de autorizacións e concesións dentro dos recintos portuarios ou aeroportuarios.

c) O réxime económico dos servizos portuarios e aeroportuarios, especialmente as potestades tarifaria e tributaria, e a percepción e a recadación de todo tipo de tributos e gravames relacionados coa utilización da infraestrutura e do servizo que presta.

d) A delimitación da zona de servizos dos portos ou aeroportos e a determinación dos usos, equipamentos e actividades complementarias dentro do recinto do porto ou aeroporto ou doutras infraestruturas de transporte, respectando as facultades de titular do dominio público.

2. A Generalitat participa nos organismos de ámbito supraautonómico que exercen funcións sobre as infraestruturas de transporte situadas en Cataluña que son de titularidade estatal.

3. A cualificación de interese xeral dun porto, aeroporto ou outra infraestrutura de transporte situada en Cataluña require o informe previo da Generalitat, que poderá participar na súa xestión ou asumila, de acordo co previsto nas leis.

4. Correspóndelle á Generalitat a participación na planificación e na programación de portos e aeroportos de interese xeral, nos termos que determine a normativa estatal.

5. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva sobre a súa rede viaria en todo o ámbito territorial de Cataluña, así como a participación na xestión da do Estado en Cataluña, de acordo co previsto na normativa estatal. Esta competencia inclúe en todo caso:

a) A ordenación, planificación e xestión integrada da rede viaria de Cataluña.

b) O réxime xurídico e financeiro de todos os elementos da rede viaria dos que é titular a Generalitat.

c) A conectividade dos elementos que integran a rede viaria de Cataluña entre eles ou con outras infraestruturas do transporte ou outras redes.



6. Correspóndelle á Generalitat, en materia de rede ferroviaria, a competencia exclusiva con relación ás infraestruturas das que é titular e a participación na planificación e xestión das infraestruturas de titularidade estatal situadas en Cataluña, de acordo co previsto na normativa estatal.

7. Correspóndelle á Generalitat, de acordo coa normativa do Estado, a competencia executiva en materia de comunicacións electrónicas, que inclúe en todo caso:

- a) Promover a existencia dun conxunto mínimo de servizos de acceso universal.
- b) A inspección das infraestruturas comúns de telecomunicacións e o exercicio da potestade sancionadora correspondente.
- c) A resolución de conflitos entre operadores de radiodifusión que compartan múltiplex de cobertura non superior ao territorio de Cataluña.
- d) A xestión do rexistro de instaladores de infraestruturas comúns de telecomunicacións e do de xestores de múltiplex de ámbito non superior ao territorio de Cataluña.

#### ARTIGO 141. **Xogo e espectáculos**

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de xogo, apostas e casinos, cando a actividade se desenvolva exclusivamente en Cataluña, que inclúe en todo caso:

- a) A creación e a autorización de xogos e apostas e a súa regulación, así como a regulación das empresas dedicadas á xestión, á explotación e á práctica destas actividades ou que teñen por obxecto a comercialización e a distribución dos materiais relacionados co xogo en xeral, incluíndo as modalidades de xogo por medios informáticos e telemáticos.
- b) A regulación e o control dos locais, as instalacións e os equipamentos utilizados para levar a cabo estas actividades.
- c) A determinación, no marco das súas competencias, do réxime fiscal sobre a actividade de xogo das empresas que a leven a cabo.

2. A autorización de novas modalidades de xogo e apostas de ámbito estatal, ou ben a modificación das existentes, require a deliberación na Comisión Bilateral Generalitat-Estado prevista no título V e o informe previo determinante da Generalitat.

3. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de espectáculos e actividades recreativas, que inclúe, en todo caso, a ordenación do sector, o réxime de intervención administrativa e o control de todo tipo de espectáculos en espazos e locais públicos.

#### ARTIGO 142. **Xuventude**

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de xuventude, que inclúe en todo caso:

- a) O deseño, a aplicación e a avaliación de políticas, plans e programas destinados á xuventude.
- b) A promoción do asociacionismo xuvenil, das iniciativas de participación da xente nova, da mobilidade internacional e do turismo xuvenil.
- c) A regulación, a xestión, a intervención e a policía administrativa de actividades e instalacións destinadas á xuventude.

2. Correspóndelle á Generalitat a subscrición de acordos con entidades internacionais e a participación nestas en colaboración co Estado ou de forma autónoma, se o permite a normativa da correspondente entidade e, en todo caso, a tramitación de documentos outorgados por entidades internacionais que afecten a persoas, instalacións ou entidades con residencia en Cataluña, respectando a lexislación do Estado.

#### ARTIGO 143. **Lingua propia**

1. Correspóndelle á Generalitat de Cataluña a competencia exclusiva en materia de lingua propia, que inclúe, en todo caso, a determinación do alcance, os usos e os efectos xurídicos da súa oficialidade, así como a normalización lingüística do catalán.

2. Correspóndelle á Generalitat e tamén ao Conselh Generau de Arán a competencia sobre a normalización lingüística do occitano, denominado *aranés* en Arán.

#### ARTIGO 144. **Ambiente, espazos naturais e meteoroloxía**

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida en materia de ambiente e a competencia para o establecemento de normas adi-



cionais de protección. Esta competencia compartida inclúe en todo caso:

- a) O establecemento e a regulación dos instrumentos de planificación ambiental e do procedemento de tramitación e aprobación destes instrumentos.
  - b) O establecemento e a regulación de medidas de sostibilidade, fiscalidade e investigación ambientais.
  - c) A regulación dos recursos naturais, da flora e da fauna, da biodiversidade, do medio mariño e acuático, se non teñen por finalidade a preservación dos recursos pesqueiros marítimos.
  - d) A regulación sobre prevención na produción de envases e embalaxes en todo o seu ciclo de vida, dende que se xeran ata que pasan a ser residuos.
  - e) A regulación sobre prevención e corrección da xeración de residuos con orixe ou destino en Cataluña e sobre a súa xestión e traslado e a súa disposición final.
  - f) A regulación da prevención, o control, a corrección, a recuperación e a compensación da contaminación de solo e subsolo.
  - g) A regulación e a xestión das verteduras efectuadas nas augas interiores de Cataluña, así como das efectuadas nas augas superficiais e subterráneas que non pasen por outra comunidade autónoma. En todo caso, dentro do seu ámbito territorial, correspóndelle á Generalitat a competencia executiva sobre a intervención administrativa das verteduras nas augas superficiais e subterráneas.
  - h) A regulación do ambiente atmosférico e das distintas clases de contaminación deste, a declaración de zonas de atmosfera contaminada e o establecemento doutros instrumentos de control da contaminación con independencia da administración competente para autorizar a obra, a instalación ou a actividade que a produza.
  - i) A regulación do réxime de autorización e seguimento de emisión de gases de efecto invernadoiro.
  - j) A promoción das cualificacións relativas a produtos, actividades, instalacións, infraestruturas, procedementos, procesos produtivos ou condutas respectuosas cara ao medio.
  - k) A prevención, restauración e reparación de danos ao medio, así como o correspondente réxime sancionador.
  - l) As medidas de protección das especies e o réxime sancionador.
2. Correspóndelle á Generalitat, en materia de espazos naturais, a

competencia exclusiva que, respectando o disposto no artigo 149.1.23 da Constitución inclúe, en todo caso, a regulación e a declaración das figuras de protección, delimitación, planificación e xestión de espazos naturais e de hábitats protexidos situados en Cataluña.

3. A Generalitat, no caso dos espazos naturais que superan o territorio de Cataluña, debe promover os instrumentos de colaboración con outras comunidades autónomas para crear, delimitar, regular e xestionar os devanditos espazos.

4. A declaración e a delimitación de espazos naturais dotados dun réxime de protección estatal require o informe preceptivo da Comisión Bilateral Generalitat-Estado. Se o espazo está situado integramente no territorio de Cataluña, a xestión correspóndelle á Generalitat.

5. Correspóndelle á Generalitat o establecemento dun servizo meteorolóxico propio, a subministración de información meteorolóxica e climática, incluíndo o prognóstico, o control e o seguimento das situacións meteorolóxicas de risco, así como a investigación nestes ámbitos e a elaboración da cartografía climática.

6. A Generalitat exerce as súas competencias mediante o Corpo de Axentes Rurais, competentes na vixilancia, o control, a protección, a prevención integral e a colaboración na xestión do medio. Os membros deste corpo teñen a condición de axentes da autoridade e exercen funcións de policía administrativa especial e policía xudicial, nos termos previstos na lei.

#### ARTIGO 145. **Mercados de valores e centros de contratación**

Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida en materia de mercados de valores e centros de contratación situados en Cataluña. Esta competencia inclúe en todo caso:

- a) A creación, a denominación, a autorización e a supervisión dos mercados de valores e dos sistemas organizados de negociación.
- b) A regulación e as medidas administrativas de execución sobre organización, funcionamento, disciplina e réxime sancionador das sociedades reitoras de mercados de valores.
- c) O control da emisión, a admisión, a suspensión, a exclusión e o establecemento de requisitos adicionais de admisión dos valores que

se negocian exclusivamente nestes mercados, así como a inspección e o control.

- d) A acreditación das persoas e das entidades para ser membros destes mercados.
- e) O establecemento das fianzas que deben constituír os membros das bolsas de valores en garantía das operacións pendentes de liquidación.

#### ARTIGO 146. **Medios de comunicación social e servizos de contido audiovisual**

1. Correspóndelle á Generalitat, en materia de servizos de radio e televisión, así como de calquera outro servizo de comunicación audiovisual:

- a) A competencia exclusiva sobre a organización da prestación do servizo público de comunicación audiovisual da Generalitat e dos servizos públicos de comunicación audiovisual de ámbito local, respectando a garantía da autonomía local.
- b) A competencia compartida sobre a regulación e o control dos servizos de comunicación audiovisual que utilicen calquera dos soportes e tecnoloxías dispoñibles dirixidos ao público de Cataluña, así como sobre as ofertas de comunicación audiovisual se se distribúen no territorio de Cataluña.

2. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida en materia de medios de comunicación social.

3. A Generalitat fomentará o pluralismo lingüístico e cultural de Cataluña nos medios de comunicación social.

#### ARTIGO 147. **Notariado e rexistros públicos**

1. Correspóndelle á Generalitat de Cataluña, en materia de notarías e rexistros públicos da propiedade, mercantís e de bens mobles, a competencia executiva que inclúe en todo caso:

- a) O nomeamento dos notarios e dos rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles, mediante a convocatoria, administración e resolución das oposicións libres e restrinxidas e dos concursos, que debe convocar e levar a cabo ata a formalización dos nomeamentos. Para a provisión das notarías e dos rexistros, os candidatos

deben ser admitidos en igualdade de dereitos e deben acreditar o coñecemento da lingua e do dereito cataláns, na forma e co alcance que establecen o estatuto e as leis.

- b) A participación na elaboración dos programas de acceso aos corpos de notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles de España, para os efectos de acreditar o coñecemento do dereito catalán.
- c) O establecemento das demarcacións notariais e rexistrais, incluída a determinación dos distritos hipotecarios e dos distritos de competencia territorial dos notarios.
- d) O nomeamento de notarios arquiteiros de protocolos de distrito e garda e custodia dos libros de contadoría de hipotecas.

2. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de réxime dos recursos sobre a cualificación dos títulos ou as cláusulas concretas en materia de dereito catalán, que deban ter acceso a un rexistro da propiedade, mercantil ou de bens mobles de Cataluña.

3. Correspóndelle á Generalitat, no marco da regulación xeral, a competencia executiva en materia de Rexistro Civil, incluído o nomeamento dos seus encargados, interinos e substitutos, o exercicio con relación a estes da función disciplinaria, así como a provisión dos medios humanos e materiais necesarios para o exercicio das funcións. Estes encargados deben acreditar o coñecemento da lingua catalá e do dereito catalán, na forma e co alcance que establezan o estatuto e as leis.

#### ARTIGO 148. **Obras públicas**

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de obras públicas que se executan no territorio de Cataluña e que non fosen cualificadas de interese xeral ou que non afectan outra comunidade autónoma. Esta competencia inclúe, en todo caso, a súa planificación, construción e financiamento.

2. A cualificación de interese xeral require o informe previo da Generalitat. A Generalitat participa na planificación e na programación das obras cualificadas de interese xeral, de conformidade co disposto na lexislación do Estado e segundo o establecido no título V deste estatuto.

3. Correspóndelle á Generalitat a xestión dos servizos públicos da súa competencia aos cales queden afectadas ou adscritas todas as obras públicas que non sexan de interese xeral. No suposto de obras cualificadas de interese xeral ou que afecten outra comunidade autónoma, poderán subscribirse convenios de colaboración para a súa xestión.

#### ARTIGO 149. **Ordenación do territorio e da paisaxe, do litoral e urbanismo**

1. Correspóndelle á Generalitat, en materia de ordenación do territorio e da paisaxe, a competencia exclusiva, que inclúe en todo caso:

- a) O establecemento das directrices de ordenación e xestión do territorio, da paisaxe e das actuacións que inciden nestes.
- b) O establecemento e a regulación das figuras de plan territorial e do procedemento para a súa tramitación e aprobación.
- c) O establecemento e a regulación das figuras de protección de espazos naturais e de corredores biolóxicos, conforme ao previsto no artigo 144.2.
- d) As previsións sobre localizacións das infraestruturas e os equipamentos de competencia da Generalitat.
- e) A determinación de medidas específicas de promoción do equilibrio territorial, demográfico, socioeconómico e ambiental.

2. A determinación da situación de infraestruturas e equipamentos de titularidade estatal en Cataluña require o informe da Comisión Bilateral Generalitat-Estado.

3. Correspóndelle á Generalitat, en materia de ordenación do litoral, respectando o réxime xeral do dominio público, a competencia exclusiva, que inclúe en todo caso:

- a) O establecemento e a regulación dos plans territoriais de ordenación e uso do litoral e das praias, así como a regulación do procedemento de tramitación e aprobación destes instrumentos e plans.
- b) A xestión dos títulos de ocupación e uso do dominio público marítimo terrestre, especialmente o outorgamento de autorizacións e concesións e, en todo caso, as concesións de obras fixas no mar, respectando as excepcións que poidan establecerse por motivos ambientais nas augas costeiras interiores e de transición.

- c) A regulación e a xestión do réxime económico financeiro do dominio público marítimo terrestre, nos termos previstos pola lexislación xeral.
- d) A execución de obras e actuacións no litoral catalán cando non sexan de interese xeral.

4. Correspóndelle á Generalitat a execución e a xestión das obras de interese xeral situadas no litoral catalán, de acordo co establecido polo artigo 148.

5. Correspóndelle á Generalitat, en materia de urbanismo, a competencia exclusiva, que inclúe en todo caso:

- a) A regulación do réxime urbanístico do solo, que inclúe, en todo caso, a determinación dos criterios sobre os diversos tipos de solo e os seus usos.
- b) A regulación do réxime xurídico da propiedade do solo, respectando as condicións básicas que o Estado establece para garantir a igualdade do exercicio do dereito á propiedade.
- c) O establecemento e a regulación dos instrumentos de plan e xestión urbanística, así como do seu procedemento de tramitación e aprobación.
- d) A política de solo e vivenda, a regulación dos patrimonios públicos de solo e vivenda e o réxime da intervención administrativa na edificación, a urbanización e o uso do solo e o subsolo.
- e) A protección da legalidade urbanística, que inclúe, en todo caso, a inspección urbanística, as ordes de suspensión de obras e licenzas, as medidas de restauración da legalidade física alterada, así como a disciplina urbanística.

6. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida en materia de dereito de reversión nas expropiacións urbanísticas no marco da lexislación estatal.

#### ARTIGO 150. **A organización da Administración da Generalitat**

Correspóndelle á Generalitat, en materia de organización da súa Administración, a competencia exclusiva sobre:

- a) A estrutura, a regulación dos órganos e directivos públicos, o funcionamento e a articulación territorial.

- b) As distintas modalidades organizativas e instrumentais para a actuación administrativa.

#### ARTIGO 151. Organización territorial

Correspóndelle á Generalitat, respectando a garantía institucional establecida pola Constitución nos artigos 140 e 141, a competencia exclusiva sobre organización territorial, que inclúe en todo caso:

- a) A determinación, a creación, a modificación e a supresión das entidades que configuran a organización territorial de Cataluña.
- b) A creación, a supresión e a alteración dos termos, tanto dos municipios coma das entidades locais de ámbito territorial inferior; a denominación, a capitalidade e os símbolos dos municipios e das demais entidades locais; os topónimos e a determinación dos réximes especiais.
- c) O establecemento mediante lei de procedementos de relación entre as entidades locais e a poboación, respectando a autonomía local.

#### ARTIGO 152. Planificación, ordenación e promoción da actividade económica

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia para a promoción da actividade económica en Cataluña.
2. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida sobre a ordenación da actividade económica en Cataluña.
3. A Generalitat pode establecer unha planificación da actividade económica no marco das directrices que estableza a planificación xeral do Estado.
4. Correspóndelle á Generalitat o desenvolvemento e a xestión da planificación xeral da actividade económica. Esta competencia inclúe en todo caso:
  - a) O desenvolvemento dos plans estatais.
  - b) A participación na planificación estatal, a través dos mecanismos previstos no título V.
  - c) A xestión dos plans, incluíndo os fondos e os recursos de orixe estatal destinados ao fomento da actividade económica, nos termos que se establezan mediante convenio.

#### ARTIGO 153. Políticas de xénero

Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de políticas de xénero que, respectando o establecido polo Estado no exercicio da competencia que lle atribúe o artigo 149.1.1 da Constitución, inclúe en todo caso:

- a) A planificación, deseño, execución, avaliación e control de normas, plans e directrices xerais en materia de políticas para a muller, así como o establecemento de accións positivas para conseguir erradicar a discriminación por razón de sexo que teñan que executarse con carácter unitario para todo o territorio de Cataluña.
- b) A promoción do asociacionismo de mulleres que realizan actividades relacionadas coa igualdade e a non discriminación e das iniciativas de participación.
- c) A regulación das medidas e os instrumentos para a sensibilización sobre a violencia de xénero e para a súa detección e prevención, así como a regulación de servizos e recursos propios destinados a conseguir unha protección integral das mulleres que sufriron ou sofren este tipo de violencia.

#### ARTIGO 154. Promoción e defensa da competencia

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de promoción da competencia nos mercados respecto das actividades económicas que se exercen principalmente en Cataluña.
2. Correspóndelle á Generalitat a competencia executiva en materia de defensa da competencia no exercicio das actividades económicas que alteren ou poidan alterar a libre competencia do mercado nun ámbito que non supere o territorio de Cataluña. Esta competencia inclúe en todo caso:
  - a) A execución en medidas relativas aos procesos económicos que afecten a competencia.
  - b) A inspección e execución do procedemento sancionador.
  - c) A defensa da competencia no exercicio da actividade comercial.
3. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva sobre o establecemento e a regulación do Tribunal Catalán de Defensa da Competencia, como órgano independente, con xurisdición sobre todo o te-

territorio de Cataluña, ao que lle corresponde en exclusiva tratar das actividades económicas que se leven a cabo principalmente en Cataluña e que alteren ou poidan alterar a competencia, nos termos previstos nos puntos 1 e 2.

#### ARTIGO 155. **Propiedade intelectual e industrial**

1. Correspóndelle á Generalitat de Cataluña a competencia executiva en materia de propiedade intelectual, que inclúe en todo caso:

- a) O establecemento e a regulación dun rexistro, coordinado co do Estado, dos dereitos de propiedade intelectual xerados en Cataluña ou dos que sexan titulares persoas con residencia habitual en Cataluña; a actividade de inscrición, modificación ou cancelación destes dereitos e o exercicio da actividade administrativa necesaria para garantir a súa protección en todo o territorio de Cataluña. A Generalitat debe comunicarlle ao Estado as inscricións efectuadas no seu rexistro para que sexan incorporadas ao rexistro estatal; debe colaborar con este e facilitar o intercambio de información.
- b) A autorización e a revogación das entidades de xestión colectiva dos dereitos de propiedade intelectual que actúen maioritariamente en Cataluña, así como asumir tarefas complementarias de inspección e control da actividade das devanditas entidades.

2. Correspóndelle á Generalitat a competencia executiva en materia de propiedade industrial, que inclúe en todo caso:

- a) O establecemento e a regulación dun rexistro, coordinado co do Estado, de dereitos de propiedade industrial das persoas físicas ou xurídicas.
- b) A defensa xurídica e procesual dos topónimos de Cataluña aplicados ao sector da industria.

#### ARTIGO 156. **Protección de datos de carácter persoal**

Correspóndelle á Generalitat a competencia executiva en materia de protección de datos de carácter persoal que, respectando as garantías dos dereitos fundamentais nesta materia, inclúe en todo caso:

- a) A inscrición e o control dos ficheiros ou os tratamentos de datos de carácter persoal creados ou xestionados polas institucións públicas de Cataluña, a Administración da Generalitat, as administracións locais de Cataluña, as entidades autónomas e as demais entidades de dereito público ou privado que dependen da Administración autonómica ou local ou que prestan servizos ou realizan actividades por conta propia a través de calquera forma de xestión directa ou indirecta e as universidades que integran o sistema universitario catalán.
- b) A inscrición e o control dos ficheiros ou os tratamentos de datos de carácter persoal privados creados ou xestionados por persoas físicas ou xurídicas para o exercicio das funcións públicas con relación a materias que son competencia da Generalitat ou dos entes locais de Cataluña, se o tratamento se efectúa en Cataluña.
- c) A inscrición e o control dos ficheiros e os tratamentos de datos que creen ou xestionen as corporacións de dereito público que exerzan as súas funcións exclusivamente no ámbito territorial de Cataluña.
- d) A constitución dunha autoridade independente, designada polo Parlamento, que vele pola garantía do dereito á protección de datos persoais no ámbito das competencias da Generalitat.

#### ARTIGO 157. **Publicidade**

Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva sobre a regulación da actividade publicitaria, sen prexuízo da lexislación mercantil do Estado.

#### ARTIGO 158. **Investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica**

1. Correspóndelle á Generalitat, en materia de investigación científica e técnica, a competencia exclusiva con relación aos centros e ás estruturas de investigación da Generalitat e aos proxectos financiados por esta, que inclúe en todo caso:

- a) O establecemento de liñas propias de investigación e o seguimento, o control e a avaliación dos proxectos.
- b) A organización, réxime de funcionamento, control, seguimento e acreditación dos centros e estruturas situados en Cataluña.

- c) A regulación e xestión das bolsas e das axudas convocadas e financiadas pola Generalitat.
  - d) A regulación e a formación profesional do persoal investigador e de apoio á investigación.
  - e) A difusión da ciencia e a transferencia de resultados.
2. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida sobre a coordinación dos centros e estruturas de investigación de Cataluña.
3. Os criterios de colaboración entre o Estado e a Generalitat en materia de política de investigación, desenvolvemento e innovación fíxanse no marco do establecido no título V. Igualmente, estableceranse os sistemas de participación da Generalitat na fixación das políticas que afecten estas materias no ámbito da Unión Europea e noutros organismos e institucións internacionais.

**ARTIGO 159. Réxime xurídico, procedemento, contratación, expropiación e responsabilidade nas administracións públicas catalás**

1. Correspóndelle á Generalitat, en materia de réxime xurídico e procedemento das administracións públicas catalás, a competencia exclusiva no non afectado polo artigo 149.1.18 da Constitución. Esta competencia inclúe:
- a) Os medios necesarios para exercer as funcións administrativas, incluíndo o réxime dos bens de dominio público e patrimoniais.
  - b) As potestades de control, inspección e sanción en todos os ámbitos materiais de competencia da Generalitat.
  - c) As normas de procedemento administrativo que se deriven das particularidades do dereito substantivo de Cataluña ou das especialidades da organización da Generalitat.
2. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida en todo o relativo ao réxime xurídico e ao procedemento das administracións públicas catalás no non previsto polo punto 1.
3. Correspóndelle á Generalitat, con relación aos contratos das administracións públicas de Cataluña:
- a) A competencia exclusiva sobre organización e competencias en materia de contratación dos órganos das administracións públicas ca-

talás e sobre as regras de execución, modificación e extinción dos contratos da Administración, no non afectado polo artigo 149.1.18 da Constitución.

- b) A competencia compartida en todo o non atribuído á competencia exclusiva da Generalitat pola letra *a*.
4. Correspóndelle á Generalitat, en materia de expropiación forzosa, a competencia executiva, en todo caso, para:
- a) Determinar os supostos, as causas e as condicións nas que as administracións catalás poden exercer a potestade expropiatoria.
  - b) Establecer criterios de valoración dos bens expropiados segundo a natureza e a función social que teñan que cumprir, de acordo coa lexislación estatal.
  - c) Crear e regular un órgano propio para a determinación do prezo xusto e fixar o seu procedemento.
5. Correspóndelle á Generalitat, en materia de responsabilidade patrimonial, a competencia compartida para establecer as causas que poden orixinar responsabilidade con relación ás reclamacións dirixidas á Generalitat, de acordo co sistema xeral de responsabilidade de todas as administracións públicas.
6. As competencias da Generalitat relacionadas nos puntos 1, 3, 4 e 5 deben exercerse respectando o principio de autonomía local.

**ARTIGO 160. Réxime local**

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de réxime local que, respectando o principio de autonomía local, inclúe:
- a) As relacións entre as institucións da Generalitat e os entes locais, así como as técnicas de organización e de relación para a cooperación e a colaboración entre os entes locais e entre estes e a Administración da Generalitat, incluíndo as distintas formas asociativas, mancomunadas, convencionais e consorciais.
  - b) A determinación das competencias e das potestades propias dos municipios e dos demais entes locais, nos ámbitos especificados polo artigo 84.
  - c) O réxime dos bens de dominio público, comunais e patrimoniais e as modalidades de prestación dos servizos públicos.



- d) A determinación dos órganos de goberno dos entes locais creados pola Generalitat e o funcionamento e réxime de adopción de acordos destes órganos.
- e) O réxime dos órganos complementarios da organización dos entes locais.
2. Correspóndelle á Generalitat a competencia compartida en todo o non establecido polo punto 1.
3. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de réxime electoral dos entes locais creados por aquela, coa excepción dos constitucionalmente garantidos.

#### ARTIGO 161. **Relacións coas entidades relixiosas**

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de entidades relixiosas que leven a cabo a súa actividade en Cataluña, que inclúe, en todo caso, a regulación e o establecemento de mecanismos de colaboración e cooperación para o exercicio das súas actividades no ámbito das competencias da Generalitat.
2. Correspóndelle á Generalitat a competencia executiva en materia relativa á liberdade relixiosa. Esta competencia inclúe en todo caso:
- a) Participar na xestión do Rexistro Estatal de Entidades Relixiosas con relación ás igrexas, confesións e comunidades relixiosas que leven a cabo a súa actividade en Cataluña, nos termos que determinen as leis.
- b) O establecemento de acordos e convenios de cooperación coas igrexas, as confesións e as comunidades relixiosas inscritas no Rexistro Estatal de Entidades Relixiosas no ámbito de competencias da Generalitat.
- c) A promoción, o desenvolvemento e a execución no ámbito das competencias da Generalitat dos acordos e dos convenios asinados entre o Estado e as igrexas, confesións e comunidades relixiosas inscritas no Rexistro Estatal de Entidades Relixiosas.
3. A Generalitat colabora nos órganos de ámbito estatal que teñen atribuídas funcións en materia de entidades relixiosas.

#### ARTIGO 162. **Sanidade, saúde pública, ordenación farmacéutica e produtos farmacéuticos**

1. Correspóndelle á Generalitat, en materia de sanidade e saúde pública, a competencia exclusiva sobre a organización e o funcionamento interno, a avaliación, a inspección e o control de centros, servizos e establecementos sanitarios.
2. Correspóndelle á Generalitat a ordenación farmacéutica no marco do artigo 149.1.16 da Constitución.
3. Correspóndelle á Generalitat, en todo caso, a competencia compartida nos seguintes ámbitos:
- a) A ordenación, a planificación, a determinación, a regulación e a execución das prestacións e os servizos sanitarios sociosanitarios e de saúde mental de carácter público en todos os niveis e para todos os cidadáns.
- b) A ordenación, a planificación, a determinación, a regulación e a execución das medidas e as actuacións destinadas a preservar, protexer e promover a saúde pública en todos os ámbitos, incluíndo a saúde laboral, a sanidade animal con efectos sobre a saúde humana, a sanidade alimentaria, a sanidade ambiental e a vixilancia epidemiolóxica.
- c) A planificación dos recursos sanitarios de cobertura pública e a coordinación das actividades sanitarias privadas co sistema sanitario público.
- d) A formación sanitaria especializada, que inclúe a acreditación e a avaliación de centros; a planificación da oferta de prazas; a participación na elaboración das convocatorias e a xestión dos programas de formación das especialidades e as áreas de capacitación específica e a expedición de diplomas de áreas de capacitación específica.
- e) O réxime estatutario e a formación do persoal que presta servizos no sistema sanitario público.
4. A Generalitat participa na planificación e na coordinación estatal en materia de sanidade e saúde pública, conforme ao previsto no título V.
5. Correspóndelle á Generalitat a competencia executiva da lexislación estatal en materia de produtos farmacéuticos.



**ARTIGO 163. Seguridade privada**

Correspóndelle á Generalitat a execución da lexislación do Estado nas seguintes materias:

- a) A autorización das empresas de seguridade privada que teñan o seu domicilio social en Cataluña e cuxo ámbito de actuación estea limitado ao seu territorio.
- b) A inspección e sanción das actividades de seguridade privada que se realicen en Cataluña.
- c) A autorización dos centros de formación do persoal de seguridade privada.
- d) A coordinación dos servizos de seguridade e investigación privadas coa policía da Generalitat e as policía locais de Cataluña.

**ARTIGO 164. Seguridade pública**

1. Correspóndelle á Generalitat, en materia de seguridade pública, de acordo co disposto na lexislación estatal:

- a) A planificación e regulación do sistema de seguridade pública de Cataluña e a ordenación das policía locais.
- b) A creación e a organización da Policía da Generalitat-Mossos d'Esquadra.
- c) O control e a vixilancia do tráfico.

2. Correspóndelle á Generalitat o mando supremo da Policía da Generalitat-Mossos d'Esquadra e a coordinación da actuación das policía locais.

3. Correspóndelle á Generalitat, no marco da lexislación estatal sobre seguridade, as facultades executivas que lle atribúa o Estado e, en todo caso:

- a) As funcións gubernativas sobre o exercicio dos dereitos de reunión e manifestación.
- b) O cumprimento das disposicións para a conservación da natureza, do medio e dos recursos hidrolóxicos.

4. A Generalitat participa, mediante unha Xunta de Seguridade de composición paritaria entre a Generalitat e o Estado e presidida polo presidente da Generalitat, na coordinación das políticas de seguridade

e da actividade dos corpos policiais do Estado e de Cataluña, así como no intercambio de información no ámbito internacional e nas relacións de colaboración e auxilio coas autoridades policiais doutros países. A Generalitat, de acordo co Estado, estará presente nos grupos de traballo de colaboración coas policía doutros países nas que participe o Estado.

5. A Policía da Generalitat-Mossos d'Esquadra ten como ámbito de actuación o conxunto do territorio de Cataluña e exerce todas as funcións propias dun corpo de policía, nos seguintes ámbitos:

- a) A seguridade cidadá e a orde pública.
- b) A policía administrativa, que inclúe a que deriva da normativa estatal.
- c) A policía xudicial e a investigación criminal, incluída as diversas formas de crime organizado e terrorismo, nos termos establecidos polas leis.

**ARTIGO 165. Seguridade Social**

1. Correspóndelle á Generalitat, en materia de Seguridade Social, respectando os principios de unidade económico-patrimonial e solidariedade financeira da Seguridade Social, a competencia compartida, que inclúe:

- a) O desenvolvemento e a execución da lexislación estatal, agás as normas que configuran o réxime económico.
- b) A xestión do réxime económico da Seguridade Social.
- c) A organización e a xestión do patrimonio e os servizos que integran a asistencia sanitaria e os servizos sociais do sistema da Seguridade Social en Cataluña.
- d) A ordenación e o exercicio das potestades administrativas sobre as institucións, as empresas e as fundacións que colaboran co sistema da Seguridade Social, nas materias indicadas na letra c, así como a coordinación das actividades de prevención de riscos laborais que desenvolvan en Cataluña as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- e) O recoñecemento e xestión das pensións non contributivas.
- f) A coordinación das actuacións do sistema sanitario vinculadas ás prestacións de Seguridade Social.

2. A Generalitat poder  organizar e administrar para tales fins, e dentro do seu territorio, todos os servizos relacionados coas materias antes expostas e exercer  a tutela das institucións, entidades e fundaci ns en materia de sanidade e Seguridade Social, e reservarse o Estado a alta inspecci n.

#### ARTIGO 166. **Servizos sociais, voluntariado, menores e promoci n das familias**

1. Corresp ndelle   Generalitat a competencia exclusiva en materia de servizos sociais que, en todo caso, incl e:

- a) A regulaci n e a ordenaci n da actividade de servizos sociais, as prestaci ns t cnicas e as prestaci ns econ micas con finalidade asistencial ou complementarias doutros sistemas de previsi n p blica.
- b) A regulaci n e a ordenaci n das entidades, os servizos e os establecementos p blicos e privados que prestan servizos sociais en Catalu a.
- c) A regulaci n e a aprobaci n dos plans e dos programas espec ficos dirixidos a persoas e colectivos en situaci n de pobreza ou de necesidade social.
- d) A intervenci n e o control dos sistemas de protecci n social complementaria privados.

2. Corresp ndelle   Generalitat a competencia exclusiva en materia de voluntariado que incl e, en todo caso, a definici n da actividade e a regulaci n e a promoci n das actuacións destinadas   solidariedade e   acci n voluntaria que se executen individualmente ou a trav s de instituci ns p blicas ou privadas.

3. Corresp ndelle   Generalitat, en materia de menores:

- a) A competencia exclusiva en materia de protecci n de menores, que incl e, en todo caso, a regulaci n do r xime da protecci n e das instituci ns p blicas de protecci n e tutela dos menores desamparados, en situaci n de risco e dos menores infractores, respectando neste  ltimo caso a lexislaci n penal.
- b) A Generalitat participa na elaboraci n e reforma da lexislaci n penal e procesual que incida nas competencias de menores.

4. Corresp ndelle   Generalitat a competencia exclusiva en materia de promoci n das familias e da infancia que, en todo caso, incl e as medidas de protecci n social e a s a execuci n.

#### ARTIGO 167. **S mbolos de Catalu a**

Corresp ndelle   Generalitat a competencia exclusiva sobre a regulaci n, a ordenaci n, a configuraci n e a preservaci n dos s mbolos de Catalu a, de acordo co establecido neste estatuto.

#### ARTIGO 168. **Sistema penal**

1. Corresp ndelle   Generalitat a competencia executiva da lexislaci n do Estado en materia penal, que incl e en todo caso:

- a) A capacidade para ditar disposici ns que adapten a normativa penal   realidade social de Catalu a.
- b) A totalidade da xesti n da actividade penal en Catalu a, especialmente a direcci n, a organizaci n, o r xime, o funcionamento, a planificaci n e a inspecci n das instituci ns penais de calquera tipo situadas en Catalu a.
- c) A planificaci n, a construcci n e a reforma dos establecementos penais situados en Catalu a.
- d) A administraci n e xesti n patrimonial dos inmobles e equipamentos adscritos   Administraci n penal catal  e de todos os medios materiais que lle sexan asignados.
- e) A planificaci n e organizaci n do traballo remunerado da poboaci n reclusa, as  como a execuci n das medidas alternativas en prisi n e as actividades de reinserci n.

2. A Generalitat poder  emitir informes no procedemento de outorgamento de indultos.

#### ARTIGO 169. **Transportes**

1. Corresp ndelle   Generalitat a competencia exclusiva sobre os transportes terrestres de viaxeiros e mercador as por estrada, ferrocarril e cable que transcorran integramente dentro do territorio de Catalu a, con independencia da titularidade da infraestrutura. Esta competencia incl e en todo caso:

- a) A regulación, a planificación, a xestión, a coordinación e a inspección dos servizos e as actividades.
  - b) A regulación da intervención administrativa para o exercicio das actividades de transporte.
  - c) A regulación do transporte urbano e dos servizos de transporte discrecional de viaxeiros en vehículos de turismo.
  - d) A regulación específica do transporte turístico, escolar ou de menores, sanitario, funerario, de mercadorías perigosas ou perecedoiras e doutros que requiran un réxime específico, respectando as competencias estatais sobre seguridade pública.
  - e) A regulación dun sistema de mediación en materia de transportes.
  - f) A potestade tarifaria sobre transportes terrestres.
2. A integración de liñas ou servizos de transporte que transcorran integramente por Cataluña en liñas ou servizos de ámbito superior require o informe previo da Generalitat.
3. A Generalitat participará no establecemento dos servizos ferroviarios que garantan a comunicación con outras comunidades autónomas ou co tránsito internacional, de acordo co previsto no título V.
4. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva sobre os centros de transporte, loxística e distribución localizados en Cataluña, que inclúe:
- a) Os centros de información e distribución de cargas.
  - b) As estacións de transporte por estrada.
5. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva sobre os operadores das actividades vinculadas á organización do transporte, a loxística e a distribución localizadas en Cataluña.
6. Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de transporte marítimo e fluvial que transcorra integramente por Cataluña que, respectando as competencias do Estado en mariña mercante e portos, inclúe:
- a) A regulación, a planificación e a xestión do transporte marítimo e fluvial de pasaxeiros.
  - b) A intervención administrativa pola prestación dos servizos e o exercicio das actividades que teñan relación co transporte marítimo e fluvial.
  - c) Os requisitos para o exercicio da actividade.

ARTIGO 170. **Traballo e relacións laborais**

1. Correspóndelle á Generalitat a competencia executiva en materia de traballo e relacións laborais, que inclúe en todo caso:

- a) As relacións laborais e condicións de traballo.
- b) As políticas activas de ocupación, que inclúen a formación dos demandantes de ocupación e dos traballadores en activo, así como a xestión das subvencións correspondentes. A Generalitat participa nos plans ou actividades de formación que superen o ámbito territorial de Cataluña.
- c) As cualificacións profesionais en Cataluña.
- d) A intermediación laboral, que inclúe a regulación, a autorización e o control das axencias de colocación con sede en Cataluña.
- e) A negociación colectiva e o rexistro dos convenios colectivos de traballo.
- f) Os procedementos de regulación de ocupación e de actuación administrativa en materia de traslados colectivos entre centros de traballo situados en Cataluña.
- g) A prevención de riscos laborais e a seguridade e a saúde no traballo.
- h) A potestade sancionadora das infraccións da orde social no ámbito das súas competencias.
- i) A determinación dos servizos mínimos das folgas que teñan lugar en Cataluña.
- j) O control de legalidade e, se procede, o rexistro posterior dos convenios colectivos de traballo das empresas que exercen a súa actividade exclusivamente en Cataluña.
- k) Os instrumentos de conciliación, mediación e arbitraje laborais.
- l) A elaboración do calendario de días festivos que debe rexer en todo o territorio de Cataluña.

2. Correspóndelle á Generalitat a competencia executiva sobre a función pública inspectora en todo o previsto neste artigo. Para tal efecto, os funcionarios dos corpos que realicen a devandita función dependerán orgánica e funcionalmente da Generalitat. A través dos mecanismos de cooperación previstos no título V, estableceranse as fórmulas de garantía do exercicio eficaz da función inspectora no ámbito social.

**ARTIGO 171. Turismo**

Correspóndelle á Generalitat a competencia exclusiva en materia de turismo, que inclúe en todo caso:

- a) A ordenación e a planificación do sector turístico.
- b) A promoción do turismo que inclúe a subscripción de acordos con entes estranxeiros e a creación de oficinas no estranxeiro.
- c) A regulación e a clasificación das empresas e establecementos turísticos e a xestión da rede de establecementos turísticos de titularidade da Generalitat.  
Co fin de facilitar a coordinación entre estes e os establecementos da Rede de Paradores do Estado que se sitúan en Cataluña, a Generalitat participa, nos termos que estableza a lexislación estatal, nos órganos de administración de Paradores de Turismo de España.
- d) A regulación dos dereitos e deberes específicos dos usuarios e prestadores de servizos turísticos e dos medios alternativos de resolución de conflitos.
- e) As ensinanzas e a formación sobre turismo que non dean dereito á obtención dun título oficial.
- f) A fixación dos criterios, a regulación das condicións e a execución e o control das liñas públicas de axuda e promoción de turismo.

**ARTIGO 172. Universidades**

1. Correspóndelle á Generalitat, en materia de ensino universitario, sen prexuízo da autonomía universitaria, a competencia exclusiva sobre:

- a) A programación e a coordinación do sistema universitario catalán no marco da coordinación xeral.
- b) As decisións de creación de universidades públicas e a autorización das privadas.
- c) A aprobación dos estatutos das universidades públicas e das normas de organización e funcionamento das universidades privadas.
- d) A coordinación dos procedementos de acceso ás universidades.
- e) O marco xurídico dos títulos propios das universidades, de acordo co principio de autonomía universitaria.
- f) O financiamento propio das universidades e, se procede, a xestión dos fondos estatais en materia de ensino universitario.

- g) A regulación e a xestión do sistema propio de bolsas e axudas á formación universitaria e, se procede, a regulación e a xestión dos fondos estatais nesta materia.
- h) O réxime retributivo do persoal docente e investigador contratado das universidades e o establecemento das retribucións adicionais do persoal docente funcionario.

2. Correspóndelle á Generalitat, en materia de ensino universitario, sen prexuízo da autonomía universitaria, a competencia compartida sobre todo aquilo ao que non fai referencia o punto 1, que inclúe en todo caso:

- a) A regulación dos requisitos para a creación e o recoñecemento de universidades e centros universitarios e a adscrición destes centros ás universidades.
- b) O réxime xurídico da organización e o funcionamento das universidades públicas, incluíndo os órganos de goberno e representación.
- c) A adscrición e a desadscrición de centros docentes públicos ou privados para impartir títulos universitarios oficiais e a creación, a modificación e a supresión de centros universitarios en universidades públicas, así como o recoñecemento destes centros en universidades privadas e a implantación e a supresión de ensinanzas.
- d) A regulación do réxime de acceso ás universidades.
- e) A regulación do réxime do profesorado docente e investigador contratado e funcionario.
- f) A avaliación e a garantía da calidade e da excelencia do ensino universitario, así como do persoal docente e investigador.

3. A competencia executiva sobre a expedición dos títulos universitarios oficiais.

**ARTIGO 173. Videovixilancia e control de son e gravacións**

Correspóndelle á Generalitat a competencia sobre o uso da videovixilancia e o control de son e gravacións ou outros medios análogos, no ámbito público, efectuados pola policía de Cataluña ou por empresas e establecementos privados. A Generalitat debe exercer esta competencia respectando os dereitos fundamentais.

TÍTULO V  
DAS RELACIÓNS INSTITUCIONAIS  
DA GENERALITAT

CAPÍTULO I  
RELACIÓNS DA GENERALITAT CO ESTADO  
E CON OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

ARTIGO 174. **Disposicións xerais**

1. A Generalitat e o Estado préstanse axuda mutua e colaboran cando sexa necesario para o exercicio eficaz das competencias respectivas e para a defensa dos intereses respectivos.
2. A Generalitat pode establecer con outras comunidades autónomas relacións de colaboración para a fixación de políticas comúns, para o exercicio eficaz das súas competencias e para o tratamento dos asuntos de interese común, especialmente cando teñan un alcance supraterritorial. A Generalitat debe prestarlles a axuda necesaria ás demais comunidades autónomas para o exercicio eficaz das súas competencias.
3. A Generalitat participa nas institucións, nos organismos e nos procedementos de toma de decisións do Estado que afecten as súas competencias, de acordo co establecido neste estatuto e nas leis.

## SECCIÓN PRIMEIRA

COLABORACIÓN CO ESTADO E CON OUTRAS  
COMUNIDADES AUTÓNOMASARTIGO 175. **Instrumentos de colaboración entre a Generalitat e o Estado**

1. A Generalitat e o Estado, no ámbito das competencias respectivas, poden subscribir convenios de colaboración e facer uso dos outros medios de colaboración que consideren axeitados para cumprir os obxectivos de interese común.
2. A Generalitat tamén colabora co Estado mediante os órganos e os procedementos multilaterais nos ámbitos e nos asuntos de interese común.

ARTIGO 176. **Efectos da colaboración entre a Generalitat e o Estado**

1. A participación da Generalitat nos órganos e os mecanismos bilaterais e multilaterais de colaboración co Estado e con outras comunidades autónomas non altera a titularidade das competencias que lle corresponden.
2. A Generalitat non queda vinculada polas decisións adoptadas no marco dos mecanismos multilaterais de colaboración voluntaria co Estado e con outras comunidades autónomas respecto das cales non manifestase o seu acordo.
3. A Generalitat pode facer constar reservas aos acordos adoptados no marco dos mecanismos multilaterais de colaboración voluntaria cando se tomen sen a súa aprobación.

ARTIGO 177. **Réxime dos convenios entre a Generalitat e o Estado**

1. O réxime xurídico dos convenios asinados pola Generalitat, no que se refire a esta, debe ser establecido por lei do Parlamento.
2. Os convenios subscritos entre o Goberno da Generalitat e o Goberno do Estado deben publicarse no *Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya*, no prazo dun mes, computable dende o día no que se

asinan. A data de publicación dos convenios no *Boletín Oficial del Estado* determina a súa eficacia respecto a terceiros.

ARTIGO 178. **Convenios e acordos con outras comunidades autónomas**

1. A Generalitat pode subscribir con outras comunidades autónomas convenios de colaboración e acordos de cooperación.
2. Os convenios e os acordos coas demais comunidades autónomas poden acordar, entre outros contidos, a creación de órganos mixtos e o establecemento de proxectos, plans e programas conxuntos.
3. A subscrición de convenios e acordos só require a aprobación previa do Parlamento, nos casos que afecten as facultades lexislativas. Nos demais casos, o Goberno debe informar o Parlamento da subscrición no prazo dun mes, computable dende o día da sinatura.
4. Os convenios de colaboración subscritos pola Generalitat con outras comunidades autónomas deben ser comunicados ás Cortes Xerais e a súa vixencia empeza sesenta días despois desta comunicación, agás que as Cortes Xerais decidan que deben cualificarse como acordos de cooperación que requiren a autorización previa á que se refire o artigo 145.2 da Constitución.
5. Os convenios e os acordos subscritos pola Generalitat con outras comunidades autónomas deben publicarse no *Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya*, no prazo de corenta e cinco días e dun mes, respectivamente, computable dende o día no que se asinan.

## SECCIÓN SEGUNDA

PARTICIPACIÓN EN INSTITUCIÓNS  
E EN PROCEDEMENTOS DE TOMA DE DECISIÓNS  
ESTATAISARTIGO 179. **Comparecencia de senadores ante o Parlamento**

Os senadores elixidos en Cataluña e os que representan a Generalitat no Senado poden comparecer ante o Parlamento a petición propia para informar sobre a súa actividade no Senado, nos termos que establece o Regulamento do Parlamento.



**ARTIGO 180. Designación de membros do Tribunal Constitucional e do Consello Xeral do Poder Xudicial**

A Generalitat participa nos procesos de designación de maxistrados do Tribunal Constitucional e de membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, nos termos que dispoñan as leis ou, se é o caso, o ordenamento parlamentario.

**ARTIGO 181. Participación na ordenación xeral da actividade económica**

A Generalitat participa na elaboración das decisións estatais que afectan a ordenación xeral da actividade económica, no marco do establecido no artigo 131.2 da Constitución.

**ARTIGO 182. Designación de representantes nos organismos económicos e sociais**

1. A Generalitat designa ou participa nos procesos de designación dos membros dos órganos de dirección do Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, e dos organismos que eventualmente os substitúan, e dos demais organismos estatais que exerzan funcións de autoridade reguladora sobre materias de relevancia económica e social relacionadas coas competencias da Generalitat, nos termos establecidos pola lexislación aplicable.

2. A Generalitat designa ou participa nos procesos de designación dos membros dos organismos económicos e enerxéticos, das institucións financeiras e das empresas públicas do Estado cuxa competencia se estenda ao territorio de Cataluña e que non sexan obxecto de traspaso nos termos establecidos pola lexislación aplicable.

3. A Generalitat designa ou participa nos procesos de designación dos membros do Tribunal de Contas, o Consello Económico e Social, a Axencia Tributaria, a Comisión Nacional de Enerxía, a Axencia Española de Protección de Datos, o Consello de Radio e Televisión, dos organismos que eventualmente os substitúan e dos que se creen nestes ámbitos, nos termos establecidos pola lexislación aplicable.

4. A Generalitat, se a natureza do ente o require e a súa sede principal non está en Cataluña, poderalle solicitar ao Estado a creación de delegacións territoriais dos organismos aos que se refire o punto 1.

## SECCIÓN TERCEIRA

## A COMISIÓN BILATERAL GENERALITAT-ESTADO

**ARTIGO 183. Funcións e composición da Comisión Bilateral Generalitat-Estado**

1. A Comisión Bilateral Generalitat-Estado, de acordo cos principios establecidos polos artigos 3.1 e 174, constitúe o marco xeral e permanente de relación entre os gobernos da Generalitat e o Estado para os seguintes efectos:

- a) A participación e a colaboración da Generalitat no exercicio das competencias estatais que afecten a autonomía de Cataluña.
  - b) O intercambio de información e o establecemento, cando proceda, de mecanismos de colaboración nas respectivas políticas públicas e os asuntos de interese común.
2. As funcións da Comisión Bilateral Generalitat-Estado son deliberar, facer propostas e, se procede, adoptar acordos nos casos establecidos por este estatuto e, en xeral, con relación aos seguintes ámbitos:
- a) Os proxectos de lei que inciden singularmente sobre a distribución de competencias entre o Estado e a Generalitat.
  - b) A programación da política económica xeral do Goberno do Estado en todo aquilo que afecte singularmente os intereses e as competencias da Generalitat e sobre a aplicación e o desenvolvemento desta política.
  - c) O impulso das medidas adecuadas para mellorar a colaboración entre o Estado e a Generalitat e asegurar un exercicio máis eficaz das competencias respectivas nos ámbitos de interese común.
  - d) Os conflitos competenciais formulados entre as dúas partes e a proposta, se procede, de medidas para a súa resolución.
  - e) A avaliación do funcionamento dos mecanismos de colaboración que se establecesen entre o Estado e a Generalitat e a proposta das medidas que permitan melloralo.
  - f) A proposta da relación de organismos económicos, institucións financeiras e empresas públicas do Estado nos que a Generalitat po-



de designar representantes e as modalidades e as formas desta representación.

- g) O seguimento da política europea para garantir a efectividade da participación da Generalitat nos asuntos da Unión Europea.
- h) O seguimento da acción exterior do Estado que afecte as competencias propias da Generalitat.
- i) As cuestións de interese común que establezan as leis ou que formulen as partes.

3. A Comisión Bilateral Generalitat-Estado está integrada por un número igual de representantes do Estado e da Generalitat. A súa presidencia é exercida de forma alternativa entre as dúas partes en quendas dun ano. A comisión dispón dunha secretaría permanente e pode crear as subcomisións e os comités que crea convenientes. A comisión elabora unha memoria anual, que traslada ao Goberno do Estado e ao Goberno da Generalitat e ao Parlamento.

4. A Comisión Bilateral Generalitat-Estado reúne en sesión plenaria polo menos dúas veces ao ano e sempre que o solicite unha das dúas partes.

5. A Comisión Bilateral Generalitat-Estado adopta o seu regulamento interno e de funcionamento por acordo das dúas partes.

## CAPÍTULO II

### RELACIÓNS DA GENERALITAT COA UNIÓN EUROPEA

#### ARTIGO 184. Disposición xeral

A Generalitat participa, nos termos que establecen este estatuto e a lexislación do Estado, nos asuntos relacionados coa Unión Europea que afecten as competencias ou os intereses de Cataluña.

#### ARTIGO 185. Participación nos tratados da Unión Europea

1. A Generalitat debe ser informada polo Goberno do Estado das iniciativas de revisión dos tratados da Unión Europea e dos procesos de subscripción e ratificación subseguintes. O Goberno da Generalitat e o

Parlamento deben dirixir ao Goberno do Estado e ás Cortes Xerais as observacións que consideren pertinentes para tal efecto.

2. O Goberno do Estado pode incorporar representantes da Generalitat nas delegacións españolas que participen nos procesos de revisión e negociación dos tratados orixinarios e nos de adopción de novos tratados, nas materias que afecten as competencias exclusivas da Generalitat.

#### ARTIGO 186. Participación na formación das posicións do Estado

1. A Generalitat participa na formación das posicións do Estado ante a Unión Europea, especialmente ante o Consello de Ministros, nos asuntos relativos ás competencias ou aos intereses de Cataluña, nos termos que establecen este estatuto e a lexislación sobre esta materia.

2. A Generalitat debe participar de forma bilateral na formación das posicións do Estado nos asuntos europeos que lle afectan exclusivamente. Nos demais casos, a participación realízase no marco dos procedementos multilaterais que se establezan.

3. A posición expresada pola Generalitat é determinante para a formación da posición estatal se afecta as súas competencias exclusivas e se da proposta ou iniciativa europeas se poden derivar consecuencias financeiras ou administrativas de especial relevancia para Cataluña. Nos demais casos, a dita posición debe ser oída polo Estado.

4. O Estado informará a Generalitat de forma completa e actualizada sobre as iniciativas e as propostas presentadas ante a Unión Europea. O Goberno da Generalitat e o Parlamento de Cataluña deben dirixir ao Goberno do Estado e ás Cortes Xerais, segundo proceda, as observacións e as propostas que consideren pertinentes sobre as devanditas iniciativas e propostas.

#### ARTIGO 187. Participación en institucións e organismos europeos

1. A Generalitat participa nas delegacións españolas ante a Unión Europea que traten asuntos da competencia lexislativa da propia Generalitat e, especialmente, ante o Consello de Ministros e ante os órganos consultivos e preparatorios do consello e da comisión.

2. A participación prevista no punto 1, cando se refira a competencias exclusivas da Generalitat permitirá, logo de acordo, exercer a representación e a presidencia destes órganos, de acordo coa normativa aplicable.

3. A Generalitat, de acordo co Estado, participa na designación de representantes no marco da representación permanente deste ante a Unión Europea.

4. O Parlamento pode establecer relacións co Parlamento Europeo en ámbitos de interese común.

#### **ARTIGO 188. Participación no control dos principios de subsidiariedade e de proporcionalidade**

O Parlamento participará nos procedementos de control dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade que estableza o dereito da Unión Europea en relación coas propostas legislativas europeas, cando as devanditas propostas afecten competencias da Generalitat.

#### **ARTIGO 189. Desenvolvemento e aplicación do dereito da Unión Europea**

1. A Generalitat aplica e executa o dereito da Unión Europea no ámbito das súas competencias. A existencia dunha regulación europea non modifica a distribución interna de competencias que establecen a Constitución e este estatuto.

2. Se a execución do dereito da Unión Europea require a adopción de medidas internas de alcance superior ao territorio de Cataluña que as comunidades autónomas competentes non poden adoptar mediante mecanismos de colaboración ou coordinación, o Estado debe consultar a Generalitat sobre estas circunstancias antes de que se adopten as devanditas medidas. A Generalitat debe participar nos órganos que adopten estas medidas ou, se esta participación non é posible, debe emitir un informe previo.

3. No caso de que a Unión Europea estableza unha lexislación que substitúa a normativa básica do Estado, a Generalitat pode adoptar a lexislación de desenvolvemento a partir das normas europeas.

#### **ARTIGO 190. Xestión de fondos europeos**

Correspóndelle á Generalitat a xestión dos fondos europeos en materias da súa competencia, nos termos previstos no artigo 114 e 210.

#### **ARTIGO 191. Accións ante o Tribunal de Xustiza**

1. A Generalitat ten acceso ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, nos termos que estableza a normativa europea.

2. O Goberno da Generalitat pode instar o Goberno do Estado para iniciar accións ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea en defensa dos lexítimos intereses e competencias da Generalitat. A Generalitat colabora na defensa xurídica.

3. A negativa do Goberno do Estado a exercer as accións solicitadas debe ser motivada e comunicarse inmediatamente á Generalitat.

#### **ARTIGO 192. Delegación da Generalitat ante a Unión Europea**

A Generalitat establecerá unha delegación para a mellor defensa dos seus intereses ante as institucións da Unión Europea.

### **CAPÍTULO III**

## **ACCIÓN EXTERIOR DA GENERALITAT**

#### **ARTIGO 193. Disposicións xerais**

1. A Generalitat debe impulsar a proxección de Cataluña no exterior e promover os seus intereses neste ámbito, respectando a competencia do Estado en materia de relacións exteriores.

2. A Generalitat ten capacidade para levar a cabo accións con proxección exterior que se deriven directamente das súas competencias, ben de forma directa ou a través dos órganos da Administración xeral do Estado.

**ARTIGO 194. Oficinas no exterior**

A Generalitat, para a promoción dos intereses de Cataluña, pode establecer oficinas no exterior.

**ARTIGO 195. Acordos de colaboración**

A Generalitat, para a promoción dos intereses de Cataluña, pode subscribir acordos de colaboración no ámbito das súas competencias. Para tal fin, os órganos de representación exterior do Estado prestarán o apoio necesario ás iniciativas da Generalitat.

**ARTIGO 196. Tratados e convenios internacionais**

1. O Goberno do Estado informará previamente a Generalitat dos actos de celebración daqueles tratados que afecten directa e singularmente as competencias de Cataluña. A Generalitat e o Parlamento poderán dirixir ao Goberno as observacións que consideren pertinentes.
2. Cando se trate de tratados que afecten directa e singularmente a Cataluña, a Generalitat poderá solicitar do Goberno que integre nas delegacións negociadoras representantes da Generalitat.
3. A Generalitat poderá solicitar do Goberno a celebración de tratados internacionais en materias da súa competencia.
4. A Generalitat debe adoptar as medidas necesarias para executar as obrigas derivadas dos tratados e os convenios internacionais ratificados por España ou que vinculen o Estado no ámbito das súas competencias.

**ARTIGO 197. Cooperación transfronteiriza interrexional e ao desenvolvemento**

1. A Generalitat debe promover a cooperación coas rexións europeas coas que comparte intereses económicos, sociais, ambientais e culturais, e debe establecer as relacións que correspondan.
2. A Generalitat debe promover a cooperación con outros territorios, nos termos que establece o punto 1.
3. A Generalitat debe promover programas de cooperación ao desenvolvemento.

**ARTIGO 198. Participación en organismos internacionais**

A Generalitat debe participar nos organismos internacionais competentes en materias de interese relevante para Cataluña, especialmente a Unesco e outros organismos de carácter cultural, na forma que estableza a normativa correspondente.

**ARTIGO 199. Coordinación das accións exteriores**

A Generalitat debe impulsar e coordinar, no ámbito das súas competencias, as accións exteriores dos entes locais e dos organismos e outros entes públicos de Cataluña, sen prexuízo da autonomía que teñan.

**ARTIGO 200. Proxección internacional das organizacións de Cataluña**

A Generalitat debe promover a proxección internacional das organizacións sociais, culturais e deportivas de Cataluña e, se procede, a súa afiliación ás entidades afíns de ámbito internacional, no marco do cumprimento dos seus obxectivos.

## TÍTULO VI DO FINANCIAMENTO DA GENERALITAT

### CAPÍTULO I A FACENDA DA GENERALITAT

#### ARTIGO 201. **Principios**

1. As relacións de orde tributaria e financeira entre o Estado e a Generalitat regúlanse pola Constitución, este estatuto e a lei orgánica prevista no punto terceiro do artigo 157 da Constitución.
2. O financiamento da Generalitat réxese polos principios de autonomía financeira, coordinación, solidariedade e transparencia nas relacións fiscais e financeiras entre as administracións públicas, así como polos principios de suficiencia de recursos, responsabilidade fiscal, equidade e lealdade institucional entre as mencionadas administracións.
3. O desenvolvemento deste título correspóndelle á Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat.
4. De acordo co artigo 138.2 da Constitución, o financiamento da Generalitat non debe implicar efectos discriminatorios para Cataluña respecto das restantes comunidades autónomas. Este principio deberá respectar plenamente os criterios de solidariedade enunciados no artigo 206 deste estatuto.

**ARTIGO 202. Os recursos da Generalitat**

1. A Generalitat dispón dunhas finanzas autónomas e dos recursos financeiros suficientes para facer fronte ao axeitado exercicio do seu autogoberno.
2. A Generalitat dispón de plena autonomía de gasto para poder aplicar libremente os seus recursos, de acordo coas directrices políticas e sociais determinadas polas súas institucións de autogoberno.
3. Os recursos da facenda da Generalitat están constituídos por:
  - a) Os rendementos dos seus impostos, taxas, contribucións especiais e demais tributos propios.
  - b) O rendemento dos tributos estatais cedidos, de acordo co disposto no artigo 201 deste estatuto.
  - c) As recargas sobre os tributos estatais.
  - d) Os ingresos procedentes do fondo de compensación interterritorial e doutras asignacións establecidas pola Constitución, se procede.
  - e) Outras transferencias e asignacións con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
  - f) Os ingresos pola percepción dos seus prezos públicos.
  - g) Os rendementos do patrimonio da Generalitat.
  - h) Os ingresos de dereito privado.
  - i) O produto de emisión de débeda e das operacións de crédito.
  - j) Os ingresos procedentes de multas e sancións no ámbito das súas competencias.
  - k) Os recursos procedentes da Unión Europea e de programas comunitarios.
  - l) Calquera outro recurso que poida establecerse, en virtude do disposto por este estatuto e pola Constitución.

**ARTIGO 203. Competencias financeiras**

1. A Generalitat ten capacidade para determinar o volume e a composición dos seus ingresos no ámbito das súas competencias financeiras, así como para fixar a afectación dos seus recursos ás finalidades de gasto que decida libremente.
2. A Generalitat participa no rendemento dos tributos estatais cedidos a Cataluña. Para tal efecto, estes tributos teñen a seguinte consideración:

- a) Tributos cedidos totalmente, que son aqueles que lle corresponden á Generalitat a totalidade dos rendementos e a capacidade normativa.
  - b) Tributos cedidos parcialmente, que son aqueles que lle corresponde á Generalitat unha parte dos rendementos e, se é o caso, a capacidade normativa.
3. No marco das competencias do Estado e da Unión Europea, o exercicio da capacidade normativa á que se refire o punto 2 inclúe a participación na fixación do tipo impositivo, as exencións, as reducións e as bonificacións sobre a base imponible e as deducións sobre a cota.
  4. Correspóndenlle á Generalitat a xestión, recadación, liquidación e inspección dos tributos estatais cedidos totalmente e as devanditas funcións, na medida en que se atribúan, respecto dos cedidos parcialmente, de acordo co establecido no artigo 204.
  5. A Generalitat ten competencia para establecer, mediante unha lei do Parlamento, os seus tributos propios, sobre os cales ten capacidade normativa.
  6. O exercicio da capacidade normativa no ámbito tributario, por parte da Generalitat, baséase nos principios de equidade e eficiencia. Na súa actuación tributaria, a Generalitat promove a cohesión e o benestar social, o progreso económico e a sostibilidade ambiental.

**ARTIGO 204. A Axencia Tributaria de Cataluña**

1. A xestión, recadación, liquidación e inspección de todos os tributos propios da Generalitat de Cataluña así como, por delegación do Estado, dos tributos estatais cedidos totalmente á Generalitat, correspóndelle á Axencia Tributaria de Cataluña.
2. A xestión, recadación, liquidación e inspección dos demais impostos do Estado recadados en Cataluña corresponderalle á Administración Tributaria do Estado, sen prexuízo da delegación que a Generalitat poida recibir deste e da colaboración que poida establecerse especialmente, cando así o esixa a natureza do tributo.

Para desenvolver o previsto no parágrafo anterior, constituirase, no prazo de dous anos, un consorcio ou ente equivalente no que participarán de forma paritaria a Axencia Estatal de Administración Tributa-

ria e a Axencia Tributaria de Cataluña. O consorcio poderá transformarse na Administración tributaria en Cataluña.

3. Ambas as dúas administracións tributarias establecerán os mecanismos necesarios que permitan a presentación e recepción, nas súas respectivas oficinas, de declaracións e demais documentación con transcendencia tributaria que deban producir efectos ante a outra Administración, o que facilitará o cumprimento das obrigas tributarias dos contribuíntes.

A Generalitat participará, na forma que se determine, nos entes ou organismos tributarios do Estado responsables da xestión, recadación, liquidación e inspección dos tributos estatais cedidos parcialmente.

4. A Axencia Tributaria de Cataluña debe crearse por lei do Parlamento e dispón de plena capacidade e atribucións para a organización e o exercicio das funcións ás que se refire o punto 1.

5. A Axencia Tributaria de Cataluña pode exercer por delegación dos municipios as funcións de xestión tributaria con relación aos tributos locais.

#### ARTIGO 205. Órganos económico-administrativos

A Generalitat debe asumir, por medio dos seus propios órganos económico-administrativos, a revisión pola vía administrativa das reclamacións que os contribuíntes poidan interpoñer contra os actos de xestión tributaria ditados pola Axencia Tributaria de Cataluña.

Todo iso, sen prexuízo das competencias en materia de unificación de criterio que lle corresponden á Administración xeral do Estado.

Para estes efectos, a Generalitat e a Administración xeral do Estado poderán, así mesmo, acordar os mecanismos de cooperación que sexan precisos para o axeitado exercicio das funcións de revisión en vía económico-administrativa.

#### ARTIGO 206. Participación no rendemento dos tributos estatais e mecanismos de nivelación e solidariedade

1. O nivel de recursos financeiros dos que dispoña a Generalitat para financiar os seus servizos e competencias basearase en criterios de ne-

cesidades de gasto e tendo en conta a súa capacidade fiscal, entre outros criterios. Para estes efectos, os recursos da Generalitat, entre outros, serán os derivados dos seus ingresos tributarios, axustados en máis ou menos pola súa participación nos mecanismos de nivelación e solidariedade.

2. A Generalitat participará no rendemento dos tributos estatais cedidos. A porcentaxe de participación establecerase tendo en conta os seus servizos e competencias.

3. Os recursos financeiros dos que dispoña a Generalitat poderán axustarse para que o sistema estatal de financiamento dispoña de recursos abondos para garantir a nivelación e a solidariedade ás demais comunidades autónomas, co fin de que os servizos de educación, sanidade e outros servizos sociais esenciais do Estado do benestar prestados polos diferentes gobernos autonómicos poidan alcanzar niveis similares no conxunto do Estado, sempre e cando leven a cabo un esforzo fiscal tamén similar. Na mesma forma, e se procede, a Generalitat recibirá recursos dos mecanismos de nivelación e solidariedade. Os citados niveis serán fixados polo Estado.

4. A determinación dos mecanismos de nivelación e solidariedade realizarase de acordo co principio de transparencia e o seu resultado avaliarase quincenalmente.

5. O Estado garantirá que a aplicación dos mecanismos de nivelación non altere en ningún caso a posición de Cataluña na ordenación de rendas *per capita* entre as comunidades autónomas antes da nivelación.

6. Debe terse en conta, como variable básica para determinar as necesidades de gasto ás que se refire o punto 1, a poboación, rectificadas polos custos diferenciais e por variables demográficas, en particular, por un factor de corrección que será en función da porcentaxe de poboación inmigrante. Así mesmo, deben terse en conta a densidade de poboación, a dimensión dos núcleos urbanos e a poboación en situación de exclusión social.

#### ARTIGO 207. O tratamento fiscal

A Generalitat goza do tratamento fiscal que as leis establecen para o Estado nos impostos estatais.



**ARTIGO 208. Actualización do financiamento**

1. O Estado e a Generalitat procederán á actualización quinquenal do sistema de financiamento, tendo en conta a evolución do conxunto de recursos públicos dispoñibles e das necesidades de gasto das diferentes administracións.

Esta actualización deberá efectuarse sen prexuízo do seguimento e, eventualmente, posta ao día das variables básicas utilizadas para a determinación dos recursos proporcionados polo sistema de financiamento.

2. A actualización á que fai referencia o punto 1 deberá ser aprobada pola Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat.

**ARTIGO 209. Lealdade institucional**

1. De acordo co principio de lealdade institucional, valorarase o impacto financeiro, positivo ou negativo, que as disposicións xerais aprobadas polo Estado teñan sobre a Generalitat ou as aprobadas pola Generalitat sobre o Estado, nun período de tempo determinado, en forma dunha variación das necesidades de gasto ou da capacidade fiscal, coa finalidade de establecer os mecanismos de axuste necesarios.

2. Ambas as dúas administracións facilitaranse mutuamente o acceso á información estatística e de xestión necesaria para o mellor exercicio das súas respectivas competencias, nun marco de cooperación e transparencia.

**ARTIGO 210. A Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat**

1. A Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat é o órgano bilateral de relación entre a Administración do Estado e a Generalitat, no ámbito do financiamento autonómico. Correspóndelle a concreción, a aplicación, a actualización e o seguimento do sistema de financiamento, así como a canalización do conxunto de relacións fiscais e financeiras da Generalitat e o Estado. Está integrada por un número igual de representantes do Estado e da Generalitat. A presidencia desta comisión mixta é exercida de forma rotatoria entre as dúas partes en quendas dun ano.

A comisión adopta o seu regulamento interno e de funcionamento por acordo entre as dúas delegacións. A Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat exerce as súas funcións sen prexuízo dos acordos subscritos polo Goberno de Cataluña nesta materia en institucións e organismos de carácter multilateral.

2. Correspóndelle á Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat:

- a) Acordar o alcance e as condicións da cesión de tributos de titularidade estatal e, especialmente, as porcentaxes de participación no rendemento dos tributos estatais cedidos parcialmente ao que fai referencia o artigo 206, así como a súa revisión quinquenal.
- b) Acordar a contribución á solidariedade e aos mecanismos de nivelación prevista no artigo 206.
- c) Establecer os mecanismos de colaboración entre a Administración tributaria de Cataluña e a Administración tributaria do Estado, á que se refire o artigo 204, así como os criterios de coordinación e de harmonización fiscal, de acordo coas características ou a natureza dos tributos cedidos.
- d) Negociar a porcentaxe de participación de Cataluña na distribución territorial dos fondos estruturais europeos.
- e) Aplicar os mecanismos de actualización establecidos polo artigo 208.
- f) Acordar a valoración dos traspasos de servizos do Estado á Generalitat.
- g) Establecer os mecanismos de colaboración entre a Generalitat e a Administración do Estado que sexan precisos para o axeitado exercicio das funcións de revisión en vía económico-administrativa, a que se refire o artigo 205.
- h) Acordar os mecanismos de colaboración entre a Generalitat e a Administración xeral do Estado para o exercicio das funcións en materia catastral, a que se refire o artigo 221.

3. En consonancia co establecido no artigo 209, a Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat propondrá as medidas de cooperación necesarias para garantir o equilibrio do sistema de financiamento que establece este título, cando se poida ver alterado por decisións lexislativas estatais ou da Unión Europea.

4. A parte catalá da Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais



Estado-Generalitat réndelle contas ao Parlamento sobre o cumprimento dos preceptos deste capítulo.

## CAPÍTULO II

### O ORZAMENTO DA GENERALITAT

#### ARTIGO 211. Competencias da Generalitat

A Generalitat ten competencia exclusiva para ordenar e regular a súa facenda.

#### ARTIGO 212. O orzamento da Generalitat

O orzamento da Generalitat ten carácter anual, é único e inclúe todos os gastos e todos os ingresos da Generalitat, así como os dos organismos, institucións e empresas que dependen desta. Correspóndelle ao Goberno elaborar e executar o orzamento e ao Parlamento examinalo, emendalo, aprobalo e controlalo. A lei de orzamentos non pode crear tributos, pero pode modificalos se unha lei tributaria substantiva así o establece.

#### ARTIGO 213. Recurso ao endebedamento

1. A Generalitat pode recorrer ao endebedamento e emitir débeda pública para financiar gastos de investimento, dentro dos límites que a propia Generalitat determine e respectando os principios xerais e a normativa estatal.
2. Os títulos emitidos teñen para todos os efectos a consideración de fondos públicos e gozan dos mesmos beneficios e condicións que os que emite o Estado.

#### ARTIGO 214. Estabilidade orzamentaria

Correspóndelle á Generalitat o establecemento dos límites e condicións para alcanzar os obxectivos de estabilidade orzamentaria, dentro dos principios e da normativa estatal e da Unión Europea.

#### ARTIGO 215. O patrimonio da Generalitat

1. O patrimonio da Generalitat está integrado polos bens e dereitos dos que é titular e polos que adquira por calquera título xurídico.
2. Unha lei do Parlamento debe regular a administración, defensa e conservación do patrimonio da Generalitat.

#### ARTIGO 216. Empresas públicas

A Generalitat pode constituír empresas públicas para cumprir as funcións que son da súa competencia, de acordo co establecido polas leis do Parlamento.

## CAPÍTULO III

### AS FACENDAS DOS GOBERNOS LOCAIS

#### ARTIGO 217. Principios reitores

As facendas locais réxense polos principios de suficiencia de recursos, equidade, autonomía e responsabilidade fiscal. A Generalitat vela polo cumprimento destes principios.

#### ARTIGO 218. Autonomía e competencias financeiras

1. Os gobernos locais teñen autonomía orzamentaria e de gasto na aplicación dos seus recursos, incluídas as participacións que perciban a cargo dos orzamentos doutras administracións públicas, dos cales poden dispoñer libremente no exercicio das súas competencias.
2. A Generalitat ten competencia, no marco establecido pola Constitución e pola normativa do Estado, en materia de financiamento local. Esta competencia pode incluír a capacidade lexislativa para establecer e regular os tributos propios dos gobernos locais e inclúe a capacidade para fixar os criterios de distribución das participacións a cargo do orzamento da Generalitat.
3. Os gobernos locais teñen capacidade para regular as súas propias finanzas no marco das leis. Esta capacidade inclúe a potestade de fixar a

cota ou o tipo dos tributos locais, así como as bonificacións e exencións, dentro dos límites establecidos polas leis.

4. Correspóndelles aos gobernos locais, no marco establecido pola normativa reguladora do sistema tributario local, a competencia para xestionar, recadar e inspeccionar os seus tributos, sen prexuízo de que poidan delegala á Generalitat e de que poidan participar na Axencia Tributaria de Cataluña.

5. Correspóndelle á Generalitat o exercicio da tutela financeira sobre os gobernos locais, respectando a autonomía que lles reconece a Constitución.

#### ARTIGO 219. **Suficiencia de recursos**

1. A Generalitat debe establecer un fondo de cooperación local destinado aos gobernos locais. O fondo, de carácter incondicionado, debe dotarse a partir de todos os ingresos tributarios da Generalitat e debe regularse por medio dunha lei do Parlamento.

Adicionalmente, a Generalitat pode establecer programas de colaboración financeira específica para materias concretas.

2. Os ingresos dos gobernos locais consistentes en participacións en tributos e en subvencións incondicionadas estatais son percibidos por medio da Generalitat, que os debe distribuír de acordo co disposto na Lei de facendas locais de Cataluña, cuxa aprobación requirirá unha maioría de tres quintos e respectando os criterios establecidos pola lexislación do Estado na materia. No caso das subvencións incondicionadas, estes criterios deberán permitir que o Parlamento poida incidir na distribución dos recursos, co fin de atender a singularidade do sistema institucional de Cataluña a que se refire o artigo 5 deste estatuto.

3. Garántenselles aos gobernos locais os recursos suficientes para facer fronte á prestación dos servizos cuxa titularidade ou xestión se lles traspase ou delegue. Toda nova atribución de competencias debe ir acompañada da asignación dos recursos suplementarios necesarios para financiarlas correctamente, de modo que se teña en conta o financiamento do custo total e efectivo dos servizos traspasados. O cumprimento deste principio é unha condición necesaria para que entre en vigor a transferencia ou delegación da competencia. Para tal efecto,

poden establecerse diversas formas de financiamento, incluída a participación nos recursos da facenda da Generalitat ou, se procede, do Estado.

4. A distribución de recursos procedentes de subvencións incondicionadas ou de participacións xenéricas en impostos debe levarse a cabo tendo en conta a capacidade fiscal e as necesidades de gasto dos gobernos locais e garantindo, en todo caso, a súa suficiencia.

5. A distribución dos recursos entre os gobernos locais non pode comportar en ningún caso unha minoración dos recursos obtidos por cada un destes, segundo os criterios utilizados no exercicio anterior á entrada en vigor dos preceptos deste estatuto.

#### ARTIGO 220. **Lei de facendas locais**

1. O Parlamento debe aprobar a súa propia lei de facendas locais, para desenvolver os principios e disposicións establecidos por este capítulo.

2. As facultades en materia de facendas locais que este capítulo lle atribúe á Generalitat deben exercerse con respecto á autonomía local e oído o Consello de Gobernos Locais, establecido polo artigo 85.

#### ARTIGO 221. **O catastro**

A Administración xeral do Estado e a Generalitat establecerán as canles de colaboración necesarias para asegurar a participación da Generalitat nas decisións e no intercambio de información que sexan precisos para o exercicio das súas competencias.

Así mesmo, estableceranse formas de xestión consorciada do catastro entre o Estado, a Generalitat e os municipios, de acordo co que dispoña a normativa do Estado e de tal maneira que se garanta a plena dispoñibilidade das bases de datos para todas as administracións e a unidade da información.

## TÍTULO VII DA REFORMA DO ESTATUTO

### ARTIGO 222. **A reforma dos títulos que non afectan as relacións co Estado**

1. A reforma dos títulos I e II do estatuto debe axustarse aos seguintes procedementos:
  - a) A iniciativa da reforma correspóndelle ao Parlamento de Cataluña, por proposta dunha quinta parte dos seus deputados, e ao Goberno da Generalitat. Os concellos de Cataluña poden propoñerlle ao Parlamento o exercicio da iniciativa de reforma, se así o solicita un mínimo do 20 por cento dos plenos municipais, que representen un mínimo do 20 por cento da poboación. Tamén poden propoñela 300.000 sinaturas acreditadas dos cidadáns de Cataluña con dereito a voto. O Parlamento debe regular estes dous procedementos para propoñer o exercicio da iniciativa da reforma.
  - b) A aprobación da reforma require o voto favorable das dúas terceiras partes dos membros do Parlamento, a remisión e a consulta ás Cortes Xerais, a ratificación das Cortes mediante unha lei orgánica e o referendo positivo dos electores de Cataluña.
  - c) Se no prazo de trinta días a partir da recepción da consulta establecida na letra *b* as Cortes Xerais se declaran afectadas pola reforma, esta debe seguir o procedemento establecido no artigo 223.

d) Unha vez ratificada a reforma polas Cortes Xerais, a Generalitat debe sometela a referendo.

2. Se a proposta de reforma non é aprobada polo Parlamento ou polo corpo electoral, non pode ser sometida novamente a debate e votación do Parlamento ata que transcorra un ano.

#### ARTIGO 223. A reforma do resto dos títulos

1. A reforma dos títulos do estatuto non incluídos no artigo 222 debe axustarse ao seguinte procedemento:

- a) A iniciativa de reforma correspóndelle ao Parlamento, ao Goberno da Generalitat e ás Cortes Xerais. Os concellos e os titulares do dereito de voto ao Parlamento poden propoñerlle ao Parlamento que exerza a iniciativa de reforma, nos termos establecidos polo artigo 222.1.a.
- b) A aprobación da reforma require o voto favorable das dúas terceiras partes dos membros do Parlamento, a aprobación das Cortes Xerais mediante unha lei orgánica e, finalmente, o referendo positivo dos electores.
- c) Unha vez aprobada a proposta de reforma do estatuto, o Parlamento debe enviala ao Congreso dos Deputados.
- d) A proposta de reforma pode ser sometida a un voto de ratificación do Congreso e do Senado, de acordo co procedemento que establecen os regulamentos parlamentarios respectivos. O Parlamento debe nomear unha delegación para presentar a proposta de reforma do estatuto ante o Congreso e o Senado. Se as Cortes Xerais ratifican a proposta de reforma do estatuto, considérase aprobada a lei orgánica correspondente.
- e) Se non se aplica o procedemento establecido na letra *d*, debe constituírse unha comisión mixta paritaria, formada por membros da comisión competente do Congreso dos Deputados e unha delegación do Parlamento con representación proporcional dos grupos parlamentarios, para formular de común acordo, e polo procedemento que establece o Regulamento do Congreso dos Deputados, unha proposta conxunta no prazo de dous meses.
- f) A tramitación da proposta de reforma do estatuto no Senado debe seguir un procedemento análogo ao establecido pola letra *e*, nos termos do Regulamento do Senado. Neste caso, a delegación do

Parlamento, coas correspondentes adaptacións, debe constituír, conxuntamente con membros da comisión competente do Senado, unha comisión mixta paritaria para formular de común acordo unha proposta conxunta.

- g) Se a comisión mixta paritaria non logra formular unha proposta conxunta, a proposta de reforma do estatuto debe tramitarse de acordo co procedemento ordinario establecido polos respectivos regulamentos parlamentarios.
  - h) O Parlamento, pola maioría absoluta dos seus membros, pode retirar as propostas de reforma que aprobara en calquera momento da tramitación nas Cortes Xerais, antes de que sexan aprobadas de forma definitiva. A retirada da proposta de reforma non leva consigo, en caso ningún, a aplicación do que establece o punto 2.
  - i) A aprobación da reforma polas Cortes Xerais mediante unha lei orgánica incluírá a autorización do Estado para que a Generalitat convoque, no prazo máximo de seis meses, o referendo ao que se refire a letra *b*.
2. Se a proposta de reforma non é aprobada polo Parlamento, polas Cortes Xerais ou polo corpo electoral, non pode ser sometida novamente a debate e votación do Parlamento ata que transcorra un ano.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

**Designación de senadores**

1. Correspóndelle ao Parlamento designar os senadores que representan a Generalitat no Senado, nos termos que establece unha lei aprobada pola maioría absoluta do Pleno do Parlamento, nunha votación final sobre o conxunto do texto. A designación debe realizarse cunha convocatoria específica e en proporción ao número de deputados de cada grupo parlamentario.

2. O Parlamento, mediante unha lei aprobada nunha votación final sobre o conxunto do texto por maioría absoluta, debe adecuar as normas relativas á elección dos senadores á reforma constitucional do Senado, no que corresponda.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

**Acordos co Goberno do Estado**

Se o estatuto establece que a posición do Goberno da Generalitat é determinante para conformar un acordo co Goberno do Estado e este non a acolle, o Goberno do Estado debe motivalo ante a Comisión Bilateral Generalitat-Estado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

**Investimentos en infraestruturas**

1. O investimento do Estado en Cataluña en infraestruturas, excluído o fondo de compensación interterritorial, equipararase á participación relativa do produto interior bruto de Cataluña con relación ao produto interior bruto do Estado para un período de sete anos. Os devanditos investimentos poderán tamén utilizarse para a liberación de peaxes ou para a construción de autovías alternativas.

2. Con esta finalidade constituirase unha comisión, integrada polas administracións estatal, autonómica e local.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA

**Capacidade de financiamento**

1. A Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat realizará os informes precisos para avaliar o cumprimento do disposto no artigo 201.4.

2. Os mecanismos que eventualmente deban establecerse para lle dar cumprimento ao disposto no artigo 201.4 poderán aplicarse gradualmente ata alcanzar o seu obxectivo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA

**Revisión do réxime especial de Arán**

A partir da entrada en vigor deste estatuto, no prazo de catro anos debe revisarse e modificarse o réxime especial de Arán para adaptalo, no que proceda, ao establecido por este estatuto.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA

**Administración ordinaria**

A Generalitat será Administración ordinaria do Estado en Cataluña, na medida en que lle sexan transferidas, mediante os instrumentos que corresponda, as funcións executivas que exerce a Administración do Estado a través dos seus órganos territoriais en Cataluña.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA

**Relación de tributos cedidos**

Para os efectos do que establece o artigo 203.2 no momento da entrada en vigor deste estatuto, os tributos estatais cedidos terán a seguinte consideración:

- a) Tributos estatais cedidos totalmente:
  - Imposto sobre sucesións e doazóns
  - Imposto sobre o patrimonio
  - Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados
  - Tributos sobre xogos de azar
  - Imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos

- Imposto sobre determinados medios de transporte
- Imposto sobre a electricidade
- b) Tributos estatais cedidos parcialmente:
  - Imposto sobre a renda das persoas físicas
  - Imposto sobre o valor engadido
  - Imposto sobre hidrocarburos
  - Imposto sobre os labores do tabaco
  - Imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas
  - Imposto sobre a cervexa
  - Imposto sobre o viño e bebidas fermentadas
  - Imposto sobre os produtos intermedios

O contido desta disposición poderase modificar mediante acordo do Goberno do Estado co da Generalitat, que será tramitado como proxecto de lei polo primeiro. Para estes efectos, a modificación desta disposición non se considerará modificación do estatuto.

O alcance e as condicións da cesión estableceranse pola comisión mixta á que se refire o artigo 210 que, en todo caso, o referirá a rendementos en Cataluña. O Goberno tramitará o acordo da comisión como proxecto de lei.

DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA

**Cesión do imposto sobre a renda das persoas físicas**

O primeiro proxecto de lei de cesión de impostos que se aprobe a partir da entrada en vigor do estatuto conterà, en aplicación da disposición anterior, unha porcentaxe de cesión do imposto sobre a renda das persoas físicas do 50 por cento.

Considérase producido no territorio da Comunidade Autónoma de Cataluña o rendemento cedido do imposto sobre a renda das persoas físicas que corresponda a aqueles suxeitos pasivos que teñan a súa residencia habitual nela.

Igualmente, proporase aumentar as competencias normativas da comunidade no devandito imposto.

DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA

**Cesión do imposto sobre hidrocarburos, do imposto sobre os labores do tabaco, do imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas, do imposto sobre a cervexa, do imposto sobre o viño e bebidas fermentadas e do imposto sobre produtos intermedios**

O primeiro proxecto de lei de cesión de impostos que se aprobe a partir da entrada en vigor deste estatuto conterà, en aplicación da disposición adicional sétima, unha porcentaxe de cesión do 58 por cento do rendemento dos seguintes impostos: imposto sobre hidrocarburos, imposto sobre os labores do tabaco, imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas, imposto sobre a cervexa, imposto sobre o viño e bebidas fermentadas e imposto sobre produtos intermedios. A atribución á Comunidade Autónoma de Cataluña determínase en función dos índices que en cada caso corresponde.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMA

**Cesión do imposto sobre o valor engadido**

O primeiro proxecto de lei de cesión de impostos que se aprobe a partir da entrada en vigor deste estatuto conterà, en aplicación da disposición adicional sétima, unha porcentaxe de cesión do 50 por cento do rendemento do imposto sobre o valor engadido. A atribución á Comunidade Autónoma de Cataluña determínase en función do consumo no territorio da devandita comunidade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO PRIMEIRA

**Capacidade normativa**

No marco das competencias e da normativa da Unión Europea, a Administración xeral do Estado cederá competencias normativas no imposto sobre o valor engadido nas operacións efectuadas en fase retalista cuxos destinatarios non teñan a condición de empresarios ou profesionais e na tributación na fase retalista dos produtos gravados polos impostos especiais de fabricación.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SEGUNDA

**Interpretación harmónica**

As normas da lei orgánica prevista no punto terceiro do artigo 157 da Constitución e as normas contidas neste estatuto deben interpretarse harmonicamente.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO TERCEIRA

**Fondos propios e comúns con outros territorios**

Os fondos propios de Cataluña situados no Arquivo da Coroa de Aragón e no Arquivo Real de Barcelona intégranse no sistema de arquivos de Cataluña. Para a xestión eficaz do resto de fondos comúns con outros territorios da Coroa de Aragón, a Generalitat debe colaborar co Padroado do Arquivo da Coroa de Aragón, coas demais comunidades autónomas que teñen fondos compartidos neste e co Estado, a través dos mecanismos que se establezan de mutuo acordo.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO CUARTA

**Xogos e apostas**

O previsto no artigo 141.2 non resultará de aplicación á modificación das modalidades dos xogos e apostas atribuídos, para fins sociais, ás organizacións de ámbito estatal, carácter social e sen fin de lucro, conforme ao disposto na normativa aplicable ás devanditas organizacións.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO QUINTA

**Transparencia**

O Estado, en cumprimento do principio de transparencia, publicará a liquidación provincial dos diversos programas de gasto público en Cataluña.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

**Adaptación das leis e das normas con rango de lei**

1. As leis do Parlamento e as normas con rango de lei do Goberno vixentes no momento da entrada en vigor deste estatuto que eventual-

mente poidan resultar incompatibles cos dereitos recoñecidos polo título I manteñen a súa vixencia por un prazo máximo de dous anos, no cal deben ser adaptadas á regulación establecida por este estatuto.

2. Os grupos parlamentarios, os membros do Parlamento, o Goberno e o Síndic de Greuges, no prazo establecido polo punto 1, poden solicitarlle ditame ao Consello de Garantías Estatutarias, nos termos establecidos por lei, sobre a compatibilidade co estatuto das leis do Parlamento ou das normas con rango de lei ditadas polo Goberno antes da súa entrada en vigor. O ditame non ten valor vinculante e pode facer recomendacións ao Parlamento ou ao Goberno para modificar ou derrogar as normas que considere incompatibles.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

**Vixencia de disposicións transitorias anteriores**

As disposicións transitorias terceira, cuarta e sexta da Lei orgánica 4/1979, do 18 de decembro, de estatuto de autonomía de Cataluña, manteñen, no que corresponda, a vixencia como regulación transitoria.

## DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a Lei orgánica 4/1979, do 18 de decembro, de estatuto de autonomía de Cataluña.

## DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA

**Aplicación dos preceptos do título VI**

1. A Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat debe concretar, no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor deste estatuto, a aplicación dos preceptos do título VI.

2. Os preceptos do título VI poden aplicarse de forma gradual, atendendo á súa viabilidade financeira. En todo caso, a dita aplicación debe ser plenamente efectiva no prazo de cinco anos a partir da entrada en vigor deste estatuto.



DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA

**A Axencia Tributaria de Cataluña**

A Axencia Tributaria de Cataluña, á que se refire o artigo 204, debe crearse por lei do Parlamento, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor deste estatuto.

As funcións que, en aplicación deste estatuto, lle correspondan á Axencia Tributaria de Cataluña serán exercidas, ata a súa data de constitución, polos órganos que viñesen desempeñándoas ata entón.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA TERCEIRA

**Prazo de creación da Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat**

A Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat, que establece o artigo 210, debe crearse no prazo de seis meses dende a entrada en vigor deste estatuto. Mentres non se constituía, a Comisión Mixta de Valoracións Estado-Generalitat asume as súas competencias. A constitución da Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat leva consigo a inmediata extinción da Comisión Mixta de Valoracións Estado-Generalitat.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA CUARTA

**Relación de entidades económicas e financeiras**

A Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Generalitat, no prazo de seis meses dende a entrada en vigor deste estatuto, debe determinar a relación das entidades ás que se refire o artigo 182.

Índice

7	PREÁMBULO
11	TÍTULO PRELIMINAR
17	TÍTULO I DEREITOS, DEBERES E PRINCIPIOS REITORES
17	Capítulo I. Dereitos e deberes do ámbito civil e social
22	Capítulo II. Dos dereitos no ámbito político e da Administración
24	Capítulo III. Dereitos e deberes lingüísticos
26	Capítulo IV. Garantías dos dereitos estatutarios
27	Capítulo V. Principios reitores
39	TÍTULO II DAS INSTITUCIÓNS
39	Capítulo I. O Parlamento
45	Capítulo II. O presidente ou presidenta da Generalitat
47	Capítulo III. O Goberno e a Administración da Generalitat
49	Capítulo IV. As relacións entre o Parlamento e o Goberno
50	Capítulo V. Outras institucións da Generalitat
54	Capítulo VI. O Goberno local
59	Capítulo VII. Organización institucional propia de Arán
61	TÍTULO III DO PODER XUDICIAL EN CATALUÑA
61	Capítulo I. O Tribunal Superior de Xustiza e o fiscal ou a fiscal superior de Cataluña
63	Capítulo II. O Consello de Xustiza de Cataluña
65	Capítulo III. Competencias da Generalitat sobre a Administración de xustiza

71	TÍTULO IV DAS COMPETENCIAS
71	Capítulo I. Tipoloxía das competencias
73	Capítulo II. As materias das competencias
119	TÍTULO V DAS RELACIÓNS INSTITUCIONAIS DA GENERALITAT
119	Capítulo I. Relacións da Generalitat co Estado e con outras comunidades autónomas
124	Capítulo II. Relacións da Generalitat coa Unión Europea
127	Capítulo III. Acción exterior da Generalitat
131	TÍTULO VI DO FINANCIAMENTO DA GENERALITAT
131	Capítulo I. A facenda da Generalitat
138	Capítulo II. O orzamento da Generalitat
139	Capítulo III. As facendas dos gobernos locais
143	TÍTULO VII DA REFORMA DO ESTATUTO
146	DISPOSICIÓN ADICIONAIS
150	DISPOSICIÓN TRANSITORIAS
151	DISPOSICIÓN DERROGATORIA
151	DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Biblioteca de Catalunya - Dades CIP

---

Catalunya  
[Estatut (2006). Gallec]

Estatuto de autonomía de Cataluña 2006  
I. Catalunya. Generalitat II. Títol  
1. Catalunya. Estatut (2006)  
342.4(467.1)"2006"(094)

---

Coordinación: Dirección Xeral de Difusión Corporativa  
© Antoni Tàpies, pola imaxe de portada  
Traduccións: Secretaría Xeral de Política Lingüística. Presidencia, Xunta de Galicia  
Deseño: +3  
Edición: Entidade Autónoma do Diario Oficial e de Publicacións  
Impresión e encuadernación: BIGSA Industria Gráfica

Depósito legal: B-42467-2006